



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 360
10 de abril de 2026

Fascículo 1



CSV: BOPGDSPG-396AnwDj5-7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite e publicación

I 54087 (12/PNP-003614)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas relacionadas co grao de execución do programa 451B, de acceso á vivenda

[202050](#)

I 54106 (12/PNP-003615)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa actuación medioambiental de queima prescrita no monte do concello de Bande

[202054](#)

I 54114 (12/PNP-003616)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co estado actual das infraestruturas do centro de saúde de Vedra

[202058](#)

I 54116 (12/PNP-003617)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos orzamentos do actual exercicio unha partida económica destinada á remodelación do centro de saúde de Vedra

[202062](#)

I 54138 (12/PNP-003618)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para estimular as exportacións galegas

[202066](#)

I 54144 (12/PNP-003619)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir unha transición enerxética xusta na zona das Pontes de García Rodríguez

[202071](#)



I 54152 (12/PNP-003620)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar para consolidar un sistema de atención á saúde mental adecuado ás necesidades da poboación galega

[202076](#)

I 54161 (12/PNP-003621)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia perante a situación xerada polo depósito de residuos na canteira de Miramontes, en Santiago de Compostela

[202081](#)

I 54189 (12/PNP-003622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do modelo de avaliacións de diagnóstico da comunidade educativa

[202085](#)

I 54193 (12/PNP-003623)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda de medidas á Xunta de Galicia relacionadas co desenvolvemento do novo centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

[202090](#)

I 54195 (12/PNP-003624)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos seus orzamentos unha partida específica para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

[202095](#)

I 54216 (12/PNP-003625)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo ante os problemas de insuficiencia estrutural e de sobrecarga laboral que padecen os técnicos en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE)

[202100](#)

I 54234 (12/PNP-003626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para recuperar os bancos marisqueiros afectados polos temporais de inicio do ano 2026

[202105](#)

I 54241 (12/PNP-003627)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda cirúrxicas na Área Santiaria de Santiago de Compostela e Barbanza

[202111](#)

I 54243 (12/PNP-003628)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda para realizar probas diagnósticas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

[202116](#)

I 54272 (12/PNP-003629)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe realizar para mellorar a atención e o tratamento do ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)

[202120](#)

I 54279 (12/PNP-003630)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que execute a rehabilitación integral das instalacións e dos accesos do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, en Ferrol, e acerca das medidas provisionais que o Goberno galego debe tomar para permitir o uso seguro destas instalacións en tanto non se realice a actuación mencionada

[202126](#)

I 54281 (12/PNP-003631)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que destine unha partida orzamentaria nos orzamentos do Goberno galego á rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

[202130](#)

I 54284 (12/PNP-003632)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que remita ao Parlamento, no prazo dun mes, un informe acerca do estado e das previsións de rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

[202134](#)

I 54335 (12/PNP-003633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o distrito de Valdeorras no novo concurso de transporte sanitario urxente terrestre

[202138](#)

I 54356 (12/PNP-003634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto para a execución dunha rotonda no treito da N-555 que transcorre pola Escravitude, en Padrón [202143](#)

I 54376 (12/PNP-003635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 8 máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de reforzar a competitividade e mellorar a situación do sector agrogandeiro galego [202148](#)

I 54379 (12/PNP-003636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rectifique a política de promoción turística que realiza no contexto marcado pola crise bélica en Irán [202152](#)

I 54387 (12/PNP-003637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de estender o uso da lingua galega no sector dos seguros [202156](#)

I 54393 (12/PNP-003638)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para mellorar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no CEIP Ponzos, de Ferrol [202161](#)

I 54417 (12/PNP-003639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relacionadas coa mellora e coa conservación da estrada N-525 na comarca da Limia [202166](#)

I 54420 (12/PNP-003640)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Ministerio de Transportes, á Deputación de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos para que cumpran o convenio relativo á construción da variante urbana entre a N-120 e a N-120A [202170](#)

I 54421 (12/PNP-003641)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a planificación e a xestión das axudas destinadas á prevención de incendios forestais [202173](#)



I 54430 (12/PNP-003642)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón, e da adopción de medidas provisionais de seguridade e hixiene nas súas instalacións [202179](#)

I 54432 (12/PNP-003643)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore unha partida específica nos orzamentos do presente exercicio destinada á rehabilitación do CEIP A Solaina, de Narón [202183](#)

I 54476 (12/PNP-003644)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para manter e fortalecer as confrarías de pescadores [202187](#)

I 54482 (12/PNP-003645)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Santiago de Compostela co obxecto de que acometa as actuacións necesarias de recuperación e conservación do cemiterio de Bonaval [202192](#)

I 54493 (12/PNP-003646)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de garantir os dereitos laborais do profesorado para compatibilizar as súas funcións co coidado de fillos ou fillas con enfermidades crónicas graves [202195](#)

I 54510 (12/PNP-003647)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co programa de dixitalización no ensino E-Dixgal [202199](#)

I 54546 (12/PNP-003648)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 5 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita aos grupos parlamentarios o acordo acadado coa Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco [202206](#)

I 54563 (12/PNP-003649)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Fernández González, Ariadna e Castro García, Daniel

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar respecto da atención e integración dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados chegados a Galicia [202211](#)

I 54572 (12/PNP-003650)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a transparencia e o acceso aos datos relativos á demanda de vivenda protexida [202217](#)

I 54574 (12/PNP-003651)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que remita ao Parlamento de Galicia un informe respecto da evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida [202221](#)

I 54594 (12/PNP-003652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia co obxecto de que se comprometa co impulso de determinadas instalacións en Bergondo para a práctica deportiva do remo olímpico [202225](#)

I 54604 (12/PNP-003653)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que concirne á execución das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo [202229](#)

I 54616 (12/PNP-003654)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante o atraso das obras que se están a executar no CIPF Imaxe e Son, da Coruña [202234](#)

I 54645 (12/PNP-003655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña e consolide as medidas de apoio destinadas ao impulso das agrupacións forestais de xestión conxunta [202238](#)

I 54649 (12/PNP-003656)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da consolidación e ampliación da Formación Profesional acelerada e da continuación co desenvolvemento do Plan Conecta [202243](#)



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 54088 (12/PNC-004295)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas relacionadas co grao de execución do programa 451B, de acceso á vivenda [202247](#)

I 54097 (12/PNC-004296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cubra de maneira permanente a praza vacante de médica/o no centro de saúde de Pol [202251](#)

I 54108 (12/PNC-004297)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa súa actuación medioambiental de queima prescrita no monte do concello de Bande [202255](#)

I 54115 (12/PNC-004298)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co estado actual das infraestruturas do centro de saúde de Vedra [202259](#)

I 54117 (12/PNC-004299)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos orzamentos do actual exercicio unha partida económica destinada á remodelación do centro de saúde de Vedra [202263](#)

I 54118 (12/PNC-004300)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos orzamentos do actual exercicio unha partida económica destinada á remodelación do centro de saúde de Vedra [202267](#)

I 54139 (12/PNC-004301)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para estimular as exportacións galegas [202271](#)



I 54145 (12/PNC-004302)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre determinadas actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir unha transición enerxética xusta na zona das Pontes de García Rodríguez [202276](#)

I 54153 (12/PNC-004303)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar para consolidar un sistema de atención á saúde mental adecuado ás necesidades da poboación galega [202281](#)

I 54162 (12/PNC-004304)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia perante a situación xerada polo depósito de residuos na canteira de Miramontes, en Santiago de Compostela [202286](#)

I 54164 (12/PNC-004305)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Chao Rivas, Saleta e 2 máis**

Sobre a demanda de medidas á Xunta de Galicia relacionadas co desenvolvemento do centro de saúde do Restollal, en Santiago de Compostela [202290](#)

I 54188 (12/PNC-004306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel**

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do modelo de avaliacións de diagnóstico da comunidade educativa [202294](#)

I 54194 (12/PNC-004307)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda de medidas á Xunta de Galicia relacionadas co desenvolvemento do novo centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela [202299](#)

I 54196 (12/PNC-004308)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos seus orzamentos unha partida específica para a execución do centro de saúde do Castriñeiriño, en Santiago de Compostela [202304](#)

I 54197 (12/PNC-004309)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos seus orzamentos unha partida específica para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

[202309](#)

I 54217 (12/PNC-004310)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo ante os problemas de insuficiencia estrutural e de sobrecarga laboral que padecen os técnicos en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE)

[202314](#)

I 54233 (12/PNC-004311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para recuperar os bancos marisqueiros afectados polos temporais de inicio do ano 2026

[202319](#)

I 54242 (12/PNC-004312)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda cirúrxicas na Área Santiaria de Santiago de Compostela e Barbanza

[202325](#)

I 54244 (12/PNC-004313)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda para realizar probas diagnósticas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

[202329](#)

I 54273 (12/PNC-004314)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe realizar para mellorar a atención e o tratamento do ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)

[202333](#)

I 54280 (12/PNC-004315)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que execute a rehabilitación integral das instalacións e dos accesos do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, en Ferrol, e acerca das medidas provisionais que o Goberno galego debe tomar para permitir o uso seguro destas instalacións en tanto non se realice a actuación mencionada

[202339](#)

I 54282 (12/PNC-004316)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que destine unha partida orzamentaria nos orzamentos do Goberno galego á rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol [202343](#)

I 54283 (12/PNC-004317)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que destine unha partida orzamentaria nos orzamentos do Goberno galego á rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol [202347](#)

I 54285 (12/PNC-004318)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que remita ao Parlamento, no prazo dun mes, un informe acerca do estado e das previsións de rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol [202351](#)

I 54328 (12/PNC-004319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de recuperar os bancos marisqueiros de Camariñas e mellorar as liñas de axudas ás mariscadoras [202355](#)

I 54334 (12/PNC-004320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o distrito de Valdeorras no novo concurso de transporte sanitario urxente terrestre [202360](#)

I 54354 (12/PNC-004321)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto para a execución dunha rotonda no treito da N-555 que transcorre pola Escravitude, en Padrón [202365](#)

I 54372 (12/PNC-004322)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 8 máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de reforzar a competitividade e mellorar a situación do sector agrogandeiro galego [202370](#)

I 54380 (12/PNC-004323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Taibo Corsanego, Iria



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rectifique a política de promoción turística que realiza no contexto marcado pola crise bélica en Irán [202374](#)

I 54386 (12/PNC-004324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de estender o uso da lingua galega no sector dos seguros [202378](#)

I 54394 (12/PNC-004325)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para mellorar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no CEIP Ponzos, de Ferrol [202383](#)

I 54403 (12/PNC-004326)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relacionadas coa mellora e coa conservación da estrada N-525 na comarca da Limia [202388](#)

I 54419 (12/PNC-004327)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Ministerio de Transportes, á Deputación de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos para que cumpran o convenio relativo á construción da variante urbana entre a N-120 e a N-120A [202392](#)

I 54422 (12/PNC-004328)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a planificación e a xestión das axudas destinadas á prevención de incendios forestais [202395](#)

I 54427 (12/PNC-004329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de adaptar a oferta formativa de Formación Profesional e de educación para persoas adultas ás necesidades do concello de Oleiros [202401](#)

I 54431 (12/PNC-004330)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón, e da adopción de medidas provisionais de seguridade e hixiene nas súas instalacións [202405](#)



I 54433 (12/PNC-004331)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore unha partida específica nos orzamentos do presente exercicio destinada á rehabilitación do CEIP A Solaina, de Narón [202409](#)

I 54434 (12/PNC-004332)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore unha partida específica nos orzamentos do presente exercicio destinada á rehabilitación do CEIP A Solaina, de Narón [202413](#)

I 54475 (12/PNC-004333)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para manter e fortalecer as confrarías de pescadores [202417](#)

I 54480 (12/PNC-004334)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Santiago de Compostela co obxecto de que acometa as actuacións necesarias de recuperación e conservación do cemiterio de Bonaval [202422](#)

I 54487 (12/PNC-004335)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 3 máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o aproveitamento da planta de residuos de Lousame e o mantemento dos seus postos de traballo [202425](#)

I 54494 (12/PNC-004336)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de garantir os dereitos laborais do profesorado para compatibilizar as súas funcións co coidado de fillos ou fillas con enfermidades crónicas graves [202430](#)

I 54511 (12/PNC-004337)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Bouza Manso, Aitor e 2 máis**

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co programa de dixitalización no ensino E-Dixgal [202434](#)

I 54512 (12/PNC-004338)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co programa de dixitalización no ensino E-Dixgal [202441](#)

I 54545 (12/PNC-004339)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Pérez Fernández, Rosana e 5 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita aos grupos parlamentarios o acordo acadado coa Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco [202448](#)

I 54562 (12/PNC-004340)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Fernández González, Ariadna e Castro García, Daniel

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar respecto da atención e integración dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados chegados a Galicia [202453](#)

I 54573 (12/PNC-004341)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a transparencia e o acceso aos datos relativos á demanda de vivenda protexida [202459](#)

I 54575 (12/PNC-004342)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que remita ao Parlamento de Galicia un informe respecto da evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida [202463](#)

I 54593 (12/PNC-004343)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia co obxecto de que se comprometa co impulso de determinadas instalacións en Bergondo para a práctica deportiva do remo olímpico [202467](#)

I 54598 (12/PNC-004344)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da execución das intervencións necesarias para garantir a seguridade viaria no chamado Cruce do París, en Oza Cesuras [202471](#)

I 54603 (12/PNC-004345)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

García Comesaña, Julio e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que concirne á execución das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo [202475](#)



I 54617 (12/PNC-004346)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante o atraso das obras que se están a executar no CIPF Imaxe e Son, da Coruña [202480](#)

I 54631 (12/PNC-004347)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e 2 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cubra todas as prazas de persoal médico do Centro de Saúde de Redondela [202484](#)

I 54636 (12/PNC-004348)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Iglesias, Carmela e 3 máis**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que leve a cabo as obras necesarias para o correcto illamento e a eficiencia enerxética das instalacións do Centro de Atención a Maiores Atalaia, de Vigo [202488](#)

I 54641 (12/PNC-004349)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para instale unha cuberta que permita o acceso protexido ao Centro de Saúde Figueiras, de Coirós [202492](#)

I 54646 (12/PNC-004350)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis**

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña e consolide as medidas de apoio destinadas ao impulso das agrupacións forestais de xestión conxunta [202496](#)

I 54650 (12/PNC-004351)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da consolidación e ampliación da Formación Profesional acelerada e da continuación co desenvolvemento do Plan Conecta [202501](#)

I 54651 (12/PNC-004352)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a situación das gandeiras e dos gandeiros galegos pola baixada dos prezos do leite e a suba dos custos de produción [202505](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de abril de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite e publicación

- 54087 (12/PNP-003614)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas relacionadas co grao de execución do programa 451B, de acceso á vivenda

- 54106 (12/PNP-003615)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa actuación medioambiental de queima prescrita no monte do concello de Bande

- 54114 (12/PNP-003616)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co estado actual das infraestruturas do centro de saúde de Vedra

- 54116 (12/PNP-003617)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos orzamentos do actual exercicio unha partida económica destinada á remodelación do centro de saúde de Vedra

- 54138 (12/PNP-003618)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para estimular as exportacións galegas

- 54144 (12/PNP-003619)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir unha transición enerxética xusta na zona das Pontes de García Rodríguez



- 54152 (12/PNP-003620)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar para consolidar un sistema de atención á saúde mental adecuado ás necesidades da poboación galega

- 54161 (12/PNP-003621)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia perante a situación xerada polo depósito de residuos na canteira de Miramontes, en Santiago de Compostela

- 54189 (12/PNP-003622)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do modelo de avaliacións de diagnóstico da comunidade educativa

- 54193 (12/PNP-003623)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda de medidas á Xunta de Galicia relacionadas co desenvolvemento do novo centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

- 54195 (12/PNP-003624)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos seus orzamentos unha partida específica para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

- 54216 (12/PNP-003625)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo ante os problemas de insuficiencia estrutural e de sobrecarga laboral que padecen os técnicos en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE)

- 54234 (12/PNP-003626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para recuperar os bancos marisqueiros afectados polos temporais de inicio do ano 2026

- 54241 (12/PNP-003627)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis



Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda cirúrxicas na Área Santiaria de Santiago de Compostela e Barbanza

- 54243 (12/PNP-003628)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda para realizar probas diagnósticas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

- 54272 (12/PNP-003629)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe realizar para mellorar a atención e o tratamento do ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)

- 54279 (12/PNP-003630)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que execute a rehabilitación integral das instalacións e dos accesos do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, en Ferrol, e acerca das medidas provisionais que o Goberno galego debe tomar para permitir o uso seguro destas instalacións en tanto non se realice a actuación mencionada

- 54281 (12/PNP-003631)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que destine unha partida orzamentaria nos orzamentos do Goberno galego á rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

- 54284 (12/PNP-003632)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que remita ao Parlamento, no prazo dun mes, un informe acerca do estado e das previsións de rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

- 54335 (12/PNP-003633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o distrito de Valdeorras no novo concurso de transporte sanitario urxente terrestre

- 54356 (12/PNP-003634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto para a execución dunha rotonda no treito da N-555 que transcorre pola Escravitude, en Padrón

- 54376 (12/PNP-003635)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 8 máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de reforzar a competitividade e mellorar a situación do sector agrogandeiro galego

- 54379 (12/PNP-003636)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rectifique a política de promoción turística que realiza no contexto marcado pola crise bélica en Irán

- 54387 (12/PNP-003637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de estender o uso da lingua galega no sector dos seguros

- 54393 (12/PNP-003638)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para mellorar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no CEIP Ponzos, de Ferrol

- 54417 (12/PNP-003639)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 9 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relacionadas coa mellora e coa conservación da estrada N-525 na comarca da Limia

- 54420 (12/PNP-003640)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Ministerio de Transportes, á Deputación de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos para que cumpran o convenio relativo á construción da variante urbana entre a N-120 e a N-120A

- 54421 (12/PNP-003641)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a planificación e a xestión das axudas destinadas á prevención de incendios forestais



- 54430 (12/PNP-003642)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón, e da adopción de medidas provisionais de seguridade e hixiene nas súas instalacións

- 54432 (12/PNP-003643)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore unha partida específica nos orzamentos do presente exercicio destinada á rehabilitación do CEIP A Solaina, de Narón

- 54476 (12/PNP-003644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para manter e fortalecer as confrarías de pescadores

- 54482 (12/PNP-003645)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Santiago de Compostela co obxecto de que acometa as actuacións necesarias de recuperación e conservación do cemiterio de Bonaval

- 54493 (12/PNP-003646)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de garantir os dereitos laborais do profesorado para compatibilizar as súas funcións co coidado de fillos ou fillas con enfermidades crónicas graves

- 54510 (12/PNP-003647)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co programa de dixitalización no ensino E-Dixgal

- 54546 (12/PNP-003648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 5 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita aos grupos parlamentarios o acordo acadado coa Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco

- 54563 (12/PNP-003649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e Castro García, Daniel

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar respecto da atención e integración dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados chegados a Galicia

- 54572 (12/PNP-003650)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a transparencia e o acceso aos datos relativos á demanda de vivenda protexida

- 54574 (12/PNP-003651)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que remita ao Parlamento de Galicia un informe respecto da evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida

- 54594 (12/PNP-003652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia co obxecto de que se comprometa co impulso de determinadas instalacións en Bergondo para a práctica deportiva do remo olímpico

- 54604 (12/PNP-003653)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que concirne á execución das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo

- 54616 (12/PNP-003654)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante o atraso das obras que se están a executar no CIPF Imaxe e Son, da Coruña

- 54645 (12/PNP-003655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña e consolide as medidas de apoio destinadas ao impulso das agrupacións forestais de xestión conxunta

- 54649 (12/PNP-003656)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da consolidación e ampliación da Formación Profesional acelerada e da continuación co desenvolvemento do Plan Conecta



1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 54088 (12/PNC-004295)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas relacionadas co grao de execución do programa 451B, de acceso á vivenda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54097 (12/PNC-004296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cubra de maneira permanente a praza vacante de médica/o no centro de saúde de Pol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54108 (12/PNC-004297)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as accións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa súa actuación medioambiental de queima prescrita no monte do concello de Bande

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54115 (12/PNC-004298)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación co estado actual das infraestruturas do centro de saúde de Vedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54117 (12/PNC-004299)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos orzamentos do actual exercicio unha partida económica destinada á remodelación do centro de saúde de Vedra

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54118 (12/PNC-004300)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos orzamentos do actual exercicio unha partida económica destinada á remodelación do centro de saúde de Vedra

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 54139 (12/PNC-004301)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia para estimular as exportacións galegas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54145 (12/PNC-004302)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre determindas actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para garantir unha transición enerxética xusta na zona das Pontes de García Rodríguez

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54153 (12/PNC-004303)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre determinadas medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar para consolidar un sistema de atención á saúde mental adecuado ás necesidades da poboación galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54162 (12/PNC-004304)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia perante a situación xerada polo depósito de residuos na canteira de Miramontes, en Santiago de Compostela

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54164 (12/PNC-004305)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e 2 máis

Sobre a demanda de medidas á Xunta de Galicia relacionadas co desenvolvemento do centro de saúde do Restollal, en Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54188 (12/PNC-004306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Castro García, Daniel

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia respecto do modelo de avaliacións de diagnóstico da comunidade educativa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54194 (12/PNC-004307)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis



Sobre a demanda de medidas á Xunta de Galicia relacionadas co desenvolvemento do novo centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54196 (12/PNC-004308)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos seus orzamentos unha partida específica para a execución do centro de saúde do Castriñeiriño, en Santiago de Compostela

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54197 (12/PNC-004309)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore nos seus orzamentos unha partida específica para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño, en Santiago de Compostela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54217 (12/PNC-004310)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo ante os problemas de insuficiencia estrutural e de sobrecarga laboral que padecen os técnicos en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE)

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54233 (12/PNC-004311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar para recuperar os bancos marisqueiros afectados polos temporais de inicio do ano 2026

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54242 (12/PNC-004312)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda cirúrxicas na Área Santiaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54244 (12/PNC-004313)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que poña en marcha un plan específico de redución das listas de agarda para realizar probas diagnósticas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 54273 (12/PNC-004314)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe realizar para mellorar a atención e o tratamento do ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO)

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54280 (12/PNC-004315)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que execute a rehabilitación integral das instalacións e dos accesos do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, en Ferrol, e acerca das medidas provisionais que o Goberno galego debe tomar para permitir o uso seguro destas instalacións en tanto non se realice a actuación mencionada

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54282 (12/PNC-004316)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que destine unha partida orzamentaria nos orzamentos do Goberno galego á rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54283 (12/PNC-004317)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que destine unha partida orzamentaria nos orzamentos do Goberno galego á rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54285 (12/PNC-004318)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que remita ao Parlamento, no prazo dun mes, un informe acerca do estado e das previsións de rehabilitación integral do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, localizado no concello de Ferrol

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54328 (12/PNC-004319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Pérez Fernández, Rosana

Sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta de Galicia co obxecto de recuperar os bancos marisqueiros de Camariñas e mellorar as liñas de axudas ás mariscadoras

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 54334 (12/PNC-004320)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da inclusión dunha ambulancia de soporte vital avanzado para o distrito de Valdeorras no novo concurso de transporte sanitario urxente terrestre

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54354 (12/PNC-004321)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto para a execución dunha rotonda no treito da N-555 que transcorre pola Escravitude, en Padrón

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54372 (12/PNC-004322)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 8 máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de reforzar a competitividade e mellorar a situación do sector agrogandeiro galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54380 (12/PNC-004323)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Chao Rivas, Saleta e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que rectifique a política de promoción turística que realiza no contexto marcado pola crise bélica en Irán

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 54386 (12/PNC-004324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre diversas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co obxectivo de estender o uso da lingua galega no sector dos seguros

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54394 (12/PNC-004325)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar para mellorar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no CEIP Ponzos, de Ferrol

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54403 (12/PNC-004326)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 9 máis



Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central relacionadas coa mellora e coa conservación da estrada N-525 na comarca da Limia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54419 (12/PNC-004327)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta debe dirixir ao Ministerio de Transportes, á Deputación de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos para que cumpran o convenio relativo á construción da variante urbana entre a N-120 e a N-120A

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54422 (12/PNC-004328)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre determinadas medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a planificación e a xestión das axudas destinadas á prevención de incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54427 (12/PNC-004329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co fin de adaptar a oferta formativa de Formación Profesional e de educación para persoas adultas ás necesidades do concello de Oleiros

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54431 (12/PNC-004330)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da rehabilitación integral do CEIP A Solaina, de Narón, e da adopción de medidas provisionais de seguridade e hixiene nas súas instalacións

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54433 (12/PNC-004331)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore unha partida específica nos orzamentos do presente exercicio destinada á rehabilitación do CEIP A Solaina, de Narón

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54434 (12/PNC-004332)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que incorpore unha partida específica nos orzamentos do presente exercicio destinada á rehabilitación do CEIP A Solaina, de Narón

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 54475 (12/PNC-004333)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia para manter e fortalecer as confrarías de pescadores

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54480 (12/PNC-004334)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Santiago de Compostela co obxecto de que acometa as actuacións necesarias de recuperación e conservación do cemiterio de Bonaval

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54487 (12/PNC-004335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir o aproveitamento da planta de residuos de Lousame e o mantemento dos seus postos de traballo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54494 (12/PNC-004336)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de garantir os dereitos laborais do profesorado para compatibilizar as súas funcións co coidado de fillos ou fillas con enfermidades crónicas graves

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54511 (12/PNC-004337)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co programa de dixitalización no ensino E-Dixgal

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 54512 (12/PNC-004338)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre diversas medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar en relación co programa de dixitalización no ensino E-Dixgal

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54545 (12/PNC-004339)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 5 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que remita aos grupos parlamentarios o acordo acadado coa Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 54562 (12/PNC-004340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Castro García, Daniel

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe tomar respecto da atención e integración dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados chegados a Galicia

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54573 (12/PNC-004341)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para mellorar a transparencia e o acceso aos datos relativos á demanda de vivenda protexida

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54575 (12/PNC-004342)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e López Font, Carlos

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que remita ao Parlamento de Galicia un informe respecto da evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54593 (12/PNC-004343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia co obxecto de que se comprometa co impulso de determinadas instalacións en Bergondo para a práctica deportiva do remo olímpico

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 54598 (12/PNC-004344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da execución das intervencións necesarias para garantir a seguridade viaria no chamado Cruce do París, en Oza Cesuras

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 54603 (12/PNC-004345)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Comesaña, Julio e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que concirne á execución das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 54617 (12/PNC-004346)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia ante o atraso das obras que se están a executar no CIPF Imaxe e Son, da Coruña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54631 (12/PNC-004347)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que cubra todas as prazas de persoal médico do Centro de Saúde de Redondela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54636 (12/PNC-004348)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, Carmela e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que leve a cabo as obras necesarias para o correcto illamento e a eficiencia enerxética das instalacións do Centro de Atención a Maiores Atalaia, de Vigo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54641 (12/PNC-004349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para instale unha cuberta que permita o acceso protexido ao Centro de Saúde Figueiras, de Coirós

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 54646 (12/PNC-004350)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que manteña e consolide as medidas de apoio destinadas ao impulso das agrupacións forestais de xestión conxunta

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 54650 (12/PNC-004351)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da consolidación e ampliación da Formación Profesional acelerada e da continuación co desenvolvemento do Plan Conecta

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 54651 (12/PNC-004352)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia ante a situación das gandeiras e dos gandeiros galegos pola baixada dos prezos do leite e a suba dos custos de produción

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade de garantir políticas activas que faciliten este dereito, mais os datos oficiais amosan unha realidade preocupante.

Ao peche do ano 2025, o grao de execución orzamentaria do programa 451B “Acceso á vivenda” foi tan só do 53,9%, unha cifra que evidencia a parálise e a incapacidade do Goberno galego para transformar en feitos reais os compromisos que anuncia en materia de vivenda.

Este nivel de execución resulta absolutamente insuficiente para dar resposta ás necesidades actuais, sobre todo nun contexto de encarecemento dos prezos da vivenda, dificultades de acceso ao alugueiro e carencia de vivenda pública dispoñible.

A cidadanía non pode esperar a que a Xunta xestione con máis dilixencia. É urxente que se poñan en marcha as medidas comprometidas, garantindo que os recursos orzamentarios chegan de forma efectiva ás persoas que precisan dunha vivenda digna.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para incrementar o grao de execución do programa 451B “Acceso á vivenda”, garantindo que os recursos orzamentarios cheguen á cidadanía no presente exercicio.
2. Presentar perante o Parlamento, no prazo máximo de un mes, un plan detallado no que se concreten as actuacións que se van desenvolver no marco deste programa ata o remate do ano 2026, con prazos, obxectivos e indicadores de seguimento.

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/03/2026 22:38:03

Carlos López Font na data 26/03/2026 22:38:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/03/2026 22:38:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54087
Data envío: 26/03/2026 22:41:53.509

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 22:41:55

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

O que pasou no concello de Bande na provincia de Ourense non é un feito menor. Falamos dunha intervención realizada pola propia Xunta de Galicia que, segundo denuncian colectivos ecoloxistas e veciñanza da zona, acabou arrasando arredor de 35 hectáreas de monte, incluíndo vexetación arbórea e especies autóctonas, nun momento especialmente sensible desde o punto de vista ambiental.

Falamos, ademais, dunha actuación nunha zona de alto valor ecolóxico, con presenza de avifauna e catalogada como ZEPA.

Pero hai algo que fai esta situación aínda máis preocupante.

Porque esta queima se produce —segundo a información coñecida— no mesmo día no que a propia Xunta decide prohibir as queimas por razóns meteorolóxicas.

E iso obriga a facer unha pregunta moi clara: hai unha normativa para a cidadanía e outra distinta para a propia administración?



Se a isto lle engadimos que, segundo se denuncia, o operativo chegou a perder o control do lume e tivo que ser necesario mobilizar medios de extinción, o que temos enriba da mesa deixa de ser unha actuación preventiva para se converter nun problema serio de xestión.

E hai outro elemento que non podemos ignorar. Porque tamén se apunta a que esta decisión se adoptou, presuntamente, en contra do criterio dos técnicos forestais sobre o terreo. E isto, de se confirmar, sería especialmente grave.

Porque cando se ignoran os criterios técnicos, o que se está poñendo en risco non é só o monte, é tamén a seguridade, o medio ambiente e a credibilidade das políticas públicas.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir un expediente informativo que permita coñecer con detalle o acontecido, depurar responsabilidades e aclarar se actuou conforme á normativa. Dando conta do seu resultado o Parlamento de Galicia.
2. Garantir que se respecten as condicións meteorolóxicas e as prohibicións vixentes.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2026





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/03/2026 13:47:03

Lara Méndez López na data 27/03/2026 13:47:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 13:47:20





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 13:48:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Texto da A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde de Vedra presta servizo a unha poboación que ten experimentado cambios demográficos e necesidades asistenciais crecentes nos últimos anos, o que fai necesaria unha actualización e mellora das súas infraestruturas para garantir unha atención sanitaria adecuada. A planificación e execución de investimentos en atención primaria constitúe unha prioridade estratéxica para reforzar o sistema sanitario e achegar os servizos públicos á cidadanía no territorio.

En febreiro de 2025, o conselleiro de sanidade anunciou a remodelación do Centro de Saúde de Vedra como paso previo á súa ampliación, xerando expectativas lexítimas entre a veciñanza e os profesionais sanitarios sobre a

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



mellora das condicións asistenciais e laborais neste equipamento sanitario. Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, non se teñen iniciado as actuacións comprometidas nin consta unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 destinada a esta intervención.

Esta situación evidencia unha falta de planificación efectiva e de compromiso real coa atención primaria no ámbito rural, o que pode derivar nun deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias e nunha merma da calidade asistencial para a poboación do concello de Vedra.

Resulta imprescindible, polo tanto, garantir a execución inmediata desta actuación e dotala dunha consignación orzamentaria suficiente e específica que permita a súa materialización no menor prazo posible, co fin de responder ás necesidades asistenciais presentes e futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata a remodelación comprometida do Centro de Saúde de Vedra, garantindo que as actuacións previstas respondan ás necesidades asistenciais actuais e futuras da poboación.
2. Elaborar e presentar perante este Parlamento, no prazo dun mes, un calendario detallado de planificación, licitación e execución das obras de remodelación e ampliación do Centro de Saúde de Vedra.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 16:33:16

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 16:33:23

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2026 16:33:29

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 16:33:36



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 16:44:00
Nº Rexistro: 54114
Data envío: 27/03/2026 16:44:00.864

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 16:44:01

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Texto da A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde de Vedra presta servizo a unha poboación que ten experimentado cambios demográficos e necesidades asistenciais crecentes nos últimos anos, o que fai necesaria unha actualización e mellora das súas infraestruturas para garantir unha atención sanitaria adecuada. A planificación e execución de investimentos en atención primaria constitúe unha prioridade estratéxica para reforzar o sistema sanitario e achegar os servizos públicos á cidadanía no territorio.

En febreiro de 2025, o conselleiro de sanidade anunciou a remodelación do Centro de Saúde de Vedra como paso previo á súa ampliación, xerando expectativas lexítimas entre a veciñanza e os profesionais sanitarios sobre a

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



mellora das condicións asistenciais e laborais neste equipamento sanitario. Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, non se teñen iniciado as actuacións comprometidas nin consta unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 destinada a esta intervención.

Esta situación evidencia unha falta de planificación efectiva e de compromiso real coa atención primaria no ámbito rural, o que pode derivar nun deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias e nunha merma da calidade asistencial para a poboación do concello de Vedra.

Resulta imprescindible, polo tanto, garantir a execución inmediata desta actuación e dotala dunha consignación orzamentaria suficiente e específica que permita a súa materialización no menor prazo posible, co fin de responder ás necesidades asistenciais presentes e futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida orzamentaria específica e suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución da remodelación do Centro de Saúde de Vedra.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 16:33:44

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 16:33:51

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2026 16:33:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 16:34:04





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 16:44:48



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística amosan unha evolución preocupante do comercio exterior galego. En concreto, as exportacións de Galicia rexistraron unha caída do 6,3% no mes de xaneiro de 2026 en comparación co mesmo mes do ano anterior.

Esta diminución non é homoxénea, senón que afecta de maneira especialmente intensa a determinados mercados e sectores estratéxicos.

Destaca a forte caída das exportacións cara a Estados Unidos, cun descenso do 41,8%, así como retrocesos relevantes nas vendas á Unión Europea, que concentra máis do 70% do total exportador galego. Entre os sectores máis afectados atópanse a automoción e a maquinaria, piares fundamentais do tecido industrial galego.

Ao mesmo tempo, esta situación prodúcese nun contexto internacional marcado pola incerteza comercial, conflitos xeopolíticos e cambios nas políticas arancelarias, que están a afectar directamente á competitividade das empresas galegas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Cómpre lembrar que a internacionalización é un dos piares básicos da economía galega, tanto polo seu impacto no crecemento como pola súa contribución á competitividade empresarial. O propio Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) ten como obxectivo facilitar a presenza das empresas galegas nos mercados exteriores e apoiar a súa expansión internacional mediante programas específicos de axudas.

Porén, a actual caída das exportacións evidencia a necesidade de reforzar e adaptar estas políticas públicas, especialmente para apoiar aos sectores máis afectados e diversificar mercados.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Diseñar e executar un Plan de resposta específico para o impulso das exportacións galegas, dirixido a aprobar instrumentos específicos de apoio financeiro ás pemes, microempresas exportadoras galegas especialmente aos sectores máis afectados pola caída das vendas exteriores (automoción, maquinaria, entre outros), que son os máis afectados pola política arancelaria do presidente de EEUU, e polo contexto xeopolítico actual ante a guerra ilegal en Oriente Medio.
2. Promover a diversificación xeográfica das exportacións galegas, reforzando a presenza en mercados emerxentes (Asia, Oriente Medio, América Latina), reducindo a dependencia dos mercados tradicionais.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





3. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación continua do impacto das políticas públicas de internacionalización, garantindo a súa eficacia e adaptación á evolución do contexto internacional.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2026 17:54:14

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 17:54:20

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 17:54:26



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 17:54:50
Nº Rexistro: 54138
Data envío: 27/03/2026 17:54:50.750

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 17:54:52

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O peche das centrais térmicas de carbón en Galicia, singularmente nas Pontes e en Meirama, supuxo un impacto económico, laboral e social de gran relevancia, que require respostas públicas coordinadas orientadas á reactivación industrial e á creación de emprego de calidade.

Neste contexto, os nós de transición xusta configúranse como un instrumento clave para canalizar nova capacidade de acceso á rede eléctrica cara proxectos industriais e enerxéticos sostibles, permitindo transformar os territorios afectados en polos de desenvolvemento económico.

O Goberno de España avanzou de forma significativa neste ámbito, incorporando á planificación eléctrica 2021-2026 a construción da subestación eléctrica de Maciñeira 400 kV, infraestrutura esencial para habilitar nova capacidade de evacuación na zona das Pontes. A día de hoxe, esta infraestrutura atópase nun estado moi avanzado de tramitación administrativa, tras a solicitude, con data 9 de marzo de 2026, da autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, da autorización administrativa de construción e da declaración de impacto ambiental.





Así mesmo, a planificación eléctrica 2026-2030, actualmente en tramitación, continúa reforzando o papel estratéxico das infraestruturas de transporte eléctrico en Galicia, consolidando a aposta polas zonas de transición xusta como ámbitos prioritarios para o desenvolvemento industrial.

Neste sentido, resulta especialmente relevante o reforzo da rede de transporte eléctrico en Galicia impulsado polo Goberno de España mediante investimento público, co obxectivo de garantir a capacidade necesaria para dar saída aos proxectos industriais e enerxéticos asociados ás zonas de transición xusta afectadas polo peche das centrais térmicas nas Pontes e en Meirama.

No ámbito normativo, atópase en tramitación no Congreso dos Deputados/as, unha modificación legal- por iniciativa do partido Socialista- que permitirá habilitar ao Consello de Ministros para declarar nós de transición xusta adicionais, requisito imprescindible para avanzar na declaración do nó da Subestación de Maciñeira como de transición xusta.

No caso das Pontes, o Goberno de España xa definiu unha capacidade estimada de 1.708 MW para o futuro concurso do nó de transición xusta, superior á da antiga central térmica, orientada a proxectos industriais, enerxéticos e de autoconsumo que prioricen o impacto socioeconómico, a creación de emprego e a sustentabilidade ambiental.

Neste escenario, resulta imprescindible acadar unha posición común de país polos tres grupos representados no Parlamento galego que permita avanzar con axilidade na habilitación legal, na declaración do nó de transición xusta e na convocatoria do correspondente concurso, garantindo que Galicia aproveite plenamente esta oportunidade estratéxica.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que no exercicio das súas competencias en política industrial, promova, impulse e apoie proxectos industriais sostibles nas zonas de transición xusta de Galicia, orientados á creación de emprego e á reactivación económica.
2. Manifestar publicamente o seu apoio a habilitación legal que permite que o Consello de Ministros declarar formalmente a subestación eléctrica de Maciñeira de 400 kV, en estado avanzado de tramitación administrativa para a súa construción, como nó de transición xusta para a zona de As Pontes.
3. Colaborar co Goberno de España para que unha vez se declare a subestación da Maciñeira do nó de transición xusta de As Pontes, se proceda de forma urxente e prioritaria a convocar concurso de capacidade, co obxectivo de facilitar a implantación de proxectos industriais e garantir emprego de calidade na zona.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2026 18:15:38

Lara Méndez López na data 27/03/2026 18:15:46

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 18:15:52

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 18:15:59



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 18:18:18
Nº Rexistro: 54144
Data envío: 27/03/2026 18:18:18.472

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 18:18:20

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A saúde mental constitúe na actualidade un dos principais retos para os sistemas públicos de saúde, sendo recoñecida pola Organización Mundial da Saúde como unha parte esencial do benestar integral das persoas. A día de hoxe, os trastornos de saúde mental non deben ser entendidos unicamente desde unha perspectiva individual ou clínica, senón tamén como fenómenos complexos nos que interveñen factores sociais, económicos, laborais e culturais.

En termos sanitarios, a saúde mental abrangue un conxunto amplo de condicións, entre as que se inclúen trastornos como a depresión, a ansiedade, os trastornos de conduta, os trastornos psicóticos ou as adiccións. Estas enfermidades representan unha das principais causas de discapacidade a nivel mundial, e por suposto a nivel galego, e teñen un impacto directo tanto na calidade de vida das persoas como na cohesión social e no desenvolvemento económico.

Nos últimos anos, especialmente tras a pandemia da COVID-19, produciuse un incremento significativo da demanda de atención en saúde mental, afectando de maneira especial á poboación moza, ás persoas maiores e aos colectivos en situación de vulnerabilidade.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





No caso de Galicia, diversos informes e estudos poñen de manifesto que a comunidade autónoma presenta unha situación preocupante en relación cos recursos dispoñibles en saúde mental, especialmente no que respecta aos ratios de profesionais por habitante. Galicia sitúase por debaixo da media estatal en número de psiquiatras clínicos, psicólogos clínicos e persoal de enfermaría especializada en saúde mental por cada 100.000 habitantes, o que repercute directamente nos tempos de espera, na accesibilidade aos servizos e na calidade da atención prestada.

Ademais, existen importantes desigualdades territoriais no acceso aos recursos, con especial incidencia nas áreas rurais, onde a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación dificultan unha atención adecuada e continuada.

Esta realidade evidencia a necesidade de reforzar o sistema público de saúde mental en Galicia mediante unha planificación estratéxica, o incremento de recursos humanos e materiais, e a implementación de políticas públicas integrais orientadas á prevención, á detección temperá e á atención comunitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar no prazo dun mes de como está a elaboración do novo plan estratéxico de saúde mental.
2. Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario de saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais ata equiparar o volume de profesionais de saúde

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



- mental no Sergas coa media estatal en todas as categorías de maneira efectiva.
3. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria.
 4. Mellorar a coordinación entre os distintos niveis asistenciais e entre os servizos sanitarios e sociais, co fin de garantir unha atención integral e continuada ás persoas con trastornos de saúde mental.
 5. Reducir os tempos de espera para a atención en saúde mental, tanto para a primeira vez como para as consultas sucesivas, garantindo o acceso equitativo aos servizos en todo o territorio.
 6. Desenvolver campañas de sensibilización e loita contra o estigma asociado ás enfermidades mentais, promovendo unha visión integradora e baseada en dereitos.
 7. Presentar unha avaliación de maneira periódica os indicadores de saúde mental en Galicia, incluíndo ratios de profesionais, tempos de espera e resultados en saúde, co obxectivo de garantir a transparencia e a mellora continua do sistema.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 10:26:17

Silvia Longueira Castro na data 30/03/2026 10:26:24

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 10:26:31



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 10:28:25
Nº Rexistro: 54152
Data envío: 30/03/2026 10:28:25.652

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 10:28:26

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A recente sentenza firme da Audiencia Provincial da Coruña que confirma a existencia dun delito ambiental vinculado á xestión dos residuos depositados na canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela, supón un feito de extraordinaria gravidade ambiental, social e política. Esta resolución xudicial acredita que durante anos se produciron prácticas contrarias á legalidade e lesivas para o medio ambiente, xerando unha situación de risco e inseguridade para a poboación da contorna.

Esta realidade non pode analizarse unicamente desde a perspectiva penal ou empresarial, senón que obriga a avaliar tamén a actuación das administracións públicas competentes. A inacción, a falta de control efectivo e a posible negligencia na supervisión desta actividade por parte da Xunta de Galicia contribuíron a que se consolidase unha situación que agora foi cualificada xudicialmente como delito ambiental.

A xestión deste caso evidencia deficiencias graves na política de control ambiental do Goberno galego, así como unha preocupante falta de resposta ás reiteradas demandas das veciñas e veciños afectados, que levan anos reclamando solucións, a retirada dos residuos e a restauración ambiental da

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



zona. Nun contexto de emerxencia climática e de crecente esixencia cidadá en materia de protección ambiental, resulta imprescindible asumir responsabilidades políticas polos feitos acontecidos e garantir que non se repitan situacións similares.

A confianza da cidadanía nas institucións require transparencia, rendición de contas e a adopción de medidas decididas para reparar os danos causados. Por iso, resulta necesario esclarecer non só as responsabilidades xurídicas xa determinadas polos tribunais, senón tamén as responsabilidades políticas derivadas da actuación ou falta de actuación do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar de maneira inmediata e integral o impacto ambiental xerado polos residuos depositados na canteira de Miramontes e impulsar as actuacións necesarias para a súa retirada e a restauración ambiental completa da zona afectada, atendendo ás demandas da veciñanza.
2. Elaborar e executar un plan específico de reparación ambiental da contorna afectada, con participación da administración local e da veciñanza.
3. Impulsar as medidas necesarias para garantir a restauración ambiental das zonas afectadas e a reparación dos danos causados.
4. Depurar as responsabilidades políticas que correspondan derivadas da inacción, falta de control ou negligencia na actuación da Administración autonómica en relación coa xestión desta situación.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 10:54:39

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 10:54:47

Carlos López Font na data 30/03/2026 10:54:53,30/03/2026 10:54:59



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 11:00:25
Nº Rexistro: 54161
Data envío: 30/03/2026 11:00:25.625

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 11:00:26

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 30/03/2026 12:16:20

Nº Rexistro: 54189

Data envío: 30/03/2026 12:16:20.495

Asinado o día 30/03/26
12:15
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o que supoñen as avaliacións de diagnóstico para a comunidade educativa e, en concreto, para o profesorado nos centros educativos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de marzo era publicada no DOG a Resolución do 13 de marzo de 2026, da Consellería de Educación, pola que se regulan as probas de diagnóstico do curso escolar 2025/26 na Galiza.

Estas probas, que son realizadas cada dous anos nos niveis de 4º de primaria e 2º ESO, teñen carácter externo estandarizado que non se adapta ao contexto do alumnado, nin se materializan en medidas que melloren a calidade do ensino público.

Estas probas veñen desenvolvéndose desde o curso 2023/2024 e son de carácter obrigatorio para comprobar o grao de dominio da competencia lingüística nas linguas cooficiais e matemática. Porén, a Consellaría de Educación sempre incorporou unha proba de inglés tanto en primaria como en secundaria e incluíu a maiores Ciencias Naturais e Ciencias Sociais en 4º de Primaria e Xeografía e Historia, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía en 2º da ESO, indo máis aló da normativa estatal. Nesta edición hai un cambio substancial, xa que a duración das mesmas pasase de tres días a unha semana. Aínda que a Consellería pretenda vender que deste xeito continúase coa

Asinado o día 30/03/2026 ás
12:14
Por Daniel Castro García

Asinado o día 30/03/2026 ás
12:14
Por Cristina Fernández Davila





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:16:20
Nº Rexistro: 54189

Data envío: 30/03/2026 12:16:20.495

actividade lectiva normalizada, a realidade é que se paraliza debido ao trastorno que ocasiona a implementación da proba, prolongando tamén a ansiedade do alumnado.

Para a realización destas probas é o propio profesorado dos centros quen asume a aplicación e corrección das probas sen redución do seu horario lectivo, nin aportación de maiores recursos persoais, o que supón engadir unha nova función á sobrecarga de traballo evidente que teñen na actualidade, tan só compensada cun recoñecemento de 20 h de formación, o que se trata dunha medida insuficiente e inapropiada que desvirtúa o propio concepto da formación permanente do profesorado.

A realización destas probas coincide cun período de intensa carga lectiva para o alumnado, na última e máis curta avaliación, e de elevada carga de traballo docente, sobre todo na ESO, producindo que a sobrecarga sexa maior.

Ademais, malia ter carácter voluntario para o alumnado, é un requisito imprescindible para poder optar ao Plan PROA+ ter realizado as probas o 40% do alumnado do centro educativo que o solicita. Este reforzo educativo, necesario para a atención á diversidade na inmensa maioría dos centros galegos, nin é suficiente, nin debe substituír á obriga que ten a Consellería de aportar os apoios precisos en base aos informes individualizados médicos, do departamento de orientación ou dos EOE provinciais.

Por outra parte, unha das melloras que anuncia a Consellería para a realización das probas neste curso é que pretende que sexan integramente dixitais. Esta cuestión está sendo cuestionada polo profesorado de primaria dado que en 4º o alumnado aínda non está familiarizado con este tipo de aplicacións e reduce considerabelmente a capacidade de análise e resposta ante as probas propostas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:16:20
Nº Rexistro: 54189
Data envío: 30/03/2026 12:16:20.495

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Revisar o modelo das probas externas de avaliación de diagnóstico para que teñan utilidade pedagóxica, valorando, como indica a normativa actual sobre diversidade, os informes individualizados médicos, de orientación ou dos EOE provinciais do alumnado para dotar dos apoios e reforzos estables que se precisan nos centros educativos.

2.- Recuperar o horario lectivo do profesorado consolidado en 2008, compensando esta perda horaria coa incorporación de novos docentes.

3.- Liberar o horario lectivo do profesorado encargado de implementar e corrixir as probas de diagnóstico para poder afrontar esta tarefa ou aportar efectivos docentes para este curso escolar”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 30/03/2026 12:14:50

Daniel Castro García na data 30/03/2026 12:14:55

Ana Pontón Mondelo na data 30/03/2026 12:15:04





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:16:21



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O acceso á Atención Primaria en Galicia está a sufrir un deterioro progresivo como consecuencia dunha planificación insuficiente e dunha falta reiterada de investimento nas infraestruturas sanitarias necesarias para atender o incremento da demanda asistencial.

No caso da cidade de Santiago de Compostela, esta situación resulta especialmente evidente no barrio do Castiñeiriño, onde a creación dun novo centro de saúde foi presentada publicamente como un compromiso político polo presidente local do Partido Popular en Santiago durante a pasada campaña electoral municipal, xerando expectativas fundadas entre a veciñanza sobre a futura execución desta infraestrutura sanitaria.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Porén, transcorrido un tempo significativo dende ese anuncio, non se ten producido avance material ningún nin se dispón de información clara sobre a súa viabilidade real, planificación administrativa ou previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia, administración competente en materia sanitaria. Esta circunstancia evidencia a desconexión entre determinados compromisos políticos formulados no ámbito local e a súa efectiva asunción e planificación por parte do Goberno autonómico do Partido Popular do Sr. Rueda.

Ademais, a creación dun novo centro de saúde no barrio do Castiñeiriño resulta especialmente necesaria ante o incremento sostido da poboación nesta zona da cidade de Santiago de Compostela e o consecuente aumento da demanda asistencial. A evolución demográfica e urbanística do barrio require unha resposta planificada e suficiente por parte da Administración sanitaria que permita garantir unha atención próxima, accesible e de calidade. Dispor de infraestruturas adecuadas e dotadas dos recursos humanos e materiais necesarios é unha condición imprescindible para fortalecer a sanidade pública e asegurar que a cidadanía poida exercer o seu dereito á protección da saúde en condicións dignas e equitativas.

A demora na execución do centro de saúde do Castiñeiriño supón un impacto directo na calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía, contribuíndo á saturación dos dispositivos existentes e dificultando o acceso á asistencia sanitaria en condicións adecuadas. Resulta imprescindible garantir unha planificación sanitaria rigorosa e transparente, así como o cumprimento efectivo dos compromisos públicos que afectan a dereitos esenciais como o acceso á sanidade pública.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata as actuacións necesarias para a construción do novo centro de saúde do Castiñeiriño, garantindo a súa posta en funcionamento no menor prazo posible.
2. Presentar un informe perante o Parlamento no prazo dun mes sobre o estado actual do proxecto, incluíndo a súa situación administrativa, técnica e orzamentaria, así como o calendario previsto para a súa execución.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 12:31:42

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 12:31:52

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 12:31:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 12:32:04



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:33:25
Nº Rexistro: 54193
Data envío: 30/03/2026 12:33:25.148

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:33:26

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O acceso á Atención Primaria en Galicia está a sufrir un deterioro progresivo como consecuencia dunha planificación insuficiente e dunha falta reiterada de investimento nas infraestruturas sanitarias necesarias para atender o incremento da demanda asistencial.

No caso da cidade de Santiago de Compostela, esta situación resulta especialmente evidente no barrio do Castiñeiriño, onde a creación dun novo centro de saúde foi presentada publicamente como un compromiso político polo presidente local do Partido Popular en Santiago durante a pasada campaña electoral municipal, xerando expectativas fundadas entre a veciñanza sobre a futura execución desta infraestrutura sanitaria.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Porén, transcorrido un tempo significativo dende ese anuncio, non se ten producido avance material ningún nin se dispón de información clara sobre a súa viabilidade real, planificación administrativa ou previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia, administración competente en materia sanitaria. Esta circunstancia evidencia a desconexión entre determinados compromisos políticos formulados no ámbito local e a súa efectiva asunción e planificación por parte do Goberno autonómico do Partido Popular do Sr. Rueda.

Ademais, a creación dun novo centro de saúde no barrio do Castiñeiriño resulta especialmente necesaria ante o incremento sostido da poboación nesta zona da cidade de Santiago de Compostela e o consecuente aumento da demanda asistencial. A evolución demográfica e urbanística do barrio require unha resposta planificada e suficiente por parte da Administración sanitaria que permita garantir unha atención próxima, accesible e de calidade. Dispor de infraestruturas adecuadas e dotadas dos recursos humanos e materiais necesarios é unha condición imprescindible para fortalecer a sanidade pública e asegurar que a cidadanía poida exercer o seu dereito á protección da saúde en condicións dignas e equitativas.

A demora na execución do centro de saúde do Castiñeiriño supón un impacto directo na calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía, contribuíndo á saturación dos dispositivos existentes e dificultando o acceso á asistencia sanitaria en condicións adecuadas. Resulta imprescindible garantir unha planificación sanitaria rigorosa e transparente, así como o cumprimento efectivo dos compromisos públicos que afectan a dereitos esenciais como o acceso á sanidade pública.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio unha partida específica suficiente para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 12:24:47

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 12:24:54

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 12:26:19

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 12:26:27



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:34:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:34:01
Nº Rexistro: 54195
Data envío: 30/03/2026 12:34:01.930

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O sistema público de saúde constitúe un dos piares fundamentais do Estado do benestar, garantindo a cidadanía o dereito á protección da saúde en condicións de igualdade, universalidade e calidade asistencial. Neste contexto, o papel dos e das profesionais que integran os equipos sanitarios resulta esencial para o correcto funcionamento do sistema.

Entre estes colectivos, cómpre salientar a relevancia dos Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE), cuxa labor resulta imprescindible na atención directa ás persoas pacientes, tanto no ámbito hospitalario como na atención primaria e sociosanitaria. As súas funcións inclúen tarefas fundamentais de coidado, apoio e acompañamento, contribuindo de maneira decisiva ao benestar, á dignidade e á recuperación das persoas usuarias do sistema sanitario.

Porén, na actualidade, o Servizo Galego de Saúde presenta unha insuficiencia estrutural de persoal TCAE, o que está a provocar unha sobrecarga asistencial significativa. Esta situación tradúcese nun incremento da presión laboral, dificultando a prestación dunha atención axeitada e afectando tanto á calidade do servizo como á saúde física e emocional das e dos profesionais.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ademais, este colectivo vén soportando condicións laborais que, en moitos casos, inclúen xornadas prolongadas, quendas extenuantes e unha distribución do traballo pouco equilibrada. A isto súmase unha evidente desigualdade respecto doutros colectivos profesionais do ámbito sanitario, nomeadamente no relativo ao dereito a percibir complementos de produtividade variable, dos que os TCAE adoitan quedar excluídos, malia a súa implicación directa na actividade asistencial.

Esta situación evidencia a necesidade de adoptar medidas urxentes que permitan corrixir as deficiencias existentes, reforzar os cadros de persoal, mellorar a organización do traballo e garantir unhas condicións laborais dignas e equitativas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar de maneira exhaustiva as necesidades reais de persoal de Técnicos en Cuidados Auxiliares de Enfermaría no conxunto do sistema sanitario público galego, co obxectivo de dimensionar adecuadamente os cadros de persoal.
2. Adoptar as medidas necesarias para incrementar progresivamente o número de profesionais TCAE, reducindo así a sobrecarga asistencial e mellorando a calidade da atención prestada.
3. Impulsar melloras organizativas e estruturais ca creación da figura de coordinador/a TCAE.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





4. Garantir a equidade retributiva deste colectivo respecto doutros profesionais sanitarios, incluíndo o acceso aos sistemas de produtividade variable en función da súa participación na actividade asistencial.
5. Desenvolver políticas de recoñecemento profesional que poñan en valor a importancia do traballo desenvolvido polos Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría dentro do sistema público de saúde.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 15:16:03

Silvia Longueira Castro na data 30/03/2026 15:16:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 15:16:17





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 15:18:43

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas da Xunta de Galiza para a recuperación dos bancos marisqueiros afectados polos temporais deste inverno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que durante varios meses as condicións meteorolóxicas impidiran que a actividade pesqueira, marisqueira e mexilloeira se puidese desenvolver con normalidade nas nosas rías, a Consellaría de Mar levou a cabo mostreos nos bancos marisqueiros durante máis de catro semanas para avaliar o impacto dos sucesivos temporais nos mesmos.

E, por fin, no Consello da Xunta do pasado 23 de marzo anúncianse medidas para a recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros afectados polos temporais por 22,7 millóns de euros.

No resumo que se fixo público desa decisión, recóllense as declaracións da propia conselleira, que indica que o obxectivo da Xunta é dar “unha resposta integral” con medidas económicas, sociais e medio ambientais” a curto, medio e longo prazo, e conclúese con que “todas as medidas están baseadas en criterios científicos, rigorosos e na colaboración co sector”.

No entanto, fálase tamén de convenios en colaboración coas confrarías, sen explicar en que consisten, con cantas confrarías ou cales foron os criterios para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conveniar con unhas e con outras non. Tamén se fala de zonas con mortalidade severa ou moderada, mais non se explicita cales son nin tampouco cales foron os criterios para decláralas dun xeito ou doutro. Ou de que os convenios coas confrarías posibilitarán a remuneración dos traballos ás persoas mariscadoras, sen especificar as cantidades e o tempo que as percibirían, ademais dos gastos en que incorran as confrarías na materialización das tarefas a levar a cabo, sen explicar os conceptos concretos dos gastos ou as cantidades.

Ademais dos convenios, recóllense 1,5 millóns de euros para a repoboación de especies, sen indicar os criterios para esas repoboacións, e de 2 millóns para reforzar proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña, sen máis explicación.

Todo isto é obvio que non se recolla nunha simple nota de prensa, mais o que non parece moi acaído é que se reúna ao sector ao día seguinte do anuncio das axudas e tampouco se lles facilite moita máis información e unicamente de palabra, de xeito que ese mesmo día moitos dos asistentes descoñecían un bo número de aspectos concretos que lles ían afectar ou lles poderían afectar.

Foi tan só a contagotas e por medio de informacións nos medios de comunicación como esas persoas e tamén as demais se foron enterando dalgúns dos pormenores das medidas anunciadas polo Goberno galego e mesmo de algunhas das confrarías que estaban afectadas por mortalidade severa ou moderada.

Dende logo, nada saben, ou teñen información moi confusa, respecto dos bancos a repoboar e tampouco do reforzo para proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña.

En definitiva, coa información que teñen, as críticas sucédense día tras día e xa son varias as confrarías que acusan á Consellaría de non ter contado coa opinión do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector e amosan serias diferencias que lles poden impedir asinar os convenios anunciados.

Ao noso xuízo, de ningunha das maneiras é de recibo este trato por parte dunha Consellaría que coñece que a situación do sector é límite, que anuncia unha serie de millóns en axudas que, como pasou en outras ocasións, non se van poder executar, ou que se oculte información e se trate de confundir.

O propio sector, despois de meses e anos moi difíciles, merece toda a información que se lle poida facilitar, medidas sociais dignas que lles permitan seguir desenvolvendo e vivindo do seu traballo e tamén medidas a medio e longo prazo que estean explicitadas con todo detalle e cun orzamento claro, que non leven a interpretacións sesgadas ou non desexadas e que lle permitan planificar minimamente a súa vida.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Facer públicos todos e cada un dos criterios que seguiu e vai seguir a Consellaría de Mar para desenvolver as axudas anunciadas após o Consello da Xunta de Galiza do pasado 23 de marzo, nomeadamente os empregados para distinguir entre zonas afectadas de mortalidade severa e moderada, en que van consistir exactamente os convenios coas confrarías, se van ser todos iguais, os traballos a realizar polas persoas mariscadoras, a remuneración correspondente por eses traballos, a que responde esa cantidade e canto tempo a percibirían, o detalle dos gastos que se poderán abonar ás confrarías, as cantidades e confrarías que recibirán axuda para a repoboación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especies e para reforzar proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña.

2.- Ampliar as cantidades que se fixeron públicas que percibirán as persoas mariscadoras afectadas, igualándoas como mínimo ao que recibirían por cese de actividade e durante o tempo que sexa necesario para a recuperación constatábel dos seus bancos marisqueiros, abonándollas mensualmente e após dunha tramitación áxil e transparente.

3.- Atender con axudas directas e urxentes ás confrarías que teñen serias dificultades para manter minimamente a súa actividade por falta de ingresos e aos seus traballadores e traballadoras.

4.- Levar a cabo todas as accións que sen demora conduzan a poder dispoñer de sementeiras propias ou mixtas, que poidan surtir ás confrarías galegas de semente autóctona e que lle permitan repoboar os bancos sen necesidade de importala.

5.- Negociar co Estado español a bonificación das cotas da Seguridade Social dende o mes de novembro de 2025 ata que se normalice a actividade marisqueira.

6.- Deseñar unha verdadeira resposta integral -económica, social e medioambiental- a medio a longo prazo para salvar ao sector do mar galego, impulsalo e potencialo a través dun paquete de medidas que emanen dunha análise seria e rigorosa do estado das augas das rías e das causas da súa perda continuada de produtividade e que conclúa cas medidas máis acaídas a poñer en marcha.

7.- Trasladar ao sector e aos Grupos políticos con representación no Parlamento o informe que recolle o detalle das medidas anunciadas no prazo máximo dun mes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 31/03/2026 9:34:52
Carmela González Iglesias na data 31/03/2026 9:35:00
Daniel Castro García na data 31/03/2026 9:35:06
Óscar Insua Lema na data 31/03/2026 9:35:11
Paulo Ríos Santomé na data 31/03/2026 9:35:19



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 09:39:26
Nº Rexistro: 54234
Data envío: 31/03/2026 09:39:26.640

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 9:39:27

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os últimos datos públicos coñecidos sobre a situación asistencial da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza amosan un deterioro preocupante das listas de espera. A información difundida o 12 de marzo de 2026 sitúa xa en 92 días a demora media para unha intervención cirúrxica nesta área, o peor rexistro de Galicia e un salto moi relevante respecto dos 73,5 días cos que pechara o ano 2024.

A evolución recente confirma, polo tanto, unha tendencia negativa. No primeiro semestre de 2025 a demora media xa se disparara ata os 85,7 días, e os datos coñecidos no primeiro trimestre de 2026 consolidan esa deriva ata os 92 días. A maiores, tamén empeoran os procesos de maior prioridade clínica: a espera media das intervencións de prioridade 1 pasa de 19 días en 2024 a 22 días nos últimos datos coñecidos, mentres que a prioridade 2 acada os 95 días.

Esta situación resulta especialmente grave porque se produce malia o incremento da actividade asistencial. Na área sanitaria compostelá realizáronse en 2024 un total de 39.081 intervencións cirúrxicas, un 5,3 % máis ca no exercicio anterior, ao tempo que tamén se incrementaron as consultas externas e a realización de probas diagnósticas. Porén, ese maior esforzo asistencial non se

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





traduciu nunha mellora dos tempos de resposta, senón nun empeoramento claro da accesibilidade para a cidadanía.

No ámbito das probas diagnósticas tampouco pode falarse dunha mellora consolidada. Se no balance de 2024 a área sanitaria informaba dunha espera media de 84,8 días para probas diagnósticas, os datos coñecidos en marzo de 2026 apuntan a que milleiros de pacientes seguen agardando máis de 100 días por unha proba, o que evidencia que a demora diagnóstica continúa nun nivel inaceptable e que non se produciu un descenso claro respecto de 2024.

As listas de espera non son só un indicador de xestión: teñen un impacto directo sobre a saúde, a calidade de vida, a ansiedade das persoas pacientes e a capacidade de resposta do sistema público. Por iso resulta imprescindible que a Xunta de Galicia active un plan específico, calendarizado, dotado de recursos e sometido a avaliación pública periódica, que permita revertir a situación da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza tanto no eido cirúrxico como no diagnóstico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en marcha un plan específico de redución das listas de espera cirúrxicas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, con obxectivos cuantificados, reforzo de recursos humanos e materiais e prioridade para as intervencións de maior gravidade clínica.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



PSG^{DE}
PSOE



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 10:03:15
Nº Rexistro: 54241
Data envío: 31/03/2026 10:03:15.811



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

CSV: BOPGDSPG-396AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 17:06:20

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 17:06:27

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 17:06:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 17:06:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 10:03:15
Nº Rexistro: 54241
Data envío: 31/03/2026 10:03:15.811

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 10:03:16

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Os últimos datos públicos coñecidos sobre a situación asistencial da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza amosan un deterioro preocupante das listas de espera. A información difundida o 12 de marzo de 2026 sitúa xa en 92 días a demora media para unha intervención cirúrxica nesta área, o peor rexistro de Galicia e un salto moi relevante respecto dos 73,5 días cos que pechara o ano 2024.

A evolución recente confirma, polo tanto, unha tendencia negativa. No primeiro semestre de 2025 a demora media xa se disparara ata os 85,7 días, e os datos coñecidos no primeiro trimestre de 2026 consolidan esa deriva ata os 92 días. A maiores, tamén empeoran os procesos de maior prioridade clínica: a espera media das intervencións de prioridade 1 pasa de 19 días en 2024 a 22 días nos últimos datos coñecidos, mentres que a prioridade 2 acada os 95 días.

Esta situación resulta especialmente grave porque se produce malia o incremento da actividade asistencial. Na área sanitaria compostelá realizáronse en 2024 un total de 39.081 intervencións cirúrxicas, un 5,3 % máis ca no exercicio anterior, ao tempo que tamén se incrementaron as consultas externas e a realización de probas diagnósticas. Porén, ese maior esforzo asistencial non se

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



traduciu nunha mellora dos tempos de resposta, senón nun empeoramento claro da accesibilidade para a cidadanía.

No ámbito das probas diagnósticas tampouco pode falarse dunha mellora consolidada. Se no balance de 2024 a área sanitaria informaba dunha espera media de 84,8 días para probas diagnósticas, os datos coñecidos en marzo de 2026 apuntan a que milleiros de pacientes seguen agardando máis de 100 días por unha proba, o que evidencia que a demora diagnóstica continúa nun nivel inaceptable e que non se produciu un descenso claro respecto de 2024.

As listas de espera non son só un indicador de xestión: teñen un impacto directo sobre a saúde, a calidade de vida, a ansiedade das persoas pacientes e a capacidade de resposta do sistema público. Por iso resulta imprescindible que a Xunta de Galicia active un plan específico, calendarizado, dotado de recursos e sometido a avaliación pública periódica, que permita revertir a situación da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza tanto no eido cirúrxico como no diagnóstico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en marcha un plan específico para reducir os tempos de espera na realización de probas diagnósticas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, reforzando a capacidade diagnóstica e establecendo un sistema público de seguimento e avaliación periódica dos resultados acadados.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 17:06:48

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 17:06:54

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 17:07:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 17:07:08



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 10:04:01
Nº Rexistro: 54243
Data envío: 31/03/2026 10:04:01.297

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 10:04:02

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O ictus constitúe na actualidade a primeira causa de discapacidade adquirida en persoas adultas e unha das principais causas de mortalidade, configurándose como un dos maiores retos sanitarios do sistema público de saúde.

Na provincia de Ourense, este reto adquire unha dimensión especialmente relevante debido ao seu perfil demográfico. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, máis do 32 % da poboación supera os 65 anos, cun peso crecente das persoas maiores de 80 anos. Este envellecemento implica unha maior prevalencia de enfermidades neurolóxicas e un incremento do risco de ictus, con consecuencias directas sobre a autonomía persoal, a calidade de vida e a sustentabilidade do sistema sanitario e social.

Neste contexto, a posta en marcha dunha Unidade Integral de Ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), con cobertura 24 horas ao día, 365 días ao ano, non é unha opción, senón unha necesidade sanitaria urxente e unha cuestión de equidade territorial.

Porén, a realidade actual dista moito dese modelo. A denominada “Unidade de Código Ictus” posta en marcha polo Sergas non reúne as condicións estruturais,

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





organizativas nin de recursos humanos que definen unha unidade integral, converténdose nun dispositivo claramente insuficiente para dar resposta a unha patoloxía tempo-dependente na que cada minuto resulta determinante.

O grupo parlamentario socialista encóntrase, outra vez, na obriga de alertar que a unidade presenta deficiencias no funcionamento da unidade, tanto desde o punto de vista asistencial como laboral xa que a posta en marcha realizouse sen planificación axeitada, sen reforzo suficiente de persoal e cun deseño organizativo deficiente, o que está a provocar unha elevada sobrecarga asistencial e unha importante presión sobre os profesionais.

Entre as principais carencias sinaladas destacan:

- A falta de persoal médico suficiente para asumir a activación do Código Ictus, recaendo esta responsabilidade no cadro actual sen incremento de efectivos.
- A insuficiente dotación de enfermaría con formación específica en ictus, obrigando a reforzos con persoal non especializado.
- A ausencia dun equipo multidisciplinar completo, sen profesionais de referencia en áreas clave como fisioterapia, neuropsicoloxía ou logopedia na fase aguda.
- As limitacións estruturais da unidade, con só dúas habitacións individuais e dúas dobres, o que dificulta a atención en condicións adecuadas.
- A falta de coordinación e organización interna, que incrementa a carga de traballo e pode comprometer a calidade asistencial.

Estas deficiencias prodúcense, ademais, nun contexto no que a área sanitaria de Ourense presenta unha elevada incidencia de patoloxías neurolóxicas, con miles de pacientes afectados por enfermidades como Alzheimer, Parkinson, esclerose múltiple ou migraña, o que incrementa a presión sobre os servizos de neuroloxía.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



A todo isto súmase unha carencia estrutural clave: a inexistencia de capacidade para realizar trombectomías mecánicas no CHUO, o que obriga ao traslado dos pacientes máis graves a centros hospitalarios doutras áreas, como Vigo, con perdas de tempo asistencial crítico que poden condicionar de maneira irreversible o pronóstico dos doentes.

Cómpre lembrar que, no ictus, o tempo é cerebro. Cada minuto de atraso na atención supón perda neuronal e diminución das posibilidades de recuperación funcional.

Por tanto, a situación actual evidencia unha falta de planificación sanitaria, unha infradotación de recursos e unha resposta claramente insuficiente por parte da Xunta de Galicia ante un problema de primeira magnitude.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á implantación dunha Unidade Integral de Ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con funcionamento continuo 24 horas ao día, 365 días ao ano.
2. Garantir a dotación completa de persoal especializado, incluíndo neurólogos, neurorradiólogos intervencionistas, persoal de enfermaría con formación específica, técnicos e persoal auxiliar, con cobertura en todas as quendas.
3. Dotar ao CHUO dos medios técnicos necesarios para a atención integral do ictus, incluíndo a capacidade para realizar trombectomías mecánicas e acceso inmediato a probas de imaxe avanzada.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



4. Incorporar un equipo multidisciplinar completo na atención ao ictus, con profesionais de fisioterapia, neuropsicoloxía, logopedia e rehabilitación desde a fase aguda.
5. Adoptar medidas urxentes para corrixir as deficiencias organizativas e estruturais denunciadas polos profesionais, garantindo condicións de traballo axeitadas e unha atención segura e de calidade.
6. Desenvolver un plan específico de mellora do transporte sanitario urxente na provincia de Ourense, garantindo tempos de resposta axeitados e recursos suficientes en todo o territorio.
7. Establecer un cronograma público, verificable e con dotación orzamentaria específica para a implantación efectiva da Unidade Integral de Ictus en Ourense.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/03/2026 11:55:02

Elena Espinosa Mangana na data 31/03/2026 11:55:10

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 11:55:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 11:55:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 11:57:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 11:57:11
Nº Rexistro: 54272
Data envío: 31/03/2026 11:57:11.691

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar con carácter inmediato a redacción e execución dun proxecto de rehabilitación integral das instalacións e accesos do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, garantindo condicións adecuadas de accesibilidade, seguridade e funcionalidade para as persoas usuarias e profesionais.
2. Adoptar de maneira urxente medidas provisionais que permitan o uso seguro das instalacións mentres non se executa a actuación estrutural definitiva, incluíndo a adecuación temporal dos accesos, a eliminación de obstáculos e a mellora das condicións de mobilidade.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:05:48

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:05:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:06:03



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 13:09:01
Nº Rexistro: 54279
Data envío: 31/03/2026 13:09:01.778

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:09:02

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida específica no presente exercicio dos Orzamentos da Xunta de Galicia para asegurar a execución inmediata das obras e a súa finalización nun prazo certo e reducido.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:06:11

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:06:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:06:24



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 13:09:43
Nº Rexistro: 54281
Data envío: 31/03/2026 13:09:43.875

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:09:44

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar perante o Parlamento galego, no prazo máximo dun mes, un informe urxente no que se detalle o estado actual das instalacións, as actuacións provisionais adoptadas e o calendario previsto para a rehabilitación integral.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:06:31

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:06:37

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:06:44



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 13:10:48
Nº Rexistro: 54284
Data envío: 31/03/2026 13:10:48,785

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:10:49

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 10:03:45
Nº Rexistro: 54335
Data envío: 01/04/2026 10:03:45.047

Asinado o día 01/04/26
10:02
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, para acadar unha base medicalizada do 061 para o distrito sanitario de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por estas datas téñense que comezar a definir as características do novo concurso de transporte urxente, e dicir, cantas ambulancias vai haber, de que tipo, e onde se localizarán, é dicir, como se vai dimensionar a “Rede de transporte sanitario urxente de Galicia (RTSUG-061)”.

Na medicina de emerxencias, como en todo, existen unha serie de máximas, axiomas ou conceptos que deben gobernar o quefacer dos profesionais. Un concepto moderno na medicina de emerxencias, é a da *Hora de Ouro*, a respecto da cal a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) dicía en maio do 2023: “*comprende el intervalo de tiempo que abarca desde que tiene lugar un accidente hasta los 60 minutos posteriores. Esos 60 minutos son claves, ya que una intervención rápida y eficiente puede suponer la diferencia entre la vida y la muerte*”. Este concepto de *Hora de Ouro* non o definiu a DXT senón que foi o celebre Dr Adams Cowley no 1960 cando dixo: “hai unha ‘hora dourada’ entre a vida e a morte. Se vostede é lesionado gravemente, conta con menos de 60 minutos para sobrevivir. Tal vez non morra entón, pode ser tras días ou dúas semanas despois, pero algo pasou no seu corpo que é irreparable”.

Asinado o día 01/04/2026 ás
10:02
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 01/04/2026 ás 10:01
Por Secundino Fernández
Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nunha emerxencia precisase pois dar unha atención axeitada no tempo correcto, tendo sempre en conta que se o tempo de supervivencia é menor ao tempo de resposta o paciente morrerá antes de recibir a axuda axeitada.

O distrito sanitario de Valdeorras está formado polos seguintes concellos, por orde de poboación: O Barco, A Rúa, Viana do Bolo, Trives, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, A Veiga, O Bolo, Manzaneda, Petín, San Xoán de Río, Vilariño de Conso e Larouco. Destes concellos, Vilariño de Conso e San Xoán de Río pertencen oficialmente aos distritos de Verín e Ourense, mais iso é só a realidade oficial posto que Vilariño de Conso é en efecto unha zona de saúde con grande dependencia do distrito de Valdeorras, e San Xoán de Río apareceu tradicionalmente ligado á asistencia no HPV. O noso distrito ten unha poboación aproximada de 32000 persoas espalladas por 1685 Km cadrados (contando San Xoán de Río e Vilariño de Conso) Todos estes concellos teñen o seu respectivo centro de saúde, e o distrito un pequeno hospital: o Hospital Público de Valdeorras (HPV)]

A densidade de poboación no noso distrito “real”, varía dende os aproximadamente 155,26 habitantes por Km² do Barco de Valdeorras até os 2,5 habitantes por Km² de Vilariño de Conso, os 3,01 da Veiga ou os 10,59 de Viana do Bolo. É, por tanto, un distrito sanitario extenso e despoboado, con xentes dispersas por territorios de montaña con malas comunicacións, no referido isto último tanto a servizos de transporte como a infraestruturas.

As distancias no distrito con respecto ás poboacións e o noso hospital de referencia en Valdeorras son inasumíbeis para unha actuación urxente cunha ambulancia asistencial de Soporte Vital Básico agás que se medicalice cos profesionais dos Centro de Saúde ou dos PAC do distrito: temos distancias de O Barco a Pradorramisquedo entre 63,8 a 75,6 Km dependendo das rutas, e de 86 a 90 minutos de tardanza ate contactar co paciente.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dada a situación xeográfica, a orográfica, a situación das vías de comunicación, a dispersión poboacional, a realidade socioeconómica do distrito sanitario, que a actual situación dos recursos asistenciais da Rede de Transporte Sanitario Urxente da Galiza-061 non contemple unha ambulancia asistencial de Soporte Vital Avanzado é un feito grandemente discriminatorio e inadmisíbel para co distrito sanitario de Valdeorras.

Outros distritos teñen este recurso asistencial sexa medicalizada, como contempla en Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Foz, Ourense, Pontevedra, Vigo, Mos, Monforte de Lemos, Coruña (dúas), e O Salnés; ou ben sexa de soporte Vital Avanzado de Enfermaría como contempla na Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lalín e Moaña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que no novo concurso de transporte sanitario terrestre se contemple unha base con ambulancia de soporte vital avanzado medicalizada ou de enfermaría dentro da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galiza (RTSUG-061) para o distrito sanitario de Valdeorras”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 01/04/2026 10:01:58

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2026 10:02:04

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2026 10:02:14





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 10:03:45

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Angel Rodríguez Conde, Roberto Rodríguez Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No concello de Padrón, na provincia da Coruña, os veciños levan máis de 20 anos reclamando unha rotonda no cruzamento da Escravidude coa estrada nacional N-550, entre os marcadores quilométricos 77+070 e 78+010. Este cruzamento considérase moi perigoso, xa que se producen accidentes con frecuencia. Ademais, este tramo forma parte do Camiño Portugués a Santiago de Compostela, o que aumenta o risco de atropelos de peóns e peregrinos por vehículos. A estrada tamén discorre paralela á vía do tren, o que compromete aínda máis a seguridade, e é utilizada con frecuencia por ciclistas debido á densa poboación.

O 5 de xullo de 2022, un cidadán presentou unha solicitude por escrito á Dirección Xeral de Estradas do Estado en Galicia, dependente da Consellería de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para varias melloras na estrada mencionada. Na súa resposta, con data do 12 de agosto de 2022 e rexistrada coa referencia G-LC-2357, a Consellería indicou expresamente que a execución da rotonda estaba incluída nun Proxecto de Obra en curso de redacción.

Transcorreron máis de tres anos desde aquel anuncio oficial e non houbo máis novas sobre o progreso da redacción, aprobación ou licitación do proxecto. Non se publicou información sobre prazos, asignación orzamentaria ou execución proxectada, a pesar de que o propio Ministerio recoñeceu o proxecto como necesario para mellorar a seguridade viaria.



Non é razoable que un proxecto declarado "en fase de redacción" permaneza paralizado durante máis de tres anos sen ningunha explicación pública nin resultados tanxibles. Esta falta de dilixencia por parte do Goberno é especialmente preocupante tendo en conta que se trata dun coñecido colo de botella na rede viaria estatal e unha vía onde converxen o tráfico interurbano, o tráfico local e os peóns.

Trátase dunha medida esencial para mellorar a seguridade viaria, xa que as rotondas reducen significativamente os accidentes ao minimizar os conflitos entre vehículos, evitar colisións frontais e obrigar aos condutores a reducir a velocidade. A súa construción en interseccións como A Escravitude melloraría a seguridade tanto dos condutores como dos numerosos peregrinos que percorren este tramo do Camiño Portugués a Santiago.

A inacción do Goberno durante este tempo non só atrasa un proxecto prioritario, senón que transmite unha preocupante sensación de abandono cara a un concello que leva anos agardando unha resposta eficaz a un problema de seguridade viaria que podería evitarse cunha actuación sinxela e planificada xa comprometida polo propio Ministerio.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que o Goberno de España rectifique esta política, garanta os recursos necesarios e asuma a súa responsabilidade no financiamento das infraestructuras viarias no relativo a seguridade viaria.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Destinar os fondos económicos necesarios para a redacción do proxecto constructivo da rotonda prevista na travesía de A Escravitude (Padrón), entre os puntos kilométricos 77+070 e 78+010 da estrada N-550.





- 2.- Destinar os fondos económicos necesarios para a realización da construción de dita rotonda no punto anteriormente mencionada”.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 11:44:09



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:44:22
Nº Rexistro: 54356
Data envío: 01/04/2026 11:44:22.568

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 11:44:23

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**.

Exposición de motivos

O sector agrario constitúe un pilar esencial da economía galega e do desenvolvemento do medio rural, non só pola súa contribución á produción de alimentos de calidade, senón tamén polo seu papel na fixación de poboación, na conservación da paisaxe e na dinamización económica de amplas zonas do territorio.

Nos últimos anos, o sector primario está a atravesar unha situación de especial dificultade derivada do notable incremento dos custos de produción. Entre os factores que máis están a afectar ás explotacións agrícolas e gandadeiras destacan a subida do prezo dos carburantes, especialmente do gasóleo agrícola, o encarecemento dos fertilizantes, o incremento dos custos da enerxía eléctrica, así como o aumento do prezo dos pensos e doutros insumos necesarios para a actividade produtiva.

A estes factores súmanse outras dificultades que afectan á competitividade do sector, como incremento das cargas administrativas, as esixencias normativas cada vez máis complexas ou a competencia de produtos procedentes de terceiros países que non sempre cumpren os mesmos estándares produtivos e ambientais que se esixen aos produtores europeos.

Esta situación está a reducir de maneira significativa a rendabilidade das explotacións agrarias e a comprometer a súa viabilidade económica, especialmente no caso das explotacións familiares que constitúen a base do modelo agrario galego.

Neste contexto resulta necesario que as administracións públicas adopten medidas que contribúan a aliviar a presión económica que soporta o sector primario. Entre estas medidas destaca a posibilidade de reducir a carga fiscal asociada ao IVE aplicado aos produtos agrarios e aos principais insumos utilizados nas explotacións.





A redución do IVE permitiría contribuír á diminución dos custos que soporta o sector, mellorar a competitividade das explotacións e reforzar a sustentabilidade económica do sector agrario.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para:

1. Reducir o tipo de IVE aplicable aos produtos agrarios e aos principais insumos necesarios para a actividade agrícola e gandeira, co obxectivo de aliviar os custos de produción que soporta o sector primario.
2. Impulsar medidas fiscais que contribúan a mellorar a rendabilidade das explotacións agrícolas e gandeiras, garantindo a viabilidade do sector primario e o mantemento da actividade agraria no medio rural
3. Adoptar políticas de apoio ao sector agrario que permitan facer fronte ao incremento dos custos de produción, reforzando a competitividade das explotacións e garantindo o abastecemento alimentario.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 12:58:44



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:59:15
Nº Rexistro: 54376
Data envío: 01/04/2026 12:59:15.101

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:59:16

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:04:58
Nº Rexistro: 54379
Data envío: 01/04/2026 13:04:58.220

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:03
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o modelo turístico no contexto da crise derivada da intervención militar de EUA e Israel en Irán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un mes despois de que os Estados Unidos e Israel atacasen Irán nunha violación máis do dereito internacional perpetrada por estes dous países, o Consello da Xunta deu luz verde a unha serie de medidas deseñadas, en palabras do Presidente da Xunta, para mitigar as consecuencias da guerra.

Entre esas actuacións detallou a “promoción do destino Galiza como refuxio de tranquilidade e autenticidade fronte á masificación doutros destinos mediterráneos”. Na nota de prensa posterior ao Consello indicábase que se trata de “converter a crise xeopolítica actual nunha oportunidade de mercado, ofrecendo ao turista internacional un destino seguro e estable fronte a inestabilidade en Oriente Medio e Asia.

Non é a primeira vez que a Xunta de Galiza utiliza unha crise para a promoción turística do noso país, como xa vimos coa promoción en FITUR no seu momento de Galiza como refuxio climático, obviando as gravísimas consecuencias que a emerxencia climática ten para o noso país, como a vaga de lumes do verán de 2025.

Desta volta, a Xunta de Galiza decide utilizar a escalada bélica iniciada polos Estados Unidos e Israel como unha oportunidade de promoción turística, en palabras da

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:03
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:03
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

propia administración galega, para “converter a crise xeopolítica actual nunha oportunidade de mercado”.

Galiza non é allea ás consecuencias das guerras imperialistas, como co aumento do custo da vida que, día a día, fai máis difícil encher o depósito ou facer a compra. O Goberno galego non pode facer dunha situación crítica que ten consecuencias tamén na poboación galega unha oportunidade de negocio.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Desistir na utilización das crises que afectan ao noso país, como a emerxencia climática ou as consecuencias da escalada bélica iniciada polos Estados Unidos e Israel contra Irán, para promover Galiza como destino turístico.

- Que o Presidente da Xunta de Galiza faga unha rectificación pública deste posicionamento.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 01/04/2026 13:03:39

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 13:03:45

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2026 13:03:51



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:04:58
Nº Rexistro: 54379
Data envío: 01/04/2026 13:04:58.220

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:04:59

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:03
Nº Rexistro: 54387

Data envío: 01/04/2026 13:15:03.109

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:13
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o uso do galego nos seguros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo octavo da Lei 50/1980, do Contrato de Seguro establece que “A póliza do contrato deberá redactarse, a elección do tomador do seguro, en calquera das linguas españolas oficiais no lugar onde aquela se formalice. Se o tomador o solicita, deberá redactarse noutra lingua distinta, de conformidade coa [Directiva 92/96, do Consello](#) da Unión Europea, de 10 de novembro de 1992”.

O terceiro punto do Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que “os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

O Artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística establece que “os poderes públicos de Galiza adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”.

O Plan Xeral de Normalización Lingüística, entre os seus obxectivos xerais, indica “garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións e “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”. O sector 4 do Plan, dedicado á economía, establece, entre outras medidas: “Comunicación

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:12
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:12
Por Iria Taibo Corsanego



oficial da Xunta de Galicia ás empresas recomendando actitude favorable á lingua”, que non temos constancia que se producira.

A exclusión práctica do galego no sector dos seguros contradí toda esta normativa, alén de representar un grave problema para o dereito de elección da cidadanía. Na actualidade, só o 1% das pólizas de seguros que se subscriben en Galiza están en galego. A imposibilidade da elección fica acreditada con casos como o da empresa Allianz, que tivo que ser obrigada pola xustiza a garantir a dispoñibilidade das súas pólizas en galego, nunha querela presentada por un cidadán a través dos servizos xurídicos da Mesa pola Normalización Lingüística en 2022.

O goberno galego, alén das súas obrigas legais e estatutarias, ten capacidade para incidir neste sector, que afecta practicamente a toda a cidadanía do país, polo que resulta de grande importancia para o obxectivo de normalización da lingua galega. Esta actuación pode producirse tanto desde o punto de vista público, levando a cabo unha campaña de información dos dereitos lingüísticos da cidadanía (e das obrigas das compañías aseguradoras), como dirixíndose directamente a estas empresas para, nun primeiro lugar, demandar que todas as pólizas que teña contratado o propio goberno galego estean na nosa lingua, e alén diso demandar tamén que informen axeitadamente a cidadanía e faciliten as pólizas en lingua galega sen dificultades.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Levar a cabo un estudo sobre a presenza da lingua galega no sector dos seguros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:03
Nº Rexistro: 54387
Data envío: 01/04/2026 13:15:03.109

2. Dirixirse ás empresas aseguradoras que operan en Galiza para lles comunicar a súa obriga de facilitaren as pólizas en galego.

3. Garantir que todas as pólizas de seguros subscritas polo goberno galego, actuais e as que se subscriban no futuro, estean en lingua galega.

4. Pór en marcha unha campaña de divulgación dos dereitos lingüísticos da cidadanía no ámbito dos seguros, dirixida tanto ás compañías de seguros como aos cidadáns e cidadás”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 13:12:48

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2026 13:12:55

Daniel Castro García na data 01/04/2026 13:13:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/04/2026 13:13:09

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2026 13:13:15



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:15:03
Nº Rexistro: 54387
Data envío: 01/04/2026 13:15:03.109

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:15:03

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Ponzos, no concello de Ferrol, a comunidade educativa vén trasladando de forma reiterada a existencia de carencias estruturais en materia de atención á diversidade, que afectan directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación inclusiva e de calidade. Estas necesidades concrétanse, fundamentalmente, na insuficiencia de recursos de orientación educativa, profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e persoal coidador especializado.

A actual dotación resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado, o que está a dificultar o acceso a unha resposta educativa



individualizada e a comprometer o desenvolvemento académico e persoal de numerosos nenos e nenas.

Esta situación evidencia problemas de planificación e organización dos recursos por parte da Administración educativa, que non está a garantir unha cobertura estable e adecuada dos servizos de apoio nos centros educativos. A falta de profesionais suficientes e a previsión de manter modelos de atención compartida en ámbitos clave como a orientación supón un risco evidente para a correcta detección, diagnóstico e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio.

A insuficiencia destes recursos supón unha vulneración efectiva do principio de equidade e da atención á diversidade que debe rexer o sistema educativo, dificultando o desenvolvemento académico, social e emocional do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a dotación dun orientador ou orientadora a tempo completo no CEIP Ponzos para o vindeiro curso escolar, evitando o modelo de compartición con outros centros educativos.
2. Incrementar a dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no centro, asegurando a cobertura efectiva de todas as necesidades educativas do alumnado.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



3. Reforzar o persoal coidador especializado adscrito ao centro, incorporando unha nova figura profesional que permita atender de maneira adecuada ao alumnado con necesidades educativas que así o requiran.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 19:51:14

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 19:51:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 19:51:29





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:29:23



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**.

Exposición de motivos

A comarca da Limia constitúe un dos principais motores agrogandeiros de Galicia. Pero, o potencial desta comarca atópase hoxe lastrado polo deficiente estado de conservación das infraestruturas que dependen do Estado, concretamente da N-525.

A seguridade viaria na Limia non pode ser unha cuestión secundaria. O firme da N-525 ao seu paso por concellos como Xinzo, Sandiás ou Trasmiras presenta un deterioro alarmante, con fochancas, perda de adherencia e unha sinalización horizontal case invisible en moitos tramos. Esta situación agrávase pola densidade de tráfico pesado vinculado á actividade agrícola e o transporte de mercadorías.

Mentres a Xunta de Galicia mantén un esforzo investidor constante nas estradas de titularidade autonómica, o Goberno de España parece ter esquecido a Limia. Non se trata só de estética ou comodidade; falamos dunha falta de mantemento que pon en risco vidas e que supón un freo á competitividade dos nosos produtores. Un rural con futuro precisa estradas dignas, non parches de urxencia que desaparecen coa primeira chuvia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para:

1. Executar de xeito urxente un plan de rehabilitación integral do firme e mellora da capa de rodadura na estrada N-525 ao seu paso pola comarca da Limia.





2. Mellorar a sinalización tanto vertical como horizontal e os elementos de balizamento, garantindo a seguridade en condicións de baixa visibilidade, frecuentes na zona debido á néboa.
3. Garantir un investimento estable e plurianual nos orzamentos xerais do Estado para o mantemento ordinario das vías nacionais na provincia de Ourense, evitando que o abandono institucional condene á obsolescencia as comunicacións do noso rural.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 13:55:00



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:55:31
Nº Rexistro: 54417
Data envío: 01/04/2026 13:55:31.642

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:55:32

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Katherinie Varela Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**.

Exposición de motivos

O pasado 17 de novembro de 2023, o alcalde de Monforte de Lemos, o señor José Tomé, publicaba unha nota de prensa mediante a cal anunciaba a sinatura dun convenio fundamental e estratéxico para a cidade de Monforte de Lemos.

Trátase dun convenio para a construción da rolda urbana entre a estrada Nacional 120 e a Nacional 120-A, orzamentado en sete millóns e medio de euros, asinado co Ministerio de Transportes e Mobilidade e coa Deputación de Lugo.

O convenio contemplaba cinco anualidades, cun remate das obras no ano 2028.

Sen embargo, non se executou aínda nin o primeiro euro comprometido, a pesar de que estaba previsto comezar cun investimento no 2024 de 750.000 euros.

No pasado pleno do mes de decembro aprobouse unha nova prórroga, o que evidencia que en case tres anos desde que se anunciara a sinatura do convenio non se investiu nin o primeiro euro. Isto parécenos unha actuación inaceptable por parte do alcalde de Monforte de Lemos, do presidente da Deputación, que era el nesas intres, e do Goberno de Sánchez contra a provincia de Lugo e, en concreto, contra a cidade de Monforte de Lemos.

Por todo o exposto, trasladamos a seguinte proposta de acordo para a súa aprobación en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Transportes, á Deputación de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos a dar cumprimento ao convenio asinado en novembro de 2023 para a construción da rolda urbana entre a estrada Nacional 120 e a Nacional 120-A.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 14:20:39



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54420
Data envío: 01/04/2026 14:21:06.816

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 14:21:07

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A política de prevención de incendios forestais en Galicia leva anos instalada na mesma dinámica : atrasos reiterados, falta de planificación e unha execución claramente insuficiente dos fondos públicos destinados á xestión preventiva do monte.

Un exemplo especialmente significativo é o das axudas para a prevención en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta. A orde correspondente ao exercicio 2024 foi publicada en decembro de 2024, convocada en xaneiro de 2025 e co prazo de solicitude pechado en febreiro dese mesmo ano. Porén, non foi resolta ata febreiro de 2026, é dicir, máis dun ano despois.

Isto implica que unhas axudas destinadas a planificar e executar actuacións preventivas no exercicio correspondente, resolvéronse cando ese prazo xa estaba completamente superado.

Falamos de 283 expedientes aprobados por un importe duns 5,4 millóns de euros, que inclúen actuacións fundamentais para a prevención:

- 1.000 hectáreas de cortalumes

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





- 4.685 hectáreas de desbroces en monte
- 1.200 hectáreas de faixas de xestión
- 841 quilómetros de pistas
- 550 hectáreas de tratamentos de selvicultura preventiva

E, sen embargo, a Xunta pretende agora que todas estas actuacións se executen en apenas catro meses, cando o prazo inicialmente previsto era de ata 17 meses. Calquera persoa que coñeza o funcionamento do sector forestal sabe que isto non é viable.

Estamos a falar de actuacións que requiren planificación, contratación, dispoñibilidade de empresas e condicións meteorolóxicas axeitadas. Pretender concentrar todo nun prazo tan reducido non só é irreal, senón que evidencia unha grave falta de planificación por parte da Administración.

Por elo , Durante o ano 2025, miles de hectáreas e centos de quilómetros de infraestruturas forestais quedaron sen actuar, mentres os fondos permanecían bloqueados sen executarse.

E mentres tanto, producíronse incendios que afectaron a superficies que poderían ter sido obxecto destas actuacións preventivas.

É dicir, a Xunta non só chegou tarde, senón que en moitos casos chegou despois do dano.

A isto hai que engadir a existencia de expedientes denegados exclusivamente por falta de crédito, é dicir, proxectos correctos desde o punto de vista técnico que quedan fóra por unha previsión orzamentaria insuficiente.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





E, paralelamente, hai actuacións que xa non se poderán executar, ben porque os montes foron afectados por incendios, ben porque as condicións actuais as fan inviables.

O resultado é un escenario difícil de xustificar: axudas que chegan tarde, proxectos que quedan fóra e actuacións que xa non se poden realizar.

No caso das actuacións en monte conveniado (Capítulo VI), a situación repite o mesmo patrón.

Os fondos correspondentes ao exercicio 2024, por importe de 3 millóns de euros, están sendo licitados neste momento, sen que os distritos teñan aínda capacidade real para executalos nos prazos previstos.

Todo isto prodúcese nun contexto de saturación do sector, con empresas que xa están asumindo actuacións acumuladas, obras de emerxencia tras incendios e a retirada de madeira queimada, o que fai materialmente imposible cumprir cos prazos que agora se están a esixir.

E no ámbito da selvicultura, a situación é igualmente reveladora.

A Xunta habilitou 15 millóns de euros para 2026, pero a resposta do sector foi mínima: apenas 2 millóns solicitados, debido a unha orde mal deseñada, complexa e con erros advertidos e non corrixidos.

En definitiva, estamos ante unha política de prevención que chega tarde, execútase mal, non dimensiona adecuadamente os recursos e non responde á realidade do territorio.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





E cando falla a prevención, o resultado xa o coñecemos: máis incendios, máis superficie queimada e máis custo público.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar e corrixir a orde de axudas de selvicultura de 2026, incorporando as demandas do sector e garantindo claridade e simplificación administrativa.
2. Convocar con carácter urxente as liñas correspondentes aos exercicio 2026, garantindo continuidade, previsibilidade e estabilidade nas políticas de prevención forestal.
3. Adoptar as medidas organizativas, técnicas e de persoal necesarias para garantir que as convocatorias de axudas en materia de prevención se resolvan dentro do exercicio correspondente.
4. Ampliar de maneira inmediata o crédito das axudas de prevención, co fin de incorporar todas aquelas solicitudes que cumpren os requisitos técnicos e foron excluídas unicamente por esgotamento do crédito dispoñible.
5. Presentar no Parlamento de Galicia un informe detallado sobre o grao de execución dos fondos de prevención, capítulo VI e capítulo VII, por distrito forestal, incluíndo actuacións non realizadas, causas e impacto territorial.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/04/2026 16:09:37

Lara Méndez López na data 01/04/2026 16:09:44

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 16:09:50





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 16:10:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e executar con carácter urxente un proxecto de rehabilitación integral do CEIP da Solaina, no concello de Narón, que inclúa a renovación completa dos aseos e das instalacións que presenten deficiencias estruturais ou de salubridade.
2. Adoptar medidas provisionais inmediatas que garantan condicións dignas, seguras e hixiénicas para o alumnado e o persoal do centro mentres non se executan as obras definitivas.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:15:03

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:15:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 17:15:13





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:19:08



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución das obras de rehabilitación do CEIP da Solaina, garantindo o seu financiamento íntegro e a súa execución nun prazo certo e reducido.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:15:22

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:15:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 17:15:33





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:19:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar polo Goberno galego para o mantemento e potenciamento das confrarías de pescadores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A perda de produtividade das rías galegas que se vén producindo de xeito paulatino dende hai anos, trouxo moitas consecuencias, sobre todo para o sector marisqueiro.

Non hai dúbida de que unha das máis graves é a perda de centos de postos de traballo ao longo do tempo e tamén a falla de remuda xeracional, debido á ausencia de medidas para revertir unha situación que xa se converteu en crónica e, polo tanto, á imposibilidade de poder vivir dignamente da actividade.

Mais a maiores, tamén se vén producindo unha perda de ingresos nas confrarías, sobre todo naquelas que dependen case en exclusiva da actividade marisqueira, que, á súa vez, vén repercutindo nos postos de traballo que delas viñan dependendo.

O impacto da perda de produtividade e da perda de ingresos xa o veñen arrastrando as confrarías dende os episodios de temporais de 2023 e agora, despois dos deste inverno, veuse agravado en moitos casos de xeito importante. De feito, moitos dos ERTes levados a cabo no 2023 convértense agora en EREs e, con eles, a perda tamén de servizos que as confrarías veñen levando a cabo, case sempre en substitución





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da propia administración, e as repercusións que todo isto ten sobre o propio desenvolvemento da actividade e a atención aos socios e socias das propias confrarías.

Chama a atención que despois da situación na que quedaron moitas das confrarías do país por mor dos temporais e as choivas de 2023, a administración non tivera tomado ningunha medida para contribuír á súa recuperación, por exemplo anticipando os importes das subvencións ás que tiveran dereito e evitando así que foran elas mesmas as que tiveran que seguir facendo fronte a uns gastos que lles resultaba cada vez máis difícil soportar, tamén aos de persoal, ata recibir -meses despois- os importes que lle correspondían.

Nos recentes anuncios de axudas feitos pola Consellaría de Mar para recuperar e rexenerar os bancos marisqueiros fálase de cubrir ás confrarías os gastos de xestión e determinados traballos e, aínda que polo momento non coñecemos os detalles, moitas delas xa as cualificaron publicamente de escasas e insuficientes.

O caso é que neste momento temos un número, que non podemos precisar, de confrarías no país nunha situación límite, que xa non poden desenvolver moitos dos cometidos que viñan desempeñando e que lles vai resultar imposible saír adiante sen a colaboración da administración que, de novo, non está a amosar ningún interese por contribuír a evitar a súa desaparición.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Avaliar a situación das confrarías e recompilar os datos daquelas que están nunha situación económica comprometida e de difícil viabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Habilitar unha liña de axudas directas e urxentes para as que estean nese caso e para poder evitar a súa desaparición definitiva.

3.- Habilitar unha liña de préstamos urxente a través do IGAPE, con condicións favorábeis que lles permita seguir mantendo a súa actividade, prestando os seus servizos e implementar a súa recuperación.

4.- Asumir o 100% dos custos de vixilancia e de asistencias técnicas, cando menos durante o tempo estimado para a normalización da súa situación.

5.- Adiantar os importes das subvencións da Administración para evitar demoras nos seus pagos e que se vexan na obriga de adiantar unhas cantidades das que non dispoñen”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 9:33:06

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 9:33:14

Daniel Castro García na data 06/04/2026 9:33:23

Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 9:33:34

Paulo Ríos Santomé na data 06/04/2026 9:33:41





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 9:35:49

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Carmen María Pomar Tojo, Borja Vereá Fraiz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Na Compostela do primeiro terzo do século XIII, fundouse o Convento de San Domingos de Bonaval, baixo a denominación de Santa María de Bonaval.

No século XIX, após da Desamortización de Mendizábal, o Concello mercou os terreos do Mosteiro de San Domingos. E, non sería ata finais da década dos corenta cando comezou a funcionar como cemiterio municipal.

Chegados os anos 60 do pasado século, Bonaval deixou de ter uso funerario, pasando a ser o espazo que hoxe coñecemos: un dos lugares máis concorridos para picheleiros e turistas, que nas épocas do ano de mellor tempo, gozan das súas zonas verdes.

Nos últimos meses, unha parte dos nichos veuse abaixo como consecuencia dos danos causados pola acumulación de auga por mor das intensas borrascas do inverno. Un incidente sobre o que o Concello de Santiago de Compostela aínda non tomou as medidas necesarias para a súa recuperación e correcta conservación, tal e como corresponde por tratarse dun inmovible que ten a consideración de ben de interese cultural.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Santiago de Compostela para que acometa, de xeito urxente, as intervencións necesarias para a recuperación e correcta conservación do cemiterio de Bonaval, cumprindo coas súas obrigas como propietario dun inmovible que ten a consideración de ben de interese cultural”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 10:18:25



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:19:00
Nº Rexistro: 54482
Data envío: 06/04/2026 10:19:00.223

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:19:01

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A diabetes tipo 1 é unha enfermidade crónica que require un control permanente e un tratamento intensivo ao longo de toda a vida, especialmente complexo no caso de nenos e nenas. Esta circunstancia obriga ás familias a asumir un nivel elevado de coidados, supervisión e atención diaria, cun impacto directo na súa vida persoal, social e laboral.

No ámbito educativo, esta realidade adquire unha dimensión específica no caso do profesorado ao servizo da Xunta de Galicia, que debe compatibilizar o exercicio das súas funcións docentes co coidado de fillos e fillas con enfermidades graves. A lexislación vixente recoñece o dereito á redución de xornada laboral nestes supostos como medida fundamental de conciliación e protección social.

Porén, están a detectarse casos nos que este dereito non se aplica de maneira efectiva no ámbito do profesorado, producíndose demoras, interpretacións restritivas ou mesmo denegacións que non se axustan ao espírito da normativa vixente. Esta situación xera unha grave indefensión para as familias afectadas e supón unha vulneración dos seus dereitos, ao tempo que dificulta a adecuada atención dos menores con enfermidades crónicas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ademais, a falta de criterios claros e homoxéneos na aplicación destas medidas no ámbito educativo evidencia a necesidade de reforzar os mecanismos de garantía, coordinación e información dentro da propia Administración autonómica, especialmente nun sector tan sensible como o educativo, no que tamén debe ser exemplar o cumprimento dos dereitos laborais e sociais.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte as medidas necesarias para asegurar o cumprimento efectivo da normativa e garantir que o profesorado poida exercer plenamente os seus dereitos de conciliación sen obstáculos nin interpretacións restritivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o cumprimento efectivo da lexislación vixente en materia de redución da xornada laboral por coidado de fillos e fillas con enfermidades graves no ámbito do profesorado dependente da Consellería de Educación.
2. Establecer instrucións claras e criterios homoxéneos dirixidos aos equipos directivos e á propia Administración educativa que eviten interpretacións restritivas ou aplicacións desiguais deste dereito.
3. Axilizar os procedementos administrativos relacionados coa solicitude e concesión destas reducións de xornada, evitando demoras que prexudiquen ás familias afectadas.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 10:47:35

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 10:52:11

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 10:52:18



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:53:51
Nº Rexistro: 54493
Data envío: 06/04/2026 10:53:51.456

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:53:52

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que “de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar”. Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria “priorizárase a ensinanza de maneira analóxica” e recomenda “o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas... fóra do horario escolar)”, así como indica que “a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso” e debe contar cun aval científico que garanta que “non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual”.

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students' learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o modelo de implantación do programa E-Dixgal, establecendo límites claros e definidos ao tempo de uso de dispositivos dixitais no horario lectivo, asegurando que se respecten os criterios fixados polas autoridades pediátricas e polos organismos especializados en infancia.
2. Encargar unha avaliación independente, técnica e pública sobre o impacto do programa E-Dixgal nos resultados académicos, na atención e concentración do alumnado, no benestar emocional e na equidade educativa, presentando os seus resultados no Parlamento no prazo máximo de seis meses.
3. Garantir a gratuidade total dos materiais curriculares en Educación Primaria, asegurando que a implantación do modelo híbrido non supoña ningún custo adicional para as familias e incorporando, de ser preciso, as partidas orzamentarias necesarias para tal fin.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:13:21

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:13:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 11:13:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:16:12
Nº Rexistro: 54510
Data envío: 06/04/2026 11:16:12.780

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:16:13

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
GalizaPARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:16
Nº Rexistro: 54546
Data envío: 06/04/2026 11:31:16.039Asinado o día 06/04/2026 ás
11:28
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ás actuacións que vai impulsar o Goberno galego após a reunión mantida coas confrarías de Pontevedra e AGACOMAR para a recuperación do marisqueo.

Asinado o día 06/04/2026 ás
11:27
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten competencias EXCLUSIVAS na xestión do marisqueo. Nese sentido, dotouse ao longo dos anos de lexislación que foi desenvolvendo sobre a regulación e ordenación da actividade e do sector. E así, o Decreto 153/2009, que regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros di claramente que é a Administración galega a responsábel da xestión sostíbel dos recursos e que é ela quen ten que adoptar medidas, unha vez oído o sector, para que esa xestión funcione.

No entanto, o funcionamento desa xestión está en cuestionamento dende hai tempo por parte de distintos sectores que se viron e se están a ver moi afectados diante da diminución precisamente dos recursos pesqueiros e marisqueiros e, como consecuencia, pola alarmante mingua de produtividade que á súa vez provoca unha perda incesante de postos de traballo, tanto no sector extractivo como nos relacionados con el.

Así, xa no ano 2024, o peor da historia en datos para o sector do mar, a Comisión Mar Industria da Confederación de Empresarios de Galiza fixo patente, nunha

Asinado o día 06/04/2026 ás
11:27
Por Rosana Pérez Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reunión co conselleiro de Mar, a súa preocupación pola perda de produtividade das rías galegas e propuxo á Consellaría abordar as “deficiencias” que, segundo eles, “presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías”, e a constitución de “mesas técnicas” para traballar na “mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques”.

Aquela reunión e as declaracións da CEG provocaran certo malestar nas confrarías, sobre todo nas da provincia de Pontevedra, que respondeu ás mesmas, para rebatelas, publicamente en varias ocasións.

No entanto agora son as propias confrarías pontevedresas as que, xunto coa Asociación Galega de Comercializadores de Marisco-AGACOMAR, veñen de recoñecer de novo a delicadísima situación na que se atopa o marisqueo galego e veñen de trasladar á propia conselleira de Mar o acordo ao que chegaron entre ambas as dúas para tentar revertir a gravísima crise actual.

Segundo transcendeu, na reunión que mantiveron as dúas entidades coa Consellaría no mes de febreiro, achegáronlle as liñas que consideran se deben levar a cabo para buscar vías de solución ao problema, que agora agravado, véñse evidenciando dende hai anos. E tamén agora, como xa fixera a CEG no 2024, propoñen crear un “grupo de traballo sobre o marisqueo”.

Mais esas liñas acordadas e postas en coñecemento da Consellaría veñen precedidas de manifestacións nos medios de comunicación tamén preocupantes e que poden xerar desconfianza sobre os obxectivos a conseguir, obxectivos que descoñecemos se son compartidos pola propia Consellaría de Mar e se se van impulsar pola súa parte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a trasladar aos Grupos Parlamentares, en sede parlamentar, o acordo ao que chegaron a Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco sobre o marisqueo galego e que foi posto en coñecemento da Consellaría de Mar no pasado mes de febreiro, así como a valoración e o compromiso adquirido co mesmo pola súa parte”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 11:27:45
Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 11:27:55
María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 11:28:02
Luis Bará Torres na data 06/04/2026 11:28:11
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/04/2026 11:28:17
Paulo Ríos Santomé na data 06/04/2026 11:28:24



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:31:16
Nº Rexistro: 54546
Data envío: 06/04/2026 11:31:16.039

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:31:16

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á situación dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados que chegaron a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As situacións de fame, conflitos bélicos ou abusos dos dereitos humanos, empuñan a moitas persoas a desprazarse dende os seus lugares de orixe a outras latitudes, co obxecto de mellorar as súas vidas, conservalas ou simplemente, ter unha oportunidade de futuro. Ese é o caso de moitos nenos, nenas e adolescentes que arriscan a súa vida para buscar outra mellor e se lanzan ao mar, sos ou acompañados, para chegar ás costas do estado español, co risco de perecer no traxecto.

As Illas Canarias son un dos principais lugares de destino dos migrantes, que se atopan á súa chegada cun territorio que non ten recursos específicos abondos para acollelos a todos e que solicita, dende fai moito tempo, a colaboración do resto do estado, cuxa lentitude fai que os recén chegados se atopen en condicións inadecuadas, pola incapacidade do goberno insular para atendelos a todos.

Dese intento de minguar a densidade de persoas menores de idade que precisan de axuda dos recursos de acollemento e protección de Canarias, chegou dende o executivo central a solicitude de solidariedade ás CCAA do estado, tamén ao noso país, onde o goberno non se amosou proactivo e incluso interpuxo recursos nos Tribunais para non recibir aos nenos, nenas e adolescentes que se lle asignaran, alegando que o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistema de protección galego estaba sobreesaturado e non tiña capacidade para darlle un lugar seguro aos menores nesta situación.

Malia ter novas dos inminentes traslados dende moitos meses atrás, fíxose necesario un Real Decreto para que o goberno galego aceptase ser solidario, e se preparase para recibir aos nenos e nenas migrantes. Non menos importante é que, aínda sabendo que era necesario reforzar o sistema de protección dende hai anos, a realidade é que este continúa a estar saturado e sen espazo para acoller a quen o precisa, sexa cal sexa a súa procedencia, feito que a Consellería de Política Social recoñeceu mais non resolveu. A falla de prazas en centros de protección residenciais, a ausencia dun número suficiente de familias acolledoras ou a sobreesaturación que sofren as equipas técnicas do menor, dan lugar a un sistema de protección que non é eficiente, no que moitos dos que precisan destes recursos pasan meses en situacións de desamparo ou perigo por non poder acceder a eles. Así, tras meses de desacordos entre o goberno galego e o do estado, no que os menores continuaron sen garantías de seren atendidos en condicións adecuadas, a Consellería de Política Social puxo enriba da mesa un recurso para o acollemento residencial en Monforte, edificio que fora creado con outro obxecto por parte da asociación PRODEME e á que se lle avisou sen a antelación necesaria de que sería o destino de parte dos 317 menores que chegasen a Galiza.

Tras ataques racistas a este centro, que se trataría do primeiro posto a disposición especificamente para a atención de persoas migrantes, a Consellería de Política Social continuou adiante coa súa folla de ruta, seguindo así co plan de disgregar nenos, nenas e adolescentes pola súa procedencia. A realidade é que, dos 80 menores que se agardaba que chegasen a esta localización, chegaron polo de agora moitos menos, facendo referencia na prensa no mes de novembro do 2025 a unicamente cinco rapaces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia as críticas recibidas por parte das organizacións que traballan no eido da infancia, que amosaron posturas contrarias da creación de recursos que separasen pola súa orixe a nenos, nenas e adolescentes, a Consellería de Política Social, non só abriu as portas do centro de Monforte, senón que ven de anunciar un novo recurso deste tipo, neste caso en Burela. A entidade Rogacionistas xestionará este centro especializado para a atención de persoas migrantes menores de idade, con 12 prazas residenciais que a D.X. de Infancia e Familia considera necesarias fronte ao “envío constante de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados”, recorrendo de novo á creación de centros específicos no noso país.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza:

1. Proceder de xeito inmediato a facer públicos os datos do sistema de protección galego que levan dende 2023 sen ser actualizados, indicando o número de menores de 6 anos que están institucionalizados na actualidade.

2. Aumentar de maneira urxente a dotación de prazas públicas residenciais xestionados pola Xunta de Galiza que permitan que todos os menores, sexa cal sexa a súa procedencia poidan acceder a un sistema de protección público e integrador no momento de ser necesario, fomentando o acollemento familiar en primeira instancia coa creación dun banco de familias acolledoras forte e ben dotado.

3. Integrar de xeito inmediato aos nenos, nenas e adolescentes migrantes que chegan sos no sistema de protección galego, sen disgregalos por cuestións de procedencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Achegar un informe estatístico sobre os nenos, nenas e adolescentes migrantes que foron acollidos en Galiza dende o 2020 en adiante, especificando cal foi o recurso de protección que se lles ofertou”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/04/2026 12:06:19

Daniel Castro García na data 06/04/2026 12:06:27

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2026 12:06:34



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:07:48
Nº Rexistro: 54563
Data envío: 06/04/2026 12:07:48.337

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:07:49

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un pilar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a publicación no portal web habilitado pola Xunta de Galicia dos datos históricos completos do rexistro de demandantes de vivenda protexida en Galicia, con series temporais accesibles que permitan a súa análise evolutiva.
2. Incorporar no citado portal web a desagregación dos datos por períodos mensuais e anuais, así como por variables territoriais e tipoloxías de demanda, garantindo a súa accesibilidade en formatos reutilizables.
3. Desenvolver un sistema de transparencia activa que permita a actualización periódica destes datos e a súa consulta pública de maneira clara, accesible e permanente.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:33:35

Carlos López Font na data 06/04/2026 12:33:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 12:33:47



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:37:15
Nº Rexistro: 54572
Data envío: 06/04/2026 12:37:15.703

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:37:16

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un pilar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar perante o Parlamento de Galicia, no prazo dun mes, un informe detallado sobre a evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida, incluíndo análise de tendencias, distribución territorial e características da demanda.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:33:55

Carlos López Font na data 06/04/2026 12:34:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 12:34:07



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:37:54
Nº Rexistro: 54574
Data envío: 06/04/2026 12:37:54.031

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:37:54

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa práctica deportiva de remo no Pedrido (Bergondo-A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Bergondo conta dende hai unha década co Club de Remo Olímpico do Mandeo que desenvolve a súa actividade na zona da praia do Pedrido, na ría de Betanzos. Este club leva anos colleitando grandes éxitos nas competicións nas que participa contando cun amplo medalleiro, levando así o nome de Bergondo e de Galiza por todo o mundo.

Sen embargo, os seus indiscutibles éxitos, froito do esforzo e compromiso do club, non se corresponden coas carencias nas instalacións tan precarias que dificultan cada vez máis a realización de entrenamentos e preparación das competicións, e limitan o medre desta entidade de marcado carácter social que traballa a prol da promoción do deporte de base, en especial entre a mocidade, co reforzo dos valores que isto implica.

O Club de Remo Olímpico do Mandeo leva anos solicitando axuda ás diferentes administracións para dispor dunhas instalacións axeitadas á práctica deste deporte para todos os usuarios, sen ter conseguido até o momento ningunha resposta en positivo, nin sequera ante o chamado urxente que fixeron cando tiveron que abandonar un espazo de titularidade privada que ocupaban. Nesta altura, o club de remo segue a funcionar grazas a que un particular lles cedeu temporalmente unhas antigas naves sen uso.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde hai tempo o Club de Remo Olímpico do Mandeo está a facer propostas de colaboración ao Concello de Bergondo, atendendo ás competencias municipais, que até o de agora seguen sen atoparon unha resposta positiva.

Mentres continúan desde o club a explorar a colaboración municipal, e como medida parcial, mais satisfactoria para facilitar a continuidade da actividade deportiva no Pedrido, propónse a creación dun parque de botes na marxe da ría.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a autorizar a construción dun parque de botes de remo olímpico na Ría de Betanzos á altura do Pedrido.

Asemade, insta a Xunta a impulsar unha vía de diálogo e colaboración co Concello de Bergondo para avanzar no estudo de construción dunha instalación deportiva que dea resposta á práctica deportiva do Club de Remo Olímpico do Mandeo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 12:52:46

Iago Suárez Fernández na data 06/04/2026 12:52:51

Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 12:52:58

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2026 12:53:06



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:54:25
Nº Rexistro: 54594
Data envío: 06/04/2026 12:54:25.581

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:54:26

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**.

Sobre as infraestruturas do IEO Centro Oceanográfico de Vigo e o atraso nas actuacións previstas

Exposición de motivos

O Centro Oceanográfico de Vigo, pertencente ao Instituto Español de Oceanografía e actualmente integrado no Consejo Superior de Investigaciones Científicas, constitúe unha infraestrutura científica estratéxica para Galicia, tanto polo seu papel na investigación mariña como pola súa vinculación directa cun dos sectores económicos máis relevantes da comunidade, como é o sector pesqueiro.

Galicia é unha das principais potencias pesqueiras de Europa, cunha ampla cadea de valor asociada ao mar, que abrangue desde a extracción ata a transformación e comercialización de produtos mariños. Neste contexto, a existencia dun centro de investigación oceanográfica forte, moderno e dotado dos medios necesarios resulta esencial para garantir a sustentabilidade dos recursos, a innovación e a competitividade do sector.

Porén, a situación actual do Centro Oceanográfico de Vigo evidencia importantes carencias en materia de infraestruturas. As instalacións existentes, situadas na zona de Canido (Vigo), presentan limitacións derivadas da súa antigüidade e da falta de adaptación ás necesidades da investigación científica contemporánea, o que dificulta o desenvolvemento de novas liñas de traballo e a incorporación de tecnoloxías avanzadas.

Esta realidade foi recoñecida polo propio Goberno de España, que anunciou en 2024 un investimento próximo aos 10 millóns de euros para a construción dun novo edificio de cultivos mariños e a rehabilitación do edificio principal do centro. Estas actuacións, que incluían mesmo a demolición de parte das instalacións existentes, poñen de manifesto a necesidade dunha renovación profunda das infraestruturas.



Non obstante, a pesar destes anuncios e da tramitación administrativa das actuacións, a día de hoxe non se ten constancia do inicio efectivo das obras, existindo información recente que apunta a unha situación de atraso ou bloqueo na execución das mesmas. Isto xera unha preocupante falta de certezas sobre o futuro do centro e evidencia unha desconexión entre os anuncios realizados e a súa materialización real.

Así mesmo, cómpre sinalar que as actuacións previstas, aínda sendo positivas, teñen un carácter parcial e non responden a unha planificación integral que permita situar o Centro Oceanográfico de Vigo como un verdadeiro referente atlántico en investigación mariña.

En consecuencia, Galicia corre o risco de manter un centro científico clave cunhas infraestruturas insuficientes para afrontar os retos actuais e futuros, o que podería limitar a súa capacidade de atracción de talento, de participación en proxectos internacionais e de apoio ao sector marítimo-pesqueiro.

Resulta necesario adoptar medidas que garantan a modernización efectiva das infraestruturas do centro, así como o cumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno de España.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Impulsar de maneira inmediata a execución das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo, garantindo o inicio efectivo das actuacións anunciadas e evitando novos atrasos na súa tramitación.
2. Informar de maneira transparente sobre o estado actual dos proxectos de construción e rehabilitación das infraestruturas do centro, así como dos prazos reais previstos para a súa execución.
3. Desenvolver un plan integral de modernización das infraestruturas do Centro Oceanográfico de Vigo, que vaia máis alá das actuacións puntuais actualmente previstas e permita dotar ao centro de instalacións acordes cos estándares científicos actuais.
4. Reforzar o investimento público no centro, garantindo os recursos necesarios tanto en infraestruturas como en equipamento científico e persoal investigador.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





5. Garantir que o Centro Oceanográfico de Vigo manteña un papel central na investigación mariña en España, recoñecendo a súa importancia estratéxica para Galicia e para o conxunto de España”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 13:30:43



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 13:31:11
Nº Rexistro: 54604
Data envío: 06/04/2026 13:31:11.793

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 13:31:12

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O CIFP Imaxe e So da Coruña é un centro de referencia no eido da formación audiovisual en Galicia. Os profesionais que o dirixiron e dirixen, así coma os que fórmanse nas súas aulas, son altamente recoñecidos no eido do audiovisual. Por mor de obras e implementacións, alumnos e profesorado levan dous cursos sen poder empregar o seu auditorio, unha peza clave para as prácticas de iluminación, son, produción e realización de espectáculos.

A situación chega despois dunha intervención que pretendía modernizar e adaptar o salón ás necesidades docentes. En novembro de 2022 anunciouse a licitación para renovar integramente o salón de actos. O prazo de execución establecíase en seis meses máis o proxecto quedou estancado ao detectarse deficiencias que non estaban previstas. O caso é que o auditorio está absolutamente desmontado, sen butacas, escenario e non pode usarse de ningún xeito.

A dirección sinala que o parón está a ter efectos directos na aprendizaxe do alumnado, ao limitar ensaios e prácticas técnicas que normalmente se desenvolven nun espazo dotado para o traballo escénico. O centro imparte, entre





outros, ciclos superiores vencellados á produción e realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, así como á iluminación e ao son.

A comunidade educativa da Escola de Imaxe e Son trata de suplir con improvisación e imaxinación a carencia dunhas instalacións imprescindibles para unha formación profesional de calidade, pero estas xeracións de alumnado perderanse contidos e experiencias fundamentais para a súa preparación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Finalizar antes do inicio do vindeiro curso as obras paralizadas na Escola de Imaxe e Son da Coruña.
2. Remitir ao Parlamento de Galicia un informe detallado do acontecido e das causas que propician este retraso das obras nas instalacións da Escola de Imaxe e Son.
3. Habilitar de urxencia un espazo alternativo para que a Escola de Imaxe e Son poida realizar as actividades educativas precisas ante o desmantelamento da sala de actos.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 16:10:47

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 16:10:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 16:11:01



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54616
Data envío: 06/04/2026 16:12:59.725

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 16:13:03

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**

Exposición de Motivos

En Galicia contamos con arredor de 11,1 millóns de parcelas catastrais catalogadas como rústicas pertencentes a 1,73 millóns de titulares, das que uns 8 millóns son forestais. Sen dúbida esta realidade leva parella unha dificultade na xestión eficiente e eficaz daqueles trámites administrativos directamente relacionados coas devanditas parcelas e titulares.

A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia regula no seu artigo 122 e seguintes o réxime normativo de aplicación para as agrupacións forestais de xestión conxunta (AXFC), en particular o artigo 122 quater regula o seu recoñecemento e a inscrición no Rexistro administrativo de agrupacións forestais de xestión conxunta declarado no artigo 126 de dita norma.

Doutra banda a Lei 7/2012, en concreto no seu artigo 125 ter, recóllese o Rexistro voluntario de silvicultores/as activos/as, en concreto no artigo 125 ter, sobre o recoñecemento e inscrición no dito rexistro.

As agrupacións forestais de xestión conxunta así como as persoas silviculturas activas veñen de ser chamadas a xogar un papel fundamental no desenvolvemento do sector forestal de Galicia, ambas as dúas figuras atópanse incluídas nas directrices da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia, “Cara á neutralidade carbónica”, en concreto no Eixo III onde se recolle o fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento destas agrupacións.

Dende o Grupo Parlamentario Popular promoveuse a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, aprobada no mes de maio do 2021, co obxecto de levar a cabo a mobilización da terra produtiva, como impulso ao sector primario e ampliación da base territorial das explotacións.





O fomento da mobilidade das terras forestais en Galicia debe situarse no marco xeral da política de ordenación de usos e recuperación e posta en valor das terras agrarias. Dito fomento debe, de xeito prioritario, promover a dispoñibilidade dos terreos ás diferentes iniciativas de xestión conxunta dos terreos forestais, independentemente do grao de compromiso dos titulares forestais que as compoñan.

Para o beneficio do forestal galego, entendemos que resulta prioritario avanzar no desenvolvemento dos obxectivos do plan forestal mediante a posta en marcha de procedementos voluntarios para a activación da xestión forestal privada e a promoción e desenvolvemento dunha cultura de xestión conxunta a través das distintas figuras asociativas que contribúan á mobilización das terras infrautilizadas e á loita contra o abandono do rural.

Isto constitúe ademais un avance na dixitalización do sector forestal mellorando a eficiencia na tramitación administrativa das solicitudes.

A maior parte dos propietarios forestais particulares en Galicia dispoñen dun certo número de parcelas de dimensión insuficiente para aplicar unha xestión racional e profesionalizada. Segundo os datos rexistrados polo Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sigpac), Galicia alberga case 8 millóns de parcelas de uso forestal, preto da terceira parte (30 %) dos recintos de uso forestal de toda España: a superficie media por parcela de uso forestal de Galicia excede apenas dun cuarto de hectárea (0,28 hectáreas).

No caso do monte privado particular/familiar, o minifundismo favorece unha produtividade e rendibilidade unitaria pouco elevada, agravado pola carencia de pautas adecuadas de silvicultura, o que se acompaña dunha falta de capitalización, dificultade de comercialización de produtos forestais en calidade e cantidade e baixa competitividade.

Nesas circunstancias, o aproveitamento dos recursos forestais do monte galego efectúase moi por baixo das súas posibilidades como consecuencia da falta de xestión activa. A incidencia de incendios exerce un importante efecto disuasorio aos investimentos e traballos no monte, de modo que moitos propietarios optan por unha mera actividade recolectora ocasional mediante aproveitamentos de madeira, opción que non resulta aceptable no caso de formacións forestais de alto grao de combustibilidade.

As perspectivas para un futuro inmediato, cun proceso de envellecemento e despoboamento rural acelerados, indicarían graves dificultades por parte dos propietarios forestais incluso para coñecer a localización das súas leiras.





As ferramentas básicas con que se conta para modificar ese problema estrutural son as reestruturacións parcelarias, o fomento de fórmulas de xestión conxunta e a activación e dinamización da xestión forestal activa mediante o recoñecemento e fomento das agrupacións forestais de xestión conxunta e a concienciación de silvicultor no propietario galego de terreos forestais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a consolidar e desenvolver todas as medidas de apoio necesarias para seguir impulsando as agrupacións forestais de xestión conxunta.”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 17:32:19



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:45:21
Nº Rexistro: 54645
Data envío: 06/04/2026 17:45:21.528

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:45:22

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Pleno**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para consolidar e ampliar a oferta de Formación Profesional acelerada e seguir desenvolvendo o Plan Conecta

Exposición de Motivos

A Formación Profesional galega consolidouse como un eixo estratéxico para o desenvolvemento económico e social, configurándose como unha ferramenta clave para a cualificación profesional, a inserción laboral e a cohesión territorial.

Nos últimos anos produciuse unha profunda transformación do sistema, que se traduce nun incremento sostido do seu prestixio, da confianza das empresas e das familias, e da súa utilidade para o emprego e a economía. Así o acreditan os datos: no curso 2025-2026 acadouse un máximo histórico de 71.229 persoas matriculadas, máis do dobre que no curso 2008-2009, nesta modalidade.

O avance da FP foi acompañado dunha oferta formativa que tamén experimentou unha notable expansión e especialización, con máis de 25 opcións formativas pertencentes a 25 familias profesionais, con presenza en todo o territorio e especial incidencia no ámbito rural.

Toda esta expansión non se podería entender sen a implicación empresarial, outro dos piares do modelo galego. Nos últimos cinco anos, máis de 21.500 empresas colaboraron coa FP, consolidando unha conexión efectiva entre o ámbito educativo e o mercado laboral. Esta realidade tradúcese en elevados niveis de inserción laboral, que superan o 85% e chegan a practicamente o 100% no caso da FP Dual, triplicando os datos de hai quince anos.

A Xunta de Galicia acaba de publicar o novo decreto que regulará estas ensinanzas para avanzar en cinco grandes eixos, entre os que destaca de maneira especial a necesidade de dar pasos cara a unha oferta formativa cada vez máis especializada e flexible, capaz de responder con axilidade ás demandas cambiantes do mercado laboral e das persoas.





A realidade económica actual, marcada por transformacións tecnolóxicas constantes e pola aparición de novos perfís profesionais, esixe sistemas formativos dinámicos, que permitan cualificar ás persoas nun curto espazo de tempo e facilitar a súa incorporación inmediata ao emprego. Neste marco, xa Galicia deu pasos pioneiros co impulso da formación de alta especialización e, especialmente, coa posta en marcha da FP acelerada, unha modalidade innovadora que permite obter certificacións profesionais oficiais en períodos reducidos.

A FP acelerada configúrase como unha resposta eficaz ás necesidades de cualificación, ao ofrecer formación en módulos de curta duración —entre catro e seis meses—, organizados en diferentes períodos ao longo do ano, o que facilita tanto a flexibilidade como a conciliación coas necesidades das persoas e das empresas.

Así, a formación acelerada non só responde ás necesidades inmediatas do mercado laboral, senón que se configura como unha vía complementaria e flexible dentro do sistema, permitindo ás persoas continuar a súa formación ao longo da vida.

Por todo o exposto, resulta necesario seguir avanzando na consolidación e ampliación desta modalidade, reforzando a súa implantación e garantindo que chegue a un maior número de persoas e sectores produtivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1.º Consolidar e ampliar a oferta de Formación Profesional acelerada, garantindo que esta modalidade chegue a máis persoas e sectores produtivos con alta demanda de cualificación.
- 2.º Continuar co desenvolvemento do Plan Conecta, reforzando a colaboración con empresas e entidades locais para identificar necesidades de cualificación e adaptar a oferta formativa de maneira áxil e flexible ao territorio”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 18:06:28



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 18:08:04
Nº Rexistro: 54649
Data envío: 06/04/2026 18:08:04.608

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 18:08:06

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais problemas sociais de Galicia, especialmente para a mocidade e as familias con menos recursos. A Xunta de Galicia ten a responsabilidade de garantir políticas activas que faciliten este dereito, mais os datos oficiais amosan unha realidade preocupante.

Ao peche do ano 2025, o grao de execución orzamentaria do programa 451B “Acceso á vivenda” foi tan só do 53,9%, unha cifra que evidencia a parálise e a incapacidade do Goberno galego para transformar en feitos reais os compromisos que anuncia en materia de vivenda.

Este nivel de execución resulta absolutamente insuficiente para dar resposta ás necesidades actuais, sobre todo nun contexto de encarecemento dos prezos da vivenda, dificultades de acceso ao alugueiro e carencia de vivenda pública dispoñible.

A cidadanía non pode esperar a que a Xunta xestione con máis dilixencia. É urxente que se poñan en marcha as medidas comprometidas, garantindo que os recursos orzamentarios chegan de forma efectiva ás persoas que precisan dunha vivenda digna.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar de inmediato as medidas necesarias para incrementar o grao de execución do programa 451B “Acceso á vivenda”, garantindo que os recursos orzamentarios cheguen á cidadanía no presente exercicio.
2. Presentar perante o Parlamento, no prazo máximo de un mes, un plan detallado no que se concreten as actuacións que se van desenvolver no marco deste programa ata o remate do ano 2026, con prazos, obxectivos e indicadores de seguimento.

Santiago de Compostela, 26 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/03/2026 22:37:42

Carlos López Font na data 26/03/2026 22:37:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 26/03/2026 22:37:56





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 26/03/2026 22:42:31





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 27/03/26
10:22
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a cobertura da praza de médica/o no centro de saúde de Pol.

Asinado o día 27/03/2026 ás
10:22
Por Montserrat Valcárcel Armesto

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde do Concello de Pol, na provincia de Lugo, conta cunha praza de médica/o, unha de enfermaría e unha persoa que desenvolve tarefas administrativas.

Recentemente a praza de médica/o quedou vacante pola xubilación da persoa titular. Porén, a Xunta de Galiza non está a cubrir de maneira permanente o servizo senón que profesionais itinerantes prestan servizo apenas algúns días á semana e só unhas poucas horas.

Esta situación supón, na práctica, a perda do servizo pois –segundo trasladou a veciñanza do Concello de Pol ao BNG-- nin sequera saben cando van ter médica/o nin cantas horas vai atender a consulta. Neste contexto, a veciñanza só ten dúas opcións: agardar sen saber moi ben cando nin como poderán ver un médico ou acudir ao PAC de Meira para ser atendidos.

Como temos denunciado desde o Bloque Nacionalista Galego en numerosas ocasións, a situación na que se atopa a Atención Primaria en Galiza supón a vulneración do dereito de milleiros de persoas a recibir unha asistencia sanitaria pública de calidade, accesible e próxima. Especialmente gravosa é esta situación no rural pois a veciñanza de concellos como o de Pol, Ribeira de Piquín (que se atopa en situación semellante) ou

Asinado o día 27/03/2026 ás
10:22
Por Olalla Rodil Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

Doiras vese obrigada a desprazarse moitos quilómetros para poder recibir asistencia sanitaria sen dispor de transporte público nin sequera de servizos de taxi no seu concello.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cubrir de maneira permanente a praza vacante de médica/o no centro de saúde do Concello de Pol garantindo o dereito da poboación a recibir unha atención sanitaria pública da máxima calidade, accesible e de proximidade”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 27/03/2026 10:22:05

Montserrat Valcárcel Armesto na data 27/03/2026 10:22:13

María Montserrat Prado Cores na data 27/03/2026 10:22:20



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 10:22:57
Nº Rexistro: 54097
Data envío: 27/03/2026 10:22:57.746

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 10:22:59

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **María Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, a través do portavoz e o abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Exposición de motivos

O que pasou no concello de Bande na provincia de Ourense non é un feito menor. Falamos dunha intervención realizada pola propia Xunta de Galicia que, segundo denuncian colectivos ecoloxistas e veciñanza da zona, acabou arrasando arredor de 35 hectáreas de monte, incluíndo vexetación arbórea e especies autóctonas, nun momento especialmente sensible desde o punto de vista ambiental.

Falamos, ademais, dunha actuación nunha zona de alto valor ecolóxico, con presenza de avifauna e catalogada como ZEPA.

Pero hai algo que fai esta situación aínda máis preocupante.

Porque esta queima se produce —segundo a información coñecida— no mesmo día no que a propia Xunta decide prohibir as queimas por razóns meteorolóxicas.

E iso obriga a facer unha pregunta moi clara: hai unha normativa para a cidadanía e outra distinta para a propia administración?

Se a isto lle engadimos que, segundo se denuncia, o operativo chegou a perder o control do lume e tivo que ser necesario mobilizar medios de extinción, o que

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





temos enriba da mesa deixa de ser unha actuación preventiva para se converter nun problema serio de xestión.

E hai outro elemento que non podemos ignorar. Porque tamén se apunta a que esta decisión se adoptou, presuntamente, en contra do criterio dos técnicos forestais sobre o terreo. E isto, de se confirmar, sería especialmente grave.

Porque cando se ignoran os criterios técnicos, o que se está poñendo en risco non é só o monte, é tamén a seguridade, o medio ambiente e a credibilidade das políticas públicas.

Por todo o exposto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Abrir un expediente informativo que permita coñecer con detalle o acontecido, depurar responsabilidades e aclarar se actuou conforme á normativa. Dando conta do seu resultado o Parlamento de Galicia.
2. Garantir que se respecten as condicións meteorolóxicas e as prohibicións vixentes.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 27/03/2026 13:46:35

Lara Méndez López na data 27/03/2026 13:46:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 13:46:53



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 13:50:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 13:50:09
Nº Rexistro: 54108
Data envío: 27/03/2026 13:50:09.104

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Texto da A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde de Vedra presta servizo a unha poboación que ten experimentado cambios demográficos e necesidades asistenciais crecentes nos últimos anos, o que fai necesaria unha actualización e mellora das súas infraestruturas para garantir unha atención sanitaria adecuada. A planificación e execución de investimentos en atención primaria constitúe unha prioridade estratéxica para reforzar o sistema sanitario e achegar os servizos públicos á cidadanía no territorio.

En febreiro de 2025, o conselleiro de sanidade anunciou a remodelación do Centro de Saúde de Vedra como paso previo á súa ampliación, xerando

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





expectativas lexítimas entre a veciñanza e os profesionais sanitarios sobre a mellora das condicións asistenciais e laborais neste equipamento sanitario. Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, non se teñen iniciado as actuacións comprometidas nin consta unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 destinada a esta intervención.

Esta situación evidencia unha falta de planificación efectiva e de compromiso real coa atención primaria no ámbito rural, o que pode derivar nun deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias e nunha merma da calidade asistencial para a poboación do concello de Vedra.

Resulta imprescindible, polo tanto, garantir a execución inmediata desta actuación e dotala dunha consignación orzamentaria suficiente e específica que permita a súa materialización no menor prazo posible, co fin de responder ás necesidades asistenciais presentes e futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata a remodelación comprometida do Centro de Saúde de Vedra, garantindo que as actuacións previstas respondan ás necesidades asistenciais actuais e futuras da poboación.
2. Elaborar e presentar perante este Parlamento, no prazo dun mes, un calendario detallado de planificación, licitación e execución das obras de remodelación e ampliación do Centro de Saúde de Vedra.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 16:31:43

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 16:31:50

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2026 16:31:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 16:32:03





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 16:44:17



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Texto da A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde de Vedra presta servizo a unha poboación que ten experimentado cambios demográficos e necesidades asistenciais crecentes nos últimos anos, o que fai necesaria unha actualización e mellora das súas infraestruturas para garantir unha atención sanitaria adecuada. A planificación e execución de investimentos en atención primaria constitúe unha prioridade estratéxica para reforzar o sistema sanitario e achegar os servizos públicos á cidadanía no territorio.

En febreiro de 2025, o conselleiro de sanidade anunciou a remodelación do Centro de Saúde de Vedra como paso previo á súa ampliación, xerando

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



expectativas lexítimas entre a veciñanza e os profesionais sanitarios sobre a mellora das condicións asistenciais e laborais neste equipamento sanitario. Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, non se teñen iniciado as actuacións comprometidas nin consta unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 destinada a esta intervención.

Esta situación evidencia unha falta de planificación efectiva e de compromiso real coa atención primaria no ámbito rural, o que pode derivar nun deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias e nunha merma da calidade asistencial para a poboación do concello de Vedra.

Resulta imprescindible, polo tanto, garantir a execución inmediata desta actuación e dotala dunha consignación orzamentaria suficiente e específica que permita a súa materialización no menor prazo posible, co fin de responder ás necesidades asistenciais presentes e futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida orzamentaria específica e suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución da remodelación do Centro de Saúde de Vedra.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 16:32:11

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 16:32:18

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2026 16:32:25

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2026 16:32:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 16:32:39





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 16:46:19

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Texto da A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O Centro de Saúde de Vedra presta servizo a unha poboación que ten experimentado cambios demográficos e necesidades asistenciais crecentes nos últimos anos, o que fai necesaria unha actualización e mellora das súas infraestruturas para garantir unha atención sanitaria adecuada. A planificación e execución de investimentos en atención primaria constitúe unha prioridade estratéxica para reforzar o sistema sanitario e achegar os servizos públicos á cidadanía no territorio.

En febreiro de 2025, o conselleiro de sanidade anunciou a remodelación do Centro de Saúde de Vedra como paso previo á súa ampliación, xerando



expectativas lexítimas entre a veciñanza e os profesionais sanitarios sobre a mellora das condicións asistenciais e laborais neste equipamento sanitario. Porén, transcorrido máis dun ano desde ese anuncio, non se teñen iniciado as actuacións comprometidas nin consta unha partida orzamentaria específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia para o exercicio 2026 destinada a esta intervención.

Esta situación evidencia unha falta de planificación efectiva e de compromiso real coa atención primaria no ámbito rural, o que pode derivar nun deterioro progresivo das infraestruturas sanitarias e nunha merma da calidade asistencial para a poboación do concello de Vedra.

Resulta imprescindible, polo tanto, garantir a execución inmediata desta actuación e dotala dunha consignación orzamentaria suficiente e específica que permita a súa materialización no menor prazo posible, co fin de responder ás necesidades asistenciais presentes e futuras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida orzamentaria específica e suficiente nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución da remodelación do Centro de Saúde de Vedra.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 16:32:46

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 16:32:52

Silvia Longueira Castro na data 27/03/2026 16:32:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 16:33:07





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 16:46:34

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

Os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística amosan unha evolución preocupante do comercio exterior galego. En concreto, as exportacións de Galicia rexistraron unha caída do 6,3% no mes de xaneiro de 2026 en comparación co mesmo mes do ano anterior.

Esta diminución non é homoxénea, senón que afecta de maneira especialmente intensa a determinados mercados e sectores estratéxicos.

Destaca a forte caída das exportacións cara a Estados Unidos, cun descenso do 41,8%, así como retrocesos relevantes nas vendas á Unión Europea, que concentra máis do 70% do total exportador galego. Entre os sectores máis afectados atópanse a automoción e a maquinaria, piares fundamentais do tecido industrial galego.

Ao mesmo tempo, esta situación prodúcese nun contexto internacional marcado pola incerteza comercial, conflitos xeopolíticos e cambios nas políticas arancelarias, que están a afectar directamente á competitividade das empresas galegas.





Cómpre lembrar que a internacionalización é un dos piares básicos da economía galega, tanto polo seu impacto no crecemento como pola súa contribución á competitividade empresarial. O propio Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) ten como obxectivo facilitar a presenza das empresas galegas nos mercados exteriores e apoiar a súa expansión internacional mediante programas específicos de axudas.

Porén, a actual caída das exportacións evidencia a necesidade de reforzar e adaptar estas políticas públicas, especialmente para apoiar aos sectores máis afectados e diversificar mercados.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Diseñar e executar un Plan de resposta específico para o impulso das exportacións galegas, dirixido a aprobar instrumentos específicos de apoio financeiro ás pemes, microempresas exportadoras galegas especialmente aos sectores máis afectados pola caída das vendas exteriores (automoción, maquinaria, entre outros), que son os máis afectados pola política arancelaria do presidente de EEUU, e polo contexto xeopolítico actual ante a guerra ilegal en Oriente Medio.
2. Promover a diversificación xeográfica das exportacións galegas, reforzando a presenza en mercados emerxentes (Asia, Oriente Medio, América Latina), reducindo a dependencia dos mercados tradicionais.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



3. Establecer mecanismos de seguimento e avaliación continua do impacto das políticas públicas de internacionalización, garantindo a súa eficacia e adaptación á evolución do contexto internacional.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2026 17:53:52

Elena Espinosa Mangana na data 27/03/2026 17:53:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 17:54:05



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 17:55:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 17:55:18
Nº Rexistro: 54139
Data envío: 27/03/2026 17:55:18.309

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Patricia Iglesias Rey, Lara Méndez López e Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O peche das centrais térmicas de carbón en Galicia, singularmente nas Pontes e en Meirama, supuxo un impacto económico, laboral e social de gran relevancia, que require respostas públicas coordinadas orientadas á reactivación industrial e á creación de emprego de calidade.

Neste contexto, os nós de transición xusta configúranse como un instrumento clave para canalizar nova capacidade de acceso á rede eléctrica cara proxectos industriais e enerxéticos sostibles, permitindo transformar os territorios afectados en polos de desenvolvemento económico.

O Goberno de España avanzou de forma significativa neste ámbito, incorporando á planificación eléctrica 2021-2026 a construción da subestación eléctrica de Maciñeira 400 kV, infraestrutura esencial para habilitar nova capacidade de evacuación na zona das Pontes. A día de hoxe, esta infraestrutura atópase nun estado moi avanzado de tramitación administrativa, tras a solicitude, con data 9 de marzo de 2026, da autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, da autorización administrativa de construción e da declaración de impacto ambiental.



Así mesmo, a planificación eléctrica 2026-2030, actualmente en tramitación, continúa reforzando o papel estratéxico das infraestruturas de transporte eléctrico en Galicia, consolidando a aposta polas zonas de transición xusta como ámbitos prioritarios para o desenvolvemento industrial.

Neste sentido, resulta especialmente relevante o reforzo da rede de transporte eléctrico en Galicia impulsado polo Goberno de España mediante investimento público, co obxectivo de garantir a capacidade necesaria para dar saída aos proxectos industriais e enerxéticos asociados ás zonas de transición xusta afectadas polo peche das centrais térmicas nas Pontes e en Meirama.

No ámbito normativo, atópase en tramitación no Congreso dos Deputados/as, unha modificación legal- por iniciativa do partido Socialista- que permitirá habilitar ao Consello de Ministros para declarar nós de transición xusta adicionais, requisito imprescindible para avanzar na declaración do nó da Subestación de Maciñeira como de transición xusta.

No caso das Pontes, o Goberno de España xa definiu unha capacidade estimada de 1.708 MW para o futuro concurso do nó de transición xusta, superior á da antiga central térmica, orientada a proxectos industriais, enerxéticos e de autoconsumo que prioricen o impacto socioeconómico, a creación de emprego e a sustentabilidade ambiental.

Neste escenario, resulta imprescindible acadar unha posición común de país polos tres grupos representados no Parlamento galego que permita avanzar con axilidade na habilitación legal, na declaración do nó de transición xusta e na convocatoria do correspondente concurso, garantindo que Galicia aproveite plenamente esta oportunidade estratéxica.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que no exercicio das súas competencias en política industrial, promova, impulse e apoie proxectos industriais sostibles nas zonas de transición xusta de Galicia, orientados á creación de emprego e á reactivación económica.
2. Manifestar publicamente o seu apoio a habilitación legal que permite que o Consello de Ministros declarar formalmente a subestación eléctrica de Maciñeira de 400 kV, en estado avanzado de tramitación administrativa para a súa construción, como nó de transición xusta para a zona de As Pontes.
3. Colaborar co Goberno de España para que unha vez se declare a subestación da Maciñeira do nó de transición xusta de As Pontes, se proceda de forma urxente e prioritaria a convocar concurso de capacidade, co obxectivo de facilitar a implantación de proxectos industriais e garantir emprego de calidade na zona.

Santiago de Compostela, 27 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.socialistas.gal)





Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 27/03/2026 18:14:57

Lara Méndez López na data 27/03/2026 18:15:03

Aitor Bouza Manso na data 27/03/2026 18:15:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/03/2026 18:15:23



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2026 18:18:41
Nº Rexistro: 54145
Data envío: 27/03/2026 18:18:41.526

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2026 18:18:42

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A saúde mental constitúe na actualidade un dos principais retos para os sistemas públicos de saúde, sendo recoñecida pola Organización Mundial da Saúde como unha parte esencial do benestar integral das persoas. A día de hoxe, os trastornos de saúde mental non deben ser entendidos unicamente desde unha perspectiva individual ou clínica, senón tamén como fenómenos complexos nos que interveñen factores sociais, económicos, laborais e culturais.

En termos sanitarios, a saúde mental abrangue un conxunto amplo de condicións, entre as que se inclúen trastornos como a depresión, a ansiedade, os trastornos de conduta, os trastornos psicóticos ou as adiccións. Estas enfermidades representan unha das principais causas de discapacidade a nivel mundial, e por suposto a nivel galego, e teñen un impacto directo tanto na calidade de vida das persoas como na cohesión social e no desenvolvemento económico.

Nos últimos anos, especialmente tras a pandemia da COVID-19, produciuse un incremento significativo da demanda de atención en saúde mental, afectando de maneira especial á poboación moza, ás persoas maiores e aos colectivos en situación de vulnerabilidade.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



No caso de Galicia, diversos informes e estudos poñen de manifesto que a comunidade autónoma presenta unha situación preocupante en relación cos recursos dispoñibles en saúde mental, especialmente no que respecta aos ratios de profesionais por habitante. Galicia sitúase por debaixo da media estatal en número de psiquiatras clínicos, psicólogos clínicos e persoal de enfermaría especializada en saúde mental por cada 100.000 habitantes, o que repercute directamente nos tempos de espera, na accesibilidade aos servizos e na calidade da atención prestada.

Ademais, existen importantes desigualdades territoriais no acceso aos recursos, con especial incidencia nas áreas rurais, onde a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación dificultan unha atención adecuada e continuada.

Esta realidade evidencia a necesidade de reforzar o sistema público de saúde mental en Galicia mediante unha planificación estratéxica, o incremento de recursos humanos e materiais, e a implementación de políticas públicas integrais orientadas á prevención, á detección temperá e á atención comunitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Informar no prazo dun mes de como está a elaboración do novo plan estratéxico de saúde mental.
2. Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario de saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiras/os especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais ata equiparar o volume de profesionais de saúde

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



- mental no Sergas coa media estatal en todas as categorías de maneira efectiva.
3. Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria.
 4. Mellorar a coordinación entre os distintos niveis asistenciais e entre os servizos sanitarios e sociais, co fin de garantir unha atención integral e continuada ás persoas con trastornos de saúde mental.
 5. Reducir os tempos de espera para a atención en saúde mental, tanto para a primeira vez como para as consultas sucesivas, garantindo o acceso equitativo aos servizos en todo o territorio.
 6. Desenvolver campañas de sensibilización e loita contra o estigma asociado ás enfermidades mentais, promovendo unha visión integradora e baseada en dereitos.
 7. Presentar unha avaliación de maneira periódica os indicadores de saúde mental en Galicia, incluíndo ratios de profesionais, tempos de espera e resultados en saúde, co obxectivo de garantir a transparencia e a mellora continua do sistema.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 10:25:53

Silvia Longueira Castro na data 30/03/2026 10:25:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 10:26:08



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 10:28:47
Nº Rexistro: 54153
Data envío: 30/03/2026 10:28:47.598

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 10:28:48

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A recente sentenza firme da Audiencia Provincial da Coruña que confirma a existencia dun delito ambiental vinculado á xestión dos residuos depositados na canteira de Miramontes, no concello de Santiago de Compostela, supón un feito de extraordinaria gravidade ambiental, social e política. Esta resolución xudicial acredita que durante anos se produciron prácticas contrarias á legalidade e lesivas para o medio ambiente, xerando unha situación de risco e inseguridade para a poboación da contorna.

Esta realidade non pode analizarse unicamente desde a perspectiva penal ou empresarial, senón que obriga a avaliar tamén a actuación das administracións públicas competentes. A inacción, a falta de control efectivo e a posible negligencia na supervisión desta actividade por parte da Xunta de Galicia contribuíron a que se consolidase unha situación que agora foi cualificada xudicialmente como delito ambiental.

A xestión deste caso evidencia deficiencias graves na política de control ambiental do Goberno galego, así como unha preocupante falta de resposta ás reiteradas demandas das veciñas e veciños afectados, que levan anos





reclamando solucións, a retirada dos residuos e a restauración ambiental da zona. Nun contexto de emerxencia climática e de crecente esixencia cidadá en materia de protección ambiental, resulta imprescindible asumir responsabilidades políticas polos feitos acontecidos e garantir que non se repitan situacións similares.

A confianza da cidadanía nas institucións require transparencia, rendición de contas e a adopción de medidas decididas para reparar os danos causados. Por iso, resulta necesario esclarecer non só as responsabilidades xurídicas xa determinadas polos tribunais, senón tamén as responsabilidades políticas derivadas da actuación ou falta de actuación do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar de maneira inmediata e integral o impacto ambiental xerado polos residuos depositados na canteira de Miramontes e impulsar as actuacións necesarias para a súa retirada e a restauración ambiental completa da zona afectada, atendendo ás demandas da veciñanza.
2. Elaborar e executar un plan específico de reparación ambiental da contorna afectada, con participación da administración local e da veciñanza.
3. Impulsar as medidas necesarias para garantir a restauración ambiental das zonas afectadas e a reparación dos danos causados.
4. Depurar as responsabilidades políticas que correspondan derivadas da inacción, falta de control ou negligencia na actuación da Administración autonómica en relación coa xestión desta situación.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 10:53:31

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 10:53:39

Carlos López Font na data 30/03/2026 10:54:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 10:54:14





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 11:01:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 30/03/26
11:00
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Riva**, **Iria Carreira Pazos**, e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o centro de saúde do Restollal en Santiago de Compostela.

Asinado o día 30/03/2026 ás
11:00
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sueste de Santiago de Compostela medrou moito ao longo das últimas décadas, principalmente arredor dos barrios do Restollal e o Castiñeiriño, converténdose nunha das zonas de maior crecemento no municipio, mais segue sen contar cun centro de saúde que dea servizo sanitario á veciñanza da zona na súa contorna.

A veciñanza do Restollal e do Castiñeiriño, e a das parroquias do Eixo e Marrozos, teñen que desprazarse ao centro de saúde Concepción Arenal, situado no Ensanche compostelán, como o seu centro sanitario de referencia. Hai anos que a Xunta de Galiza anunciou que tiña proxectada a construción dun novo centro de saúde nesta zona da cidade, mais o orzamento da Xunta para 2026 non contempla ningunha partida para este investimento.

O desenvolvemento dun novo centro de saúde na zona sueste é unha demanda veciñal e da administración local compostelá que a Xunta de Galiza debe atender, non só para prestar atención sanitaria na contorna de proximidade da cidadanía que reside nesa zona, tamén para desconxestionar o centro de saúde Concepción Arenal.

O Pleno municipal de Santiago de Compostela vén de aprobar na súa sesión do día 26 de marzo unha moción na que acorda instar á Xunta de Galiza a desenvolver os

Asinado o día 30/03/2026 ás
11:00
Por Saleta Chao Rivas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudos previos e reservar crédito para a redacción do proxecto de construción do centro de saúde, así como traballar en colaboración co Concello de Santiago para estudar a localización máis axeitada para este novo equipamento sanitario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Desenvolver os estudos previos e reservar crédito no orzamento para 2027 para a redacción do proxecto de construción dun novo centro de saúde no sueste do Concello de Santiago de Compostela.
- Traballar en colaboración co Concello de Santiago de Compostela para estudar a mellor localización para este centro de saúde.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 30/03/2026 11:00:06

Iria Carreira Pazos na data 30/03/2026 11:00:16

María Montserrat Prado Cores na data 30/03/2026 11:00:28

Olalla Rodil Fernández na data 30/03/2026 11:00:37



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 11:02:01
Nº Rexistro: 54164
Data envío: 30/03/2026 11:02:01.785

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 11:02:02

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:16:08
Nº Rexistro: 54188

Data envío: 30/03/2026 12:16:08.592

Asinado o día 30/03/26
12:14
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o que supoñen as avaliacións de diagnóstico para a comunidade educativa e, en concreto, para o profesorado nos centros educativos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 27 de marzo era publicada no DOG a Resolución do 13 de marzo de 2026, da Consellería de Educación, pola que se regulan as probas de diagnóstico do curso escolar 2025/26 na Galiza.

Estas probas, que son realizadas cada dous anos nos niveis de 4º de primaria e 2º ESO, teñen carácter externo estandarizado que non se adapta ao contexto do alumnado, nin se materializan en medidas que melloren a calidade do ensino público.

Estas probas veñen desenvolvéndose desde o curso 2023/2024 e son de carácter obrigatorio para comprobar o grao de dominio da competencia lingüística nas linguas cooficiais e matemática. Porén, a Consellaría de Educación sempre incorporou unha proba de inglés tanto en primaria como en secundaria e incluíu a maiores Ciencias Naturais e Ciencias Sociais en 4º de Primaria e Xeografía e Historia, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía en 2º da ESO, indo máis aló da normativa estatal. Nesta edición hai un cambio substancial, xa que a duración das mesmas pasase de tres días a unha semana. Aínda que a Consellería pretenda vender que deste xeito continúase coa

Asinado o día 30/03/2026 ás
12:14
Por Daniel Castro García

Asinado o día 30/03/2026 ás
12:14
Por Cristina Fernández Davila





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:16:08
Nº Rexistro: 54188

Data envío: 30/03/2026 12:16:08.592

actividade lectiva normalizada, a realidade é que se paraliza debido ao trastorno que ocasiona a implementación da proba, prolongando tamén a ansiedade do alumnado.

Para a realización destas probas é o propio profesorado dos centros quen asume a aplicación e corrección das probas sen redución do seu horario lectivo, nin aportación de maiores recursos persoais, o que supón engadir unha nova función á sobrecarga de traballo evidente que teñen na actualidade, tan só compensada cun recoñecemento de 20 h de formación, o que se trata dunha medida insuficiente e inapropiada que desvirtúa o propio concepto da formación permanente do profesorado.

A realización destas probas coincide cun período de intensa carga lectiva para o alumnado, na última e máis curta avaliación, e de elevada carga de traballo docente, sobre todo na ESO, producindo que a sobrecarga sexa maior.

Ademais, malia ter carácter voluntario para o alumnado, é un requisito imprescindible para poder optar ao Plan PROA+ ter realizado as probas o 40% do alumnado do centro educativo que o solicita. Este reforzo educativo, necesario para a atención á diversidade na inmensa maioría dos centros galegos, nin é suficiente, nin debe substituír á obriga que ten a Consellería de aportar os apoios precisos en base aos informes individualizados médicos, do departamento de orientación ou dos EOE provinciais.

Por outra parte, unha das melloras que anuncia a Consellería para a realización das probas neste curso é que pretende que sexan integramente dixitais. Esta cuestión está sendo cuestionada polo profesorado de primaria dado que en 4º o alumnado aínda non está familiarizado con este tipo de aplicacións e reduce considerabelmente a capacidade de análise e resposta ante as probas propostas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:16:08
Nº Rexistro: 54188
Data envío: 30/03/2026 12:16:08.592

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Revisar o modelo das probas externas de avaliación de diagnóstico para que teñan utilidade pedagóxica, valorando, como indica a normativa actual sobre diversidade, os informes individualizados médicos, de orientación ou dos EOE provinciais do alumnado para dotar dos apoios e reforzos estables que se precisan nos centros educativos.

2.- Recuperar o horario lectivo do profesorado consolidado en 2008, compensando esta perda horaria coa incorporación de novos docentes.

3.- Liberar o horario lectivo do profesorado encargado de implementar e corrixir as probas de diagnóstico para poder afrontar esta tarefa ou aportar efectivos docentes para este curso escolar”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 30/03/2026 12:14:33

Daniel Castro García na data 30/03/2026 12:14:39

Ana Pontón Mondelo na data 30/03/2026 12:14:44



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:16:08
Nº Rexistro: 54188
Data envío: 30/03/2026 12:16:08.592

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:16:09

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O acceso á Atención Primaria en Galicia está a sufrir un deterioro progresivo como consecuencia dunha planificación insuficiente e dunha falta reiterada de investimento nas infraestruturas sanitarias necesarias para atender o incremento da demanda asistencial.

No caso da cidade de Santiago de Compostela, esta situación resulta especialmente evidente no barrio do Castiñeiriño, onde a creación dun novo centro de saúde foi presentada publicamente como un compromiso político polo presidente local do Partido Popular en Santiago durante a pasada campaña electoral municipal, xerando expectativas fundadas entre a veciñanza sobre a futura execución desta infraestrutura sanitaria.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Porén, transcorrido un tempo significativo dende ese anuncio, non se ten producido avance material ningún nin se dispón de información clara sobre a súa viabilidade real, planificación administrativa ou previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia, administración competente en materia sanitaria. Esta circunstancia evidencia a desconexión entre determinados compromisos políticos formulados no ámbito local e a súa efectiva asunción e planificación por parte do Goberno autonómico do Partido Popular do Sr. Rueda.

Ademais, a creación dun novo centro de saúde no barrio do Castiñeiriño resulta especialmente necesaria ante o incremento sostido da poboación nesta zona da cidade de Santiago de Compostela e o consecuente aumento da demanda asistencial. A evolución demográfica e urbanística do barrio require unha resposta planificada e suficiente por parte da Administración sanitaria que permita garantir unha atención próxima, accesible e de calidade. Dispor de infraestruturas adecuadas e dotadas dos recursos humanos e materiais necesarios é unha condición imprescindible para fortalecer a sanidade pública e asegurar que a cidadanía poida exercer o seu dereito á protección da saúde en condicións dignas e equitativas.

A demora na execución do centro de saúde do Castiñeiriño supón un impacto directo na calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía, contribuíndo á saturación dos dispositivos existentes e dificultando o acceso á asistencia sanitaria en condicións adecuadas. Resulta imprescindible garantir unha planificación sanitaria rigorosa e transparente, así como o cumprimento efectivo dos compromisos públicos que afectan a dereitos esenciais como o acceso á sanidade pública.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Executar de maneira inmediata as actuacións necesarias para a construción do novo centro de saúde do Castiñeiriño, garantindo a súa posta en funcionamento no menor prazo posible.
2. Presentar un informe perante o Parlamento no prazo dun mes sobre o estado actual do proxecto, incluíndo a súa situación administrativa, técnica e orzamentaria, así como o calendario previsto para a súa execución.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 12:30:13

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 12:30:20

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 12:30:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 12:30:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:33:45
Nº Rexistro: 54194
Data envío: 30/03/2026 12:33:45.487

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:33:46

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O acceso á Atención Primaria en Galicia está a sufrir un deterioro progresivo como consecuencia dunha planificación insuficiente e dunha falta reiterada de investimento nas infraestruturas sanitarias necesarias para atender o incremento da demanda asistencial.

No caso da cidade de Santiago de Compostela, esta situación resulta especialmente evidente no barrio do Castiñeiriño, onde a creación dun novo centro de saúde foi presentada publicamente como un compromiso político polo presidente local do Partido Popular en Santiago durante a pasada campaña electoral municipal, xerando expectativas fundadas entre a veciñanza sobre a futura execución desta infraestrutura sanitaria.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Porén, transcorrido un tempo significativo dende ese anuncio, non se ten producido avance material ningún nin se dispón de información clara sobre a súa viabilidade real, planificación administrativa ou previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia, administración competente en materia sanitaria. Esta circunstancia evidencia a desconexión entre determinados compromisos políticos formulados no ámbito local e a súa efectiva asunción e planificación por parte do Goberno autonómico do Partido Popular do Sr. Rueda.

Ademais, a creación dun novo centro de saúde no barrio do Castiñeiriño resulta especialmente necesaria ante o incremento sostido da poboación nesta zona da cidade de Santiago de Compostela e o consecuente aumento da demanda asistencial. A evolución demográfica e urbanística do barrio require unha resposta planificada e suficiente por parte da Administración sanitaria que permita garantir unha atención próxima, accesible e de calidade. Dispor de infraestruturas adecuadas e dotadas dos recursos humanos e materiais necesarios é unha condición imprescindible para fortalecer a sanidade pública e asegurar que a cidadanía poida exercer o seu dereito á protección da saúde en condicións dignas e equitativas.

A demora na execución do centro de saúde do Castiñeiriño supón un impacto directo na calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía, contribuíndo á saturación dos dispositivos existentes e dificultando o acceso á asistencia sanitaria en condicións adecuadas. Resulta imprescindible garantir unha planificación sanitaria rigorosa e transparente, así como o cumprimento efectivo dos compromisos públicos que afectan a dereitos esenciais como o acceso á sanidade pública.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio unha partida específica suficiente para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 12:30:42

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 12:30:48

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 12:30:55

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 12:31:03



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:34:24
Nº Rexistro: 54196
Data envío: 30/03/2026 12:34:24.917

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:34:25

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

O acceso á Atención Primaria en Galicia está a sufrir un deterioro progresivo como consecuencia dunha planificación insuficiente e dunha falta reiterada de investimento nas infraestruturas sanitarias necesarias para atender o incremento da demanda asistencial.

No caso da cidade de Santiago de Compostela, esta situación resulta especialmente evidente no barrio do Castiñeiriño, onde a creación dun novo centro de saúde foi presentada publicamente como un compromiso político polo presidente local do Partido Popular en Santiago durante a pasada campaña electoral municipal, xerando expectativas fundadas entre a veciñanza sobre a futura execución desta infraestrutura sanitaria.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Porén, transcorrido un tempo significativo dende ese anuncio, non se ten producido avance material ningún nin se dispón de información clara sobre a súa viabilidade real, planificación administrativa ou previsión orzamentaria por parte da Xunta de Galicia, administración competente en materia sanitaria. Esta circunstancia evidencia a desconexión entre determinados compromisos políticos formulados no ámbito local e a súa efectiva asunción e planificación por parte do Goberno autonómico do Partido Popular do Sr. Rueda.

Ademais, a creación dun novo centro de saúde no barrio do Castiñeiriño resulta especialmente necesaria ante o incremento sostido da poboación nesta zona da cidade de Santiago de Compostela e o consecuente aumento da demanda asistencial. A evolución demográfica e urbanística do barrio require unha resposta planificada e suficiente por parte da Administración sanitaria que permita garantir unha atención próxima, accesible e de calidade. Dispor de infraestruturas adecuadas e dotadas dos recursos humanos e materiais necesarios é unha condición imprescindible para fortalecer a sanidade pública e asegurar que a cidadanía poida exercer o seu dereito á protección da saúde en condicións dignas e equitativas.

A demora na execución do centro de saúde do Castiñeiriño supón un impacto directo na calidade da atención sanitaria prestada á cidadanía, contribuíndo á saturación dos dispositivos existentes e dificultando o acceso á asistencia sanitaria en condicións adecuadas. Resulta imprescindible garantir unha planificación sanitaria rigorosa e transparente, así como o cumprimento efectivo dos compromisos públicos que afectan a dereitos esenciais como o acceso á sanidade pública.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio unha partida específica suficiente para a execución do centro de saúde do Castiñeiriño.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 12:31:13

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 12:31:19

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 12:31:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 12:31:33



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2026 12:34:41
Nº Rexistro: 54197
Data envío: 30/03/2026 12:34:41.078

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 12:34:41

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O sistema público de saúde constitúe un dos piares fundamentais do Estado do benestar, garantindo a cidadanía o dereito á protección da saúde en condicións de igualdade, universalidade e calidade asistencial. Neste contexto, o papel dos e das profesionais que integran os equipos sanitarios resulta esencial para o correcto funcionamento do sistema.

Entre estes colectivos, cómpre salientar a relevancia dos Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE), cuxa labor resulta imprescindible na atención directa ás persoas pacientes, tanto no ámbito hospitalario como na atención primaria e sociosanitaria. As súas funcións inclúen tarefas fundamentais de coidado, apoio e acompañamento, contribuindo de maneira decisiva ao benestar, á dignidade e á recuperación das persoas usuarias do sistema sanitario.

Porén, na actualidade, o Servizo Galego de Saúde presenta unha insuficiencia estrutural de persoal TCAE, o que está a provocar unha sobrecarga asistencial significativa. Esta situación tradúcese nun incremento da presión laboral, dificultando a prestación dunha atención axeitada e afectando tanto á calidade do servizo como á saúde física e emocional das e dos profesionais.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ademais, este colectivo vén soportando condicións laborais que, en moitos casos, inclúen xornadas prolongadas, quendas extenuantes e unha distribución do traballo pouco equilibrada. A isto súmase unha evidente desigualdade respecto doutros colectivos profesionais do ámbito sanitario, nomeadamente no relativo ao dereito a percibir complementos de produtividade variable, dos que os TCAE adoitan quedar excluídos, malia a súa implicación directa na actividade asistencial.

Esta situación evidencia a necesidade de adoptar medidas urxentes que permitan corrixir as deficiencias existentes, reforzar os cadros de persoal, mellorar a organización do traballo e garantir unhas condicións laborais dignas e equitativas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Avaliar de maneira exhaustiva as necesidades reais de persoal de Técnicos en Cuidados Auxiliares de Enfermaría no conxunto do sistema sanitario público galego, co obxectivo de dimensionar adecuadamente os cadros de persoal.
2. Adoptar as medidas necesarias para incrementar progresivamente o número de profesionais TCAE, reducindo así a sobrecarga asistencial e mellorando a calidade da atención prestada.
3. Impulsar melloras organizativas e estruturais ca creación da figura de coordinador/a TCAE.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



4. Garantir a equidade retributiva deste colectivo respecto doutros profesionais sanitarios, incluíndo o acceso aos sistemas de produtividade variable en función da súa participación na actividade asistencial.
5. Desenvolver políticas de recoñecemento profesional que poñan en valor a importancia do traballo desenvolvido polos Técnicos en Coidados Auxiliares de Enfermaría dentro do sistema público de saúde.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 15:15:43

Silvia Longueira Castro na data 30/03/2026 15:15:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 15:15:55





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 30/03/2026 15:19:09

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas da Xunta de Galiza para a recuperación dos bancos marisqueiros afectados polos temporais deste inverno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois de que durante varios meses as condicións meteorolóxicas impidiran que a actividade pesqueira, marisqueira e mexilloeira se puidese desenvolver con normalidade nas nosas rías, a Consellaría de Mar levou a cabo mostreos nos bancos marisqueiros durante máis de catro semanas para avaliar o impacto dos sucesivos temporais nos mesmos.

E, por fin, no Consello da Xunta do pasado 23 de marzo anúncianse medidas para a recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros afectados polos temporais por 22,7 millóns de euros.

No resumo que se fixo público desa decisión, recóllense as declaracións da propia conselleira, que indica que o obxectivo da Xunta é dar “unha resposta integral” con medidas económicas, sociais e medio ambientais” a curto, medio e longo prazo, e conclúese con que “todas as medidas están baseadas en criterios científicos, rigorosos e na colaboración co sector”.

No entanto, fálase tamén de convenios en colaboración coas confrarías, sen explicar en que consisten, con cantas confrarías ou cales foron os criterios para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conveniar con unhas e con outras non. Tamén se fala de zonas con mortalidade severa ou moderada, mais non se explicita cales son nin tampouco cales foron os criterios para decláralas dun xeito ou doutro. Ou de que os convenios coas confrarías posibilitarán a remuneración dos traballos ás persoas mariscadoras, sen especificar as cantidades e o tempo que as percibirían, ademais dos gastos en que incorran as confrarías na materialización das tarefas a levar a cabo, sen explicar os conceptos concretos dos gastos ou as cantidades.

Ademais dos convenios, recóllense 1,5 millóns de euros para a repoboación de especies, sen indicar os criterios para esas repoboacións, e de 2 millóns para reforzar proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña, sen máis explicación.

Todo isto é obvio que non se recolla nunha simple nota de prensa, mais o que non parece moi acaído é que se reúna ao sector ao día seguinte do anuncio das axudas e tampouco se lles facilite moita máis información e unicamente de palabra, de xeito que ese mesmo día moitos dos asistentes descoñecían un bo número de aspectos concretos que lles ían afectar ou lles poderían afectar.

Foi tan só a contagotas e por medio de informacións nos medios de comunicación como esas persoas e tamén as demais se foron enterando dalgúns dos pormenores das medidas anunciadas polo Goberno galego e mesmo de algunhas das confrarías que estaban afectadas por mortalidade severa ou moderada.

Dende logo, nada saben, ou teñen información moi confusa, respecto dos bancos a repoboar e tampouco do reforzo para proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña.

En definitiva, coa información que teñen, as críticas sucédense día tras día e xa son varias as confrarías que acusan á Consellaría de non ter contado coa opinión do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector e amosan serias diferencias que lles poden impedir asinar os convenios anunciados.

Ao noso xuízo, de ningunha das maneiras é de recibo este trato por parte dunha Consellaría que coñece que a situación do sector é límite, que anuncia unha serie de millóns en axudas que, como pasou en outras ocasións, non se van poder executar, ou que se oculte información e se trate de confundir.

O propio sector, despois de meses e anos moi difíciles, merece toda a información que se lle poida facilitar, medidas sociais dignas que lles permitan seguir desenvolvendo e vivindo do seu traballo e tamén medidas a medio e longo prazo que estean explicitadas con todo detalle e cun orzamento claro, que non leven a interpretacións sesgadas ou non desexadas e que lle permitan planificar minimamente a súa vida.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Facer públicos todos e cada un dos criterios que seguiu e vai seguir a Consellaría de Mar para desenvolver as axudas anunciadas após o Consello da Xunta de Galiza do pasado 23 de marzo, nomeadamente os empregados para distinguir entre zonas afectadas de mortalidade severa e moderada, en que van consistir exactamente os convenios coas confrarías, se van ser todos iguais, os traballos a realizar polas persoas mariscadoras, a remuneración correspondente por eses traballos, a que responde esa cantidade e canto tempo a percibirían, o detalle dos gastos que se poderán abonar ás confrarías, as cantidades e confrarías que recibirán axuda para a repoboación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especies e para reforzar proxectos de conservación e restauración da biodiversidade mariña.

2.- Ampliar as cantidades que se fixeron públicas que percibirán as persoas mariscadoras afectadas, igualándoas como mínimo ao que recibirían por cese de actividade e durante o tempo que sexa necesario para a recuperación constatábel dos seus bancos marisqueiros, abonándollas mensualmente e após dunha tramitación áxil e transparente.

3.- Atender con axudas directas e urxentes ás confrarías que teñen serias dificultades para manter minimamente a súa actividade por falta de ingresos e aos seus traballadores e traballadoras.

4.- Levar a cabo todas as accións que sen demora conduzan a poder dispoñer de sementeiras propias ou mixtas, que poidan surtir ás confrarías galegas de semente autóctona e que lle permitan repoboar os bancos sen necesidade de importala.

5.- Negociar co Estado español a bonificación das cotas da Seguridade Social dende o mes de novembro de 2025 ata que se normalice a actividade marisqueira.

6.- Deseñar unha verdadeira resposta integral -económica, social e medioambiental- a medio a longo prazo para salvar ao sector do mar galego, impulsalo e potencialo a través dun paquete de medidas que emanen dunha análise seria e rigorosa do estado das augas das rías e das causas da súa perda continuada de produtividade e que conclúa cas medidas máis acaídas a poñer en marcha.

7.- Trasladar ao sector e aos Grupos políticos con representación no Parlamento o informe que recolle o detalle das medidas anunciadas no prazo máximo dun mes”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 31/03/2026 9:34:13

Carmela González Iglesias na data 31/03/2026 9:34:20

Daniel Castro García na data 31/03/2026 9:34:28

Óscar Insua Lema na data 31/03/2026 9:34:36

Paulo Ríos Santomé na data 31/03/2026 9:34:44



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 9:39:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 09:39:13
Nº Rexistro: 54233
Data envío: 31/03/2026 09:39:13.883

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os últimos datos públicos coñecidos sobre a situación asistencial da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza amosan un deterioro preocupante das listas de espera. A información difundida o 12 de marzo de 2026 sitúa xa en 92 días a demora media para unha intervención cirúrxica nesta área, o peor rexistro de Galicia e un salto moi relevante respecto dos 73,5 días cos que pechara o ano 2024.

A evolución recente confirma, polo tanto, unha tendencia negativa. No primeiro semestre de 2025 a demora media xa se disparara ata os 85,7 días, e os datos coñecidos no primeiro trimestre de 2026 consolidan esa deriva ata os 92 días. A maiores, tamén empeoran os procesos de maior prioridade clínica: a espera media das intervencións de prioridade 1 pasa de 19 días en 2024 a 22 días nos últimos datos coñecidos, mentres que a prioridade 2 acada os 95 días.

Esta situación resulta especialmente grave porque se produce malia o incremento da actividade asistencial. Na área sanitaria compostelá realizáronse en 2024 un total de 39.081 intervencións cirúrxicas, un 5,3 % máis ca no exercicio anterior, ao tempo que tamén se incrementaron as consultas externas e a realización de probas diagnósticas. Porén, ese maior esforzo asistencial non se





traduciu nunha mellora dos tempos de resposta, senón nun empeoramento claro da accesibilidade para a cidadanía.

No ámbito das probas diagnósticas tampouco pode falarse dunha mellora consolidada. Se no balance de 2024 a área sanitaria informaba dunha espera media de 84,8 días para probas diagnósticas, os datos coñecidos en marzo de 2026 apuntan a que milleiros de pacientes seguen agardando máis de 100 días por unha proba, o que evidencia que a demora diagnóstica continúa nun nivel inaceptable e que non se produciu un descenso claro respecto de 2024.

As listas de espera non son só un indicador de xestión: teñen un impacto directo sobre a saúde, a calidade de vida, a ansiedade das persoas pacientes e a capacidade de resposta do sistema público. Por iso resulta imprescindible que a Xunta de Galicia active un plan específico, calendarizado, dotado de recursos e sometido a avaliación pública periódica, que permita revertir a situación da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza tanto no eido cirúrxico como no diagnóstico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en marcha un plan específico de redución das listas de espera cirúrxicas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, con obxectivos cuantificados, reforzo de recursos humanos e materiais e prioridade para as intervencións de maior gravidade clínica.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 17:05:28

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 17:05:34

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 17:05:40

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 17:05:46





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 10:03:41



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Os últimos datos públicos coñecidos sobre a situación asistencial da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza amosan un deterioro preocupante das listas de espera. A información difundida o 12 de marzo de 2026 sitúa xa en 92 días a demora media para unha intervención cirúrxica nesta área, o peor rexistro de Galicia e un salto moi relevante respecto dos 73,5 días cos que pechara o ano 2024.

A evolución recente confirma, polo tanto, unha tendencia negativa. No primeiro semestre de 2025 a demora media xa se disparara ata os 85,7 días, e os datos coñecidos no primeiro trimestre de 2026 consolidan esa deriva ata os 92 días. A maiores, tamén empeoran os procesos de maior prioridade clínica: a espera media das intervencións de prioridade 1 pasa de 19 días en 2024 a 22 días nos últimos datos coñecidos, mentres que a prioridade 2 acada os 95 días.

Esta situación resulta especialmente grave porque se produce malia o incremento da actividade asistencial. Na área sanitaria compostelá realizáronse en 2024 un total de 39.081 intervencións cirúrxicas, un 5,3 % máis ca no exercicio anterior, ao tempo que tamén se incrementaron as consultas externas e a realización de probas diagnósticas. Porén, ese maior esforzo asistencial non se

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





traduciu nunha mellora dos tempos de resposta, senón nun empeoramento claro da accesibilidade para a cidadanía.

No ámbito das probas diagnósticas tampouco pode falarse dunha mellora consolidada. Se no balance de 2024 a área sanitaria informaba dunha espera media de 84,8 días para probas diagnósticas, os datos coñecidos en marzo de 2026 apuntan a que milleiros de pacientes seguen agardando máis de 100 días por unha proba, o que evidencia que a demora diagnóstica continúa nun nivel inaceptable e que non se produciu un descenso claro respecto de 2024.

As listas de espera non son só un indicador de xestión: teñen un impacto directo sobre a saúde, a calidade de vida, a ansiedade das persoas pacientes e a capacidade de resposta do sistema público. Por iso resulta imprescindible que a Xunta de Galicia active un plan específico, calendarizado, dotado de recursos e sometido a avaliación pública periódica, que permita revertir a situación da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza tanto no eido cirúrxico como no diagnóstico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en marcha un plan específico para reducir os tempos de espera na realización de probas diagnósticas na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, reforzando a capacidade diagnóstica e establecendo un sistema público de seguimento e avaliación periódica dos resultados acadados.

Santiago de Compostela, 30 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 30/03/2026 17:05:53

Patricia Iglesias Rey na data 30/03/2026 17:06:00

Elena Espinosa Mangana na data 30/03/2026 17:06:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 30/03/2026 17:06:12



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 10:04:20
Nº Rexistro: 54244
Data envío: 31/03/2026 10:04:20.490

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 10:04:21

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

O ictus constitúe na actualidade a primeira causa de discapacidade adquirida en persoas adultas e unha das principais causas de mortalidade, configurándose como un dos maiores retos sanitarios do sistema público de saúde.

Na provincia de Ourense, este reto adquire unha dimensión especialmente relevante debido ao seu perfil demográfico. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, máis do 32 % da poboación supera os 65 anos, cun peso crecente das persoas maiores de 80 anos. Este envellecemento implica unha maior prevalencia de enfermidades neurolóxicas e un incremento do risco de ictus, con consecuencias directas sobre a autonomía persoal, a calidade de vida e a sustentabilidade do sistema sanitario e social.

Neste contexto, a posta en marcha dunha Unidade Integral de Ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), con cobertura 24 horas ao día, 365 días ao ano, non é unha opción, senón unha necesidade sanitaria urxente e unha cuestión de equidade territorial.



Porén, a realidade actual dista moito dese modelo. A denominada “Unidade de Código Ictus” posta en marcha polo Sergas non reúne as condicións estruturais, organizativas nin de recursos humanos que definen unha unidade integral, converténdose nun dispositivo claramente insuficiente para dar resposta a unha patoloxía tempo-dependente na que cada minuto resulta determinante.

O grupo parlamentario socialista encóntrase, outra vez, na obriga de alertar que a unidade presenta deficiencias no funcionamento da unidade, tanto desde o punto de vista asistencial como laboral xa que a posta en marcha realizouse sen planificación axeitada, sen reforzo suficiente de persoal e cun deseño organizativo deficiente, o que está a provocar unha elevada sobrecarga asistencial e unha importante presión sobre os profesionais.

Entre as principais carencias sinaladas destacan:

- A falta de persoal médico suficiente para asumir a activación do Código Ictus, recaendo esta responsabilidade no cadro actual sen incremento de efectivos.
- A insuficiente dotación de enfermaría con formación específica en ictus, obrigando a reforzos con persoal non especializado.
- A ausencia dun equipo multidisciplinar completo, sen profesionais de referencia en áreas clave como fisioterapia, neuropsicoloxía ou logopedia na fase aguda.
- As limitacións estruturais da unidade, con só dúas habitacións individuais e dúas dobres, o que dificulta a atención en condicións adecuadas.
- A falta de coordinación e organización interna, que incrementa a carga de traballo e pode comprometer a calidade asistencial.

Estas deficiencias prodúcense, ademais, nun contexto no que a área sanitaria de Ourense presenta unha elevada incidencia de patoloxías neurolóxicas, con miles

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





de pacientes afectados por enfermidades como Alzheimer, Parkinson, esclerose múltiple ou migraña, o que incrementa a presión sobre os servizos de neuroloxía.

A todo isto súmase unha carencia estrutural clave: a inexistencia de capacidade para realizar trombectomías mecánicas no CHUO, o que obriga ao traslado dos pacientes máis graves a centros hospitalarios doutras áreas, como Vigo, con perdas de tempo asistencial crítico que poden condicionar de maneira irreversible o pronóstico dos doentes.

Cómpre lembrar que, no ictus, o tempo é cerebro. Cada minuto de atraso na atención supón perda neuronal e diminución das posibilidades de recuperación funcional.

Por tanto, a situación actual evidencia unha falta de planificación sanitaria, unha infradotación de recursos e unha resposta claramente insuficiente por parte da Xunta de Galicia ante un problema de primeira magnitude.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proceder á implantación dunha Unidade Integral de Ictus no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con funcionamento continuo 24 horas ao día, 365 días ao ano.
2. Garantir a dotación completa de persoal especializado, incluíndo neurólogos, neurorradiólogos intervencionistas, persoal de enfermaría con formación específica, técnicos e persoal auxiliar, con cobertura en todas as quendas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



3. Dotar ao CHUO dos medios técnicos necesarios para a atención integral do ictus, incluíndo a capacidade para realizar trombectomías mecánicas e acceso inmediato a probas de imaxe avanzada.
4. Incorporar un equipo multidisciplinar completo na atención ao ictus, con profesionais de fisioterapia, neuropsicoloxía, logopedia e rehabilitación desde a fase aguda.
5. Adoptar medidas urxentes para corrixir as deficiencias organizativas e estruturais denunciadas polos profesionais, garantindo condicións de traballo axeitadas e unha atención segura e de calidade.
6. Desenvolver un plan específico de mellora do transporte sanitario urxente na provincia de Ourense, garantindo tempos de resposta axeitados e recursos suficientes en todo o territorio.
7. Establecer un cronograma público, verificable e con dotación orzamentaria específica para a implantación efectiva da Unidade Integral de Ictus en Ourense.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 31/03/2026 11:54:34

Elena Espinosa Mangana na data 31/03/2026 11:54:42

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 11:54:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 11:54:55



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 11:57:49
Nº Rexistro: 54273
Data envío: 31/03/2026 11:57:49.718

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 11:57:50

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar con carácter inmediato a redacción e execución dun proxecto de rehabilitación integral das instalacións e accesos do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, garantindo condicións adecuadas de accesibilidade, seguridade e funcionalidade para as persoas usuarias e profesionais.
2. Adoptar de maneira urxente medidas provisionais que permitan o uso seguro das instalacións mentres non se executa a actuación estrutural definitiva, incluíndo a adecuación temporal dos accesos, a eliminación de obstáculos e a mellora das condicións de mobilidade.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:04:22

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:04:27

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:04:35



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2026 13:09:25
Nº Rexistro: 54280
Data envío: 31/03/2026 13:09:25.836

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:09:26

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida específica no presente exercicio dos Orzamentos da Xunta de Galicia para asegurar a execución inmediata das obras e a súa finalización nun prazo certo e reducido.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:04:42

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:04:47

Patricia Iglesias Rey na data 31/03/2026 13:04:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:04:59





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:10:11



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida específica no presente exercicio dos Orzamentos da Xunta de Galicia para asegurar a execución inmediata das obras e a súa finalización nun prazo certo e reducido.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:05:07

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:05:12

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:05:19





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:10:31

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A atención ás persoas con discapacidade debe constituír unha prioridade absoluta das políticas públicas, garantindo non só a existencia de recursos e servizos suficientes, senón tamén unhas condicións materiais adecuadas que aseguren a dignidade, a seguridade e a plena accesibilidade das persoas usuarias. A accesibilidade universal non é unha opción nin unha mellora complementaria, senón unha obriga legal e un dereito fundamental que debe guiar a planificación e execución das infraestruturas e servizos públicos.

Porén, a situación actual do Centro de Atención á Discapacidade de Souto de Leixa, no concello de Ferrol, evidencia importantes deficiencias nas condicións de accesibilidade e nos accesos ás instalacións, obrigando ás persoas usuarias con mobilidade reducida a afrontar dificultades e riscos impropios dun recurso público destinado precisamente á atención da discapacidade. A persistencia destas carencias supón unha vulneración dos principios de igualdade e inclusión, ademais de evidenciar unha falta de planificación e de prioridade por parte da Xunta de Galicia na atención a este colectivo.

Resulta especialmente grave que, tratándose dun centro especializado na atención á discapacidade, non se teñan adoptado ata o momento as actuacións

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





necesarias para garantir condicións plenamente accesibles e seguras. Esta situación require unha resposta inmediata e decidida por parte do Goberno galego, tanto mediante a execución dunha rehabilitación integral das instalacións como a través da adopción de medidas provisionais que permitan garantir a seguridade das persoas usuarias mentres non se acometa a actuación estrutural definitiva.

A dignidade das persoas con discapacidade e o dereito a recibir unha atención adecuada non poden quedar condicionados á falta de investimento ou á demora na toma de decisións administrativas. Cómpre actuar con urxencia e responsabilidade institucional para dar solución a unha problemática que afecta directamente á calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e presentar perante o Parlamento galego, no prazo máximo dun mes, un informe urxente no que se detalle o estado actual das instalacións, as actuacións provisionais adoptadas e o calendario previsto para a rehabilitación integral.

Santiago de Compostela, 31 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 13:05:27

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 13:05:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 13:05:40





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 31/03/2026 13:11:10

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar Insua Lema** e da deputada **Rosana Pérez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, sobre a necesidade de crear un plan de rexeneración do marisco e unha liña de axudas específica para as mariscadoras de Camariñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de decembro de 2025 a Confraría de pescadores de Camariñas reuniu en sesión extraordinaria á súa xunta xeral para aprobar a modificación do plan de xestión para moluscos bivalvos (PE403 A 2023/17-1) para os anos 2024, 25 e 26, co fin de paralizalo temporalmente ante a imposibilidade de mariscar nas subzonas de explotación, en base aos informes emitidos polos técnicos da zona.

O 11 de marzo, logo de rexistrar o BNG días antes na mesa da Comisión 8 unha iniciativa para pedir a finalización do expediente, a Consellería aprobou definitivamente a “adaptación do Plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e dende embarcación en zonas de autorización da confraría de pescadores de Camariñas, suspendendo a actividade extractiva nos bancos marisqueiros dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026 (ámbolos dous incluídos), establecendo unha veda extraordinaria nese período”.

Esta modificación fará posible que as mariscadoras poidan solicitar as axudas polo cese da actividade no I.S.M., dado que cotizan no Réxime Especial de Traballadoras do Mar, ante a falla de alternativas da consellería do Mar e ante a falla dunha orde de axudas específica para este colectivo. Unha situación que vén dada pola

Asinado o día 01/04/2026 ás
09:15
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 01/04/2026 ás
09:15
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nefasta actuación da Consellería que leva escapando deste problema dende hai moito tempo e non foi capaz de ofrecer unha solución terminante para recuperar os bancos marisqueiros en Camariñas.

No Consello da Xunta do pasado 23 de marzo anunciáronse medidas para a recuperación e rexeneración dos bancos marisqueiros afectados polos temporais das últimas semanas por 22,7 millóns de euros. Na nota de prensa que publicaron afirmaban que “A través dos convenios coas confrarías que se asinarán proximamente, garantirase que as persoas vinculadas ás entidades que rexistraron zonas con mortalidade severa ou moderada e que teñan perdas de ingresos poidan recibir unha remuneración para compensalas por este labor de recuperación e rexeneración dos bancos. Así, as persoas mariscadoras que realicen as horas máximas de traballo, 48 horas ao mes, percibirán uns 700 euros. O proceso, garantiúlles a titular de Mar, farase en todo momento da man do sector.”

Ao día seguinte de publicar o anuncio das axudas, dende a Consellería chamaron as mariscadoras de Camariñas para dicirlles que non solicitaran as axudas ao ISM polo cese da actividade, que esperaran a ver se entraban nesta última liña de axudas. Días despois, volven a chamarlles para comunicarlles que non entran e que soliciten as axudas ao ISM. A escusa é que non existe mortalidade nin severa nin moderada, algo previsible pois tal e como afirmaban dende o colectivo “Non había nada para morrer» como xa sabían dende a Xunta.

Este comportamento da Consellería do Mar coas mariscadoras de Camariñas é denigrante, humillante e unha burla reiterada contra un colectivo que o único que pretende é traballar para manter unha actividade que é o sustento do seu futuro laboral e económico. E dicimos reiterada, porque xa na última reunión que mantivo a consellería en novembro do ano pasado a responsable territorial, María Canelo convidounas con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

palabras textuais a abandonar a profesión “Se fora eu , iría mirando de buscar outro traballo”, como xa lembrabamos noutra iniciativa anterior.

De todos é sabido, que non todas as mariscadoras de Camariñas van ter o mesmo grado de satisfacción nas axudas do ISM, pois nin van cobrar as mesmas cantidades, nin a duración vai ser a mesma, porque depende das condicións persoais de cotización de cada unha delas, o que pode provocar o abandono definitivo da actividade, como viñeron facendo un bo número delas nos últimos anos debido á falla dunha actuación resolutoria e contundente por parte da Consellería ante a problemática concreta nos areas camariñáns.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a elaborar un plan específico de rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros en Camariñas, acompañado dunha liña de axudas complementaria ás do ISM para as mariscadoras durante todo o período de veda extraordinaria acordado pola Consellería do Mar.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 01/04/2026 9:15:46

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2026 9:15:53



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54328
Data envío: 01/04/2026 09:16:55.412

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 9:16:56

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 10:03:30
Nº Rexistro: 54334
Data envío: 01/04/2026 10:03:30.974

Asinado o día 01/04/26
10:01
Por Rosana Pérez Fe

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, para acadar unha base medicalizada do 061 para o distrito sanitario de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por estas datas téñense que comezar a definir as características do novo concurso de transporte urxente, e dicir, cantas ambulancias vai haber, de que tipo, e onde se localizarán, é dicir, como se vai dimensionar a “Rede de transporte sanitario urxente de Galicia (RTSUG-061)”.

Na medicina de emerxencias, como en todo, existen unha serie de máximas, axiomas ou conceptos que deben gobernar o quefacer dos profesionais. Un concepto moderno na medicina de emerxencias, é a da *Hora de Ouro*, a respecto da cal a Dirección Xeral de Tráfico (DXT) dicía en maio do 2023: “*comprende el intervalo de tiempo que abarca desde que tiene lugar un accidente hasta los 60 minutos posteriores. Esos 60 minutos son claves, ya que una intervención rápida y eficiente puede suponer la diferencia entre la vida y la muerte*”. Este concepto de *Hora de Ouro* non o definiu a DXT senón que foi o celebre Dr Adams Cowley no 1960 cando dixo: “hai unha ‘hora dourada’ entre a vida e a morte. Se vostede é lesionado gravemente, conta con menos de 60 minutos para sobrevivir. Tal vez non morra entón, pode ser tras días ou dúas semanas despois, pero algo pasou no seu corpo que é irreparable”.

Asinado o día 01/04/2026 ás
10:01
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 01/04/2026 ás 10:01
Por Secundino Fernández
Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Nunha emerxencia precisase pois dar unha atención axeitada no tempo correcto, tendo sempre en conta que se o tempo de supervivencia é menor ao tempo de resposta o paciente morrerá antes de recibir a axuda axeitada.

O distrito sanitario de Valdeorras está formado polos seguintes concellos, por orde de poboación: O Barco, A Rúa, Viana do Bolo, Trives, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá, A Veiga, O Bolo, Manzaneda, Petín, San Xoán de Río, Vilariño de Conso e Larouco. Destes concellos, Vilariño de Conso e San Xoán de Río pertencen oficialmente aos distritos de Verín e Ourense, mais iso é só a realidade oficial posto que Vilariño de Conso é en efecto unha zona de saúde con grande dependencia do distrito de Valdeorras, e San Xoán de Río apareceu tradicionalmente ligado á asistencia no HPV. O noso distrito ten unha poboación aproximada de 32000 persoas espalladas por 1685 Km cadrados (contando San Xoán de Río e Vilariño de Conso) Todos estes concellos teñen o seu respectivo centro de saúde, e o distrito un pequeno hospital: o Hospital Público de Valdeorras (HPV)]

A densidade de poboación no noso distrito “real”, varía dende os aproximadamente 155,26 habitantes por Km² do Barco de Valdeorras até os 2,5 habitantes por Km² de Vilariño de Conso, os 3,01 da Veiga ou os 10,59 de Viana do Bolo. É, por tanto, un distrito sanitario extenso e despoboado, con xentes dispersas por territorios de montaña con malas comunicacións, no referido isto último tanto a servizos de transporte como a infraestruturas.

As distancias no distrito con respecto ás poboacións e o noso hospital de referencia en Valdeorras son inasumíbeis para unha actuación urxente cunha ambulancia asistencial de Soporte Vital Básico agás que se medicalice cos profesionais dos Centro de Saúde ou dos PAC do distrito: temos distancias de O Barco a Pradorramisquedo entre 63,8 a 75,6 Km dependendo das rutas, e de 86 a 90 minutos de tardanza ate contactar co paciente.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dada a situación xeográfica, a orográfica, a situación das vías de comunicación, a dispersión poboacional, a realidade socioeconómica do distrito sanitario, que a actual situación dos recursos asistenciais da Rede de Transporte Sanitario Urxente da Galiza-061 non contemple unha ambulancia asistencial de Soporte Vital Avanzado é un feito grandemente discriminatorio e inadmisíbel para co distrito sanitario de Valdeorras.

Outros distritos teñen este recurso asistencial sexa medicalizada, como contempla en Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Foz, Ourense, Pontevedra, Vigo, Mos, Monforte de Lemos, Coruña (dúas), e O Salnés; ou ben sexa de soporte Vital Avanzado de Enfermaría como contempla na Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lalín e Moaña.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a que no novo concurso de transporte sanitario terrestre se contemple unha base con ambulancia de soporte vital avanzado medicalizada ou de enfermaría dentro da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galiza (RTSUG-061) para o distrito sanitario de Valdeorras”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 01/04/2026 10:01:32

María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2026 10:01:42

Rosana Pérez Fernández na data 01/04/2026 10:01:50



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 10:03:30
Nº Rexistro: 54334
Data envío: 01/04/2026 10:03:30.974

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 10:03:31

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Angel Rodríguez Conde, Roberto Rodríguez Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No concello de Padrón, na provincia da Coruña, os veciños levan máis de 20 anos reclamando unha rotonda no cruzamento da Escravitude coa estrada nacional N-550, entre os marcadores quilométricos 77+070 e 78+010. Este cruzamento considérase moi perigoso, xa que se producen accidentes con frecuencia. Ademais, este tramo forma parte do Camiño Portugués a Santiago de Compostela, o que aumenta o risco de atropelos de peóns e peregrinos por vehículos. A estrada tamén discorre paralela á vía do tren, o que compromete aínda máis a seguridade, e é utilizada con frecuencia por ciclistas debido á densa poboación.

O 5 de xullo de 2022, un cidadán presentou unha solicitude por escrito á Dirección Xeral de Estradas do Estado en Galicia, dependente da Consellería de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, para varias melloras na estrada mencionada. Na súa resposta, con data do 12 de agosto de 2022 e rexistrada coa referencia G-LC-2357, a Consellería indicou expresamente que a execución da rotonda estaba incluída nun Proxecto de Obra en curso de redacción.

Transcorreron máis de tres anos desde aquel anuncio oficial e non houbo máis novas sobre o progreso da redacción, aprobación ou licitación do proxecto. Non se publicou información sobre prazos, asignación orzamentaria ou execución proxectada, a pesar de que o propio Ministerio recoñeceu o proxecto como necesario para mellorar a seguridade viaria.



Non é razoable que un proxecto declarado "en fase de redacción" permaneza paralizado durante máis de tres anos sen ningunha explicación pública nin resultados tanxibles. Esta falta de dilixencia por parte do Goberno é especialmente preocupante tendo en conta que se trata dun coñecido colo de botella na rede viaria estatal e unha vía onde converxen o tráfico interurbano, o tráfico local e os peóns.

Trátase dunha medida esencial para mellorar a seguridade viaria, xa que as rotondas reducen significativamente os accidentes ao minimizar os conflitos entre vehículos, evitar colisións frontais e obrigar aos condutores a reducir a velocidade. A súa construción en interseccións como A Escravitude melloraría a seguridade tanto dos condutores como dos numerosos peregrinos que percorren este tramo do Camiño Portugués a Santiago.

A inacción do Goberno durante este tempo non só atrasa un proxecto prioritario, senón que transmite unha preocupante sensación de abandono cara a un concello que leva anos agardando unha resposta eficaz a un problema de seguridade viaria que podería evitarse cunha actuación sinxela e planificada xa comprometida polo propio Ministerio.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que o Goberno de España rectifique esta política, garanta os recursos necesarios e asuma a súa responsabilidade no financiamento das infraestructuras viarias no relativo a seguridade viaria.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

- 1.- Destinar os fondos económicos necesarios para a redacción do proxecto constructivo da rotonda prevista na travesía de A Escravitude (Padrón), entre os puntos kilométricos 77+070 e 78+010 da estrada N-550.





- 2.- Destinar os fondos económicos necesarios para a realización da construción de dita rotonda no punto anteriormente mencionada”.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 11:43:07



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 11:43:19
Nº Rexistro: 54354
Data envío: 01/04/2026 11:43:19.738

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 11:43:20

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

O sector agrario constitúe un pilar esencial da economía galega e do desenvolvemento do medio rural, non só pola súa contribución á produción de alimentos de calidade, senón tamén polo seu papel na fixación de poboación, na conservación da paisaxe e na dinamización económica de amplas zonas do territorio.

Nos últimos anos, o sector primario está a atravesar unha situación de especial dificultade derivada do notable incremento dos custos de produción. Entre os factores que máis están a afectar ás explotacións agrícolas e gandeiras destacan a subida do prezo dos carburantes, especialmente do gasóleo agrícola, o encarecemento dos fertilizantes, o incremento dos custos da enerxía eléctrica, así como o aumento do prezo dos pensos e doutros insumos necesarios para a actividade produtiva.

A estes factores súmanse outras dificultades que afectan á competitividade do sector, como incremento das cargas administrativas, as esixencias normativas cada vez máis complexas ou a competencia de produtos procedentes de terceiros países que non sempre cumpren os mesmos estándares produtivos e ambientais que se esixen aos produtores europeos.

Esta situación está a reducir de maneira significativa a rendabilidade das explotacións agrarias e a comprometer a súa viabilidade económica, especialmente no caso das explotacións familiares que constitúen a base do modelo agrario galego.

Neste contexto resulta necesario que as administracións públicas adopten medidas que contribúan a aliviar a presión económica que soporta o sector primario. Entre estas medidas destaca a posibilidade de reducir a carga fiscal asociada ao IVE aplicado aos produtos agrarios e aos principais insumos utilizados nas explotacións.





A redución do IVE permitiría contribuír á diminución dos custos que soporta o sector, mellorar a competitividade das explotacións e reforzar a sustentabilidade económica do sector agrario.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central para:

1. Reducir o tipo de IVE aplicable aos produtos agrarios e aos principais insumos necesarios para a actividade agrícola e gandeira, co obxectivo de aliviar os custos de produción que soporta o sector primario.
2. Impulsar medidas fiscais que contribúan a mellorar a rendabilidade das explotacións agrícolas e gandeiras, garantindo a viabilidade do sector primario e o mantemento da actividade agraria no medio rural
3. Adoptar políticas de apoio ao sector agrario que permitan facer fronte ao incremento dos custos de produción, reforzando a competitividade das explotacións e garantindo o abastecemento alimentario.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 12:41:01



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 12:41:43
Nº Rexistro: 54372
Data envío: 01/04/2026 12:41:43.290

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 12:41:44

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:05:29
Nº Rexistro: 54380
Data envío: 01/04/2026 13:05:29.760

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:04
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Saleta Chao Rivas** e **Iria Taibo Corsanego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o modelo turístico no contexto da crise derivada da intervención militar de EUA e Israel en Irán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un mes despois de que os Estados Unidos e Israel atacasen Irán nunha violación máis do dereito internacional perpetrada por estes dous países, o Consello da Xunta deu luz verde a unha serie de medidas deseñadas, en palabras do Presidente da Xunta, para mitigar as consecuencias da guerra.

Entre esas actuacións detallou a “promoción do destino Galiza como refuxio de tranquilidade e autenticidade fronte á masificación doutros destinos mediterráneos”. Na nota de prensa posterior ao Consello indicábase que se trata de “converter a crise xeopolítica actual nunha oportunidade de mercado, ofrecendo ao turista internacional un destino seguro e estable fronte a inestabilidade en Oriente Medio e Asia.

Non é a primeira vez que a Xunta de Galiza utiliza unha crise para a promoción turística do noso país, como xa vimos coa promoción en FITUR no seu momento de Galiza como refuxio climático, obviando as gravísimas consecuencias que a emerxencia climática ten para o noso país, como a vaga de lumes do verán de 2025.

Desta volta, a Xunta de Galiza decide utilizar a escalada bélica iniciada polos Estados Unidos e Israel como unha oportunidade de promoción turística, en palabras da

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:04
Por Iria Taibo Corsanego

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:03
Por Saleta Chao Rivas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

propia administración galega, para “converter a crise xeopolítica actual nunha oportunidade de mercado”.

Galiza non é allea ás consecuencias das guerras imperialistas, como co aumento do custo da vida que, día a día, fai máis difícil encher o depósito ou facer a compra. O Goberno galego non pode facer dunha situación crítica que ten consecuencias tamén na poboación galega unha oportunidade de negocio.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Desistir na utilización das crises que afectan ao noso país, como a emerxencia climática ou as consecuencias da escalada bélica iniciada polos Estados Unidos e Israel contra Irán, para promover Galiza como destino turístico.

- Que o Presidente da Xunta de Galiza faga unha rectificación pública deste posicionamento.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Saleta Chao Rivas na data 01/04/2026 13:03:58

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 13:04:05

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2026 13:04:11



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:05:29
Nº Rexistro: 54380
Data envío: 01/04/2026 13:05:29.760

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:05:30

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:14:42
Nº Rexistro: 54386
Data envío: 01/04/2026 13:14:42.612

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:12
Por Daniel Castro Ga

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre o uso do galego nos seguros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo octavo da Lei 50/1980, do Contrato de Seguro establece que “A póliza do contrato deberá redactarse, a elección do tomador do seguro, en calquera das linguas españolas oficiais no lugar onde aquela se formalice. Se o tomador o solicita, deberá redactarse noutra lingua distinta, de conformidade coa [Directiva 92/96, do Consello](#) da Unión Europea, de 10 de novembro de 1992”.

O terceiro punto do Artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galiza establece que “os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.

O Artigo 3 da Lei de Normalización Lingüística establece que “os poderes públicos de Galiza adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua”.

O Plan Xeral de Normalización Lingüística, entre os seus obxectivos xerais, indica “garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións e “conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos”. O sector 4 do Plan, dedicado á economía, establece, entre outras medidas: “Comunicación

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:12
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 01/04/2026 ás
13:12
Por Iria Taibo Corsanego



oficial da Xunta de Galicia ás empresas recomendando actitude favorable á lingua”, que non temos constancia que se producira.

A exclusión práctica do galego no sector dos seguros contradí toda esta normativa, alén de representar un grave problema para o dereito de elección da cidadanía. Na actualidade, só o 1% das pólizas de seguros que se subscriben en Galiza están en galego. A imposibilidade da elección fica acreditada con casos como o da empresa Allianz, que tivo que ser obrigada pola xustiza a garantir a dispoñibilidade das súas pólizas en galego, nunha querela presentada por un cidadán a través dos servizos xurídicos da Mesa pola Normalización Lingüística en 2022.

O goberno galego, alén das súas obrigas legais e estatutarias, ten capacidade para incidir neste sector, que afecta practicamente a toda a cidadanía do país, polo que resulta de grande importancia para o obxectivo de normalización da lingua galega. Esta actuación pode producirse tanto desde o punto de vista público, levando a cabo unha campaña de información dos dereitos lingüísticos da cidadanía (e das obrigas das compañías aseguradoras), como dirixíndose directamente a estas empresas para, nun primeiro lugar, demandar que todas as pólizas que teña contratado o propio goberno galego estean na nosa lingua, e alén diso demandar tamén que informen axeitadamente a cidadanía e faciliten as pólizas en lingua galega sen dificultades.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1. Levar a cabo un estudo sobre a presenza da lingua galega no sector dos seguros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:14:42
Nº Rexistro: 54386
Data envío: 01/04/2026 13:14:42.612

2. Dirixirse ás empresas aseguradoras que operan en Galiza para lles comunicar a súa obriga de facilitaren as pólizas en galego.

3. Garantir que todas as pólizas de seguros subscritas polo goberno galego, actuais e as que se subscriban no futuro, estean en lingua galega.

4. Pór en marcha unha campaña de divulgación dos dereitos lingüísticos da cidadanía no ámbito dos seguros, dirixida tanto ás compañías de seguros como aos cidadáns e cidadás”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 13:12:08

Mercedes Queixas Zas na data 01/04/2026 13:12:14

Daniel Castro García na data 01/04/2026 13:12:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 01/04/2026 13:12:34

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2026 13:12:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:14:42
Nº Rexistro: 54386
Data envío: 01/04/2026 13:14:42.612

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:14:43

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

No CEIP Ponzos, no concello de Ferrol, a comunidade educativa vén trasladando de forma reiterada a existencia de carencias estruturais en materia de atención á diversidade, que afectan directamente ao dereito do alumnado a recibir unha educación inclusiva e de calidade. Estas necesidades concrétanse, fundamentalmente, na insuficiencia de recursos de orientación educativa, profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e persoal coidador especializado.

A actual dotación resulta claramente insuficiente para atender as necesidades reais do alumnado, o que está a dificultar o acceso a unha resposta educativa



individualizada e a comprometer o desenvolvemento académico e persoal de numerosos nenos e nenas.

Esta situación evidencia problemas de planificación e organización dos recursos por parte da Administración educativa, que non está a garantir unha cobertura estable e adecuada dos servizos de apoio nos centros educativos. A falta de profesionais suficientes e a previsión de manter modelos de atención compartida en ámbitos clave como a orientación supón un risco evidente para a correcta detección, diagnóstico e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio.

A insuficiencia destes recursos supón unha vulneración efectiva do principio de equidade e da atención á diversidade que debe rexer o sistema educativo, dificultando o desenvolvemento académico, social e emocional do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a dotación dun orientador ou orientadora a tempo completo no CEIP Ponzos para o vindeiro curso escolar, evitando o modelo de compartición con outros centros educativos.
2. Incrementar a dotación de profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe no centro, asegurando a cobertura efectiva de todas as necesidades educativas do alumnado.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



3. Reforzar o persoal coidador especializado adscrito ao centro, incorporando unha nova figura profesional que permita atender de maneira adecuada ao alumnado con necesidades educativas que así o requiran.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 31/03/2026 19:50:53

Silvia Longueira Castro na data 31/03/2026 19:50:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 31/03/2026 19:51:06



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:29:43
Nº Rexistro: 54394
Data envío: 01/04/2026 13:29:43.638

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:29:44

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Cristina Campero Dorado, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

A comarca da Limia constitúe un dos principais motores agrogandeiros de Galicia. Pero, o potencial desta comarca atópase hoxe lastrado polo deficiente estado de conservación das infraestruturas que dependen do Estado, concretamente da N-525.

A seguridade viaria na Limia non pode ser unha cuestión secundaria. O firme da N-525 ao seu paso por concellos como Xinzo, Sandiás ou Trasmiras presenta un deterioro alarmante, con fochancas, perda de adherencia e unha sinalización horizontal case invisible en moitos tramos. Esta situación agrávase pola densidade de tráfico pesado vinculado á actividade agrícola e o transporte de mercadorías.

Mentres a Xunta de Galicia mantén un esforzo investidor constante nas estradas de titularidade autonómica, o Goberno de España parece ter esquecido a Limia. Non se trata só de estética ou comodidade; falamos dunha falta de mantemento que pon en risco vidas e que supón un freo á competitividade dos nosos produtores. Un rural con futuro precisa estradas dignas, non parches de urxencia que desaparecen coa primeira chuva.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei para o debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para:

1. Executar de xeito urxente un plan de rehabilitación integral do firme e mellora da capa de rodadura na estrada N-525 ao seu paso pola comarca da Limia.





2. Mellorar a sinalización tanto vertical como horizontal e os elementos de balizamento, garantindo a seguridade en condicións de baixa visibilidade, frecuentes na zona debido á néboa.
3. Garantir un investimento estable e plurianual nos orzamentos xerais do Estado para o mantemento ordinario das vías nacionais na provincia de Ourense, evitando que o abandono institucional condene á obsolescencia as comunicacións do noso rural.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 13:33:48



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/04/2026 13:34:15
Nº Rexistro: 54403
Data envío: 01/04/2026 13:34:15.862

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 13:34:16

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Katherinie Varela Fernández, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

O pasado 17 de novembro de 2023, o alcalde de Monforte de Lemos, o señor José Tomé, publicaba unha nota de prensa mediante a cal anunciaba a sinatura dun convenio fundamental e estratéxico para a cidade de Monforte de Lemos.

Trátase dun convenio para a construción da rolda urbana entre a estrada Nacional 120 e a Nacional 120-A, orzamentado en sete millóns e medio de euros, asinado co Ministerio de Transportes e Mobilidade e coa Deputación de Lugo.

O convenio contemplaba cinco anualidades, cun remate das obras no ano 2028.

Sen embargo, non se executou aínda nin o primeiro euro comprometido, a pesar de que estaba previsto comezar cun investimento no 2024 de 750.000 euros.

No pasado pleno do mes de decembro aprobouse unha nova prórroga, o que evidencia que en case tres anos desde que se anunciara a sinatura do convenio non se investiu nin o primeiro euro. Isto parécenos unha actuación inaceptable por parte do alcalde de Monforte de Lemos, do presidente da Deputación, que era el neses intres, e do Goberno de Sánchez contra a provincia de Lugo e, en concreto, contra a cidade de Monforte de Lemos.

Por todo o exposto, trasladamos a seguinte proposta de acordo para a súa aprobación en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Transportes, á Deputación de Lugo e ao Concello de Monforte de Lemos a dar cumprimento ao convenio asinado en novembro de 2023 para a construción da rolda urbana entre a estrada Nacional 120 e a Nacional 120-A.”

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 01/04/2026 14:10:58





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 14:11:25



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

A política de prevención de incendios forestais en Galicia leva anos instalada na mesma dinámica : atrasos reiterados, falta de planificación e unha execución claramente insuficiente dos fondos públicos destinados á xestión preventiva do monte.

Un exemplo especialmente significativo é o das axudas para a prevención en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta. A orde correspondente ao exercicio 2024 foi publicada en decembro de 2024, convocada en xaneiro de 2025 e co prazo de solicitude pechado en febreiro dese mesmo ano. Porén, non foi resolta ata febreiro de 2026, é dicir, máis dun ano despois.

Isto implica que unhas axudas destinadas a planificar e executar actuacións preventivas no exercicio correspondente, resolvéronse cando ese prazo xa estaba completamente superado.

Falamos de 283 expedientes aprobados por un importe duns 5,4 millóns de euros, que inclúen actuacións fundamentais para a prevención:

- 1.000 hectáreas de cortalumes

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





- 4.685 hectáreas de desbroces en monte
- 1.200 hectáreas de faixas de xestión
- 841 quilómetros de pistas
- 550 hectáreas de tratamentos de selvicultura preventiva

E, sen embargo, a Xunta pretende agora que todas estas actuacións se executen en apenas catro meses, cando o prazo inicialmente previsto era de ata 17 meses. Calquera persoa que coñeza o funcionamento do sector forestal sabe que isto non é viable.

Estamos a falar de actuacións que requiren planificación, contratación, dispoñibilidade de empresas e condicións meteorolóxicas axeitadas. Pretender concentrar todo nun prazo tan reducido non só é irreal, senón que evidencia unha grave falta de planificación por parte da Administración.

Por elo , Durante o ano 2025, miles de hectáreas e centos de quilómetros de infraestruturas forestais quedaron sen actuar, mentres os fondos permanecían bloqueados sen executarse.

E mentres tanto, producíronse incendios que afectaron a superficies que poderían ter sido obxecto destas actuacións preventivas.

É dicir, a Xunta non só chegou tarde, senón que en moitos casos chegou despois do dano.

A isto hai que engadir a existencia de expedientes denegados exclusivamente por falta de crédito, é dicir, proxectos correctos desde o punto de vista técnico que quedan fóra por unha previsión orzamentaria insuficiente.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



E, paralelamente, hai actuacións que xa non se poderán executar, ben porque os montes foron afectados por incendios, ben porque as condicións actuais as fan inviables.

O resultado é un escenario difícil de xustificar: axudas que chegan tarde, proxectos que quedan fóra e actuacións que xa non se poden realizar.

No caso das actuacións en monte conveniado (Capítulo VI), a situación repite o mesmo patrón.

Os fondos correspondentes ao exercicio 2024, por importe de 3 millóns de euros, están sendo licitados neste momento, sen que os distritos teñan aínda capacidade real para executalos nos prazos previstos.

Todo isto prodúcese nun contexto de saturación do sector, con empresas que xa están asumindo actuacións acumuladas, obras de emerxencia tras incendios e a retirada de madeira queimada, o que fai materialmente imposible cumprir cos prazos que agora se están a esixir.

E no ámbito da selvicultura, a situación é igualmente reveladora.

A Xunta habilitou 15 millóns de euros para 2026, pero a resposta do sector foi mínima: apenas 2 millóns solicitados, debido a unha orde mal deseñada, complexa e con erros advertidos e non corrixidos.

En definitiva, estamos ante unha política de prevención que chega tarde, execútase mal, non dimensiona adecuadamente os recursos e non responde á realidade do territorio.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





E cando falla a prevención, o resultado xa o coñecemos: máis incendios, máis superficie queimada e máis custo público.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar e corrixir a orde de axudas de selvicultura de 2026, incorporando as demandas do sector e garantindo claridade e simplificación administrativa.
2. Convocar con carácter urxente as liñas correspondentes aos exercicio 2026, garantindo continuidade, previsibilidade e estabilidade nas políticas de prevención forestal.
3. Adoptar as medidas organizativas, técnicas e de persoal necesarias para garantir que as convocatorias de axudas en materia de prevención se resolvan dentro do exercicio correspondente.
4. Ampliar de maneira inmediata o crédito das axudas de prevención, co fin de incorporar todas aquelas solicitudes que cumpren os requisitos técnicos e foron excluídas unicamente por esgotamento do crédito dispoñible.
5. Presentar no Parlamento de Galicia un informe detallado sobre o grao de execución dos fondos de prevención, capítulo VI e capítulo VII, por distrito forestal, incluíndo actuacións non realizadas, causas e impacto territorial.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/04/2026 16:09:15

Lara Méndez López na data 01/04/2026 16:09:22

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 16:09:28





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 16:11:20





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54427
Data envío: 01/04/2026 16:31:42.649

Asinado o día 01/04/2026 ás
16:31
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a oferta formativa de Formación Profesional e de educación para persoas adultas en Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Oleiros é un dos maiores concellos da comarca da Coruña, con case 40.000 habitantes, o segundo concello despois da cidade. Na actualidade, conta con tres Institutos de Educación Secundaria (María Casares, Neira Vilas e Miraflores), dos que só o IES María Casares conta con oferta de Formación Profesional, concretamente un Ciclo Formativo de Grao Básico de Electricidade e Electrónica. Dese xeito, o alumnado de Oleiros interesado nos ciclos formativos só conta cun ciclo básico en todo o concello, o que resulta insuficiente, e tamén rechamante tendo en conta a realidade deste concello.

Hai outros centros da comarca que ofertan outros tipos de estudos de Formación Profesional, incluídos ciclos medios e superiores, mais o funcionamento do transporte público non contribúe precisamente á mobilidade do alumnado.

Alén disto, en todo Oleiros tampouco existe na actualidade oferta para a Educación Secundaria para Adultos (ESA), feito que consideramos que é preciso corrixir, tendo en conta que tampouco existen en Oleiros estudos de Bacharelato ou ESO en horario nocturno.

A realidade dinámica de Oleiros fai preciso que se estude a situación do tecido empresarial da comarca, e da propia localidade, ademais das preferencias e necesidades

Asinado o día 01/04/2026 ás
16:31
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 01/04/2026 ás
16:31
Por Iria Taibo Corsanego



do alumnado, en colaboración cos centros de ensino, para poder implantar estudos de Formación Profesional adaptados á realidade laboral e educativa dun concello que continúa a medrar en poboación.

Tamén se fai preciso implantar estudos que permitan a educación de persoas adultas, sexa a través da inclusión da ESA ou da inclusión da oferta da ESO e do Bacharelato en horario nocturno.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Levar a cabo un estudo destinado a coñecer as necesidades formativas da poboación de Oleiros, en relación coa realidade laboral e do transporte na comarca.
2. En colaboración coa comunidade educativa dos IES de Oleiros, facer unha enquisa entre o alumnado e coñecer as súas preferencias formativas.
3. Implantar novos estudos de Formación Profesional en Oleiros, adaptados á realidade laboral e demográfica do concello.
4. Implantar novos estudos de ESO e bacharelato en Oleiros destinados ás persoas adultas”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 01/04/2026 16:31:09

Cristina Fernández Davila na data 01/04/2026 16:31:14

Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2026 16:31:21





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 16:31:43



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar e executar con carácter urxente un proxecto de rehabilitación integral do CEIP da Solaina, no concello de Narón, que inclúa a renovación completa dos aseos e das instalacións que presenten deficiencias estruturais ou de salubridade.
2. Adoptar medidas provisionais inmediatas que garantan condicións dignas, seguras e hixiénicas para o alumnado e o persoal do centro mentres non se executan as obras definitivas.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:13:57

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:14:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 17:14:08



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54431
Data envío: 01/04/2026 17:19:39.909

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:19:40

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Patricia Iglesias Rey e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución das obras de rehabilitación do CEIP da Solaina, garantindo o seu financiamento íntegro e a súa execución nun prazo certo e reducido.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:14:16

Patricia Iglesias Rey na data 01/04/2026 17:14:23

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:14:28

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 17:14:35





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:20:15



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O inicio do curso escolar en Galicia vén marcado, un ano máis, por numerosas incidencias en materia de transporte escolar, carencia de profesorado, problemas de infraestruturas e unha planificación insuficiente por parte da Xunta de Galicia. A educación pública debe ser unha prioridade para calquera goberno, pois é a garantía de igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país. Sen un ensino público forte e de calidade, non é posible asegurar a cohesión social nin o progreso colectivo.

Nos últimos días, a comunidade educativa do CEIP da Solaina, no concello de Narón, vén denunciando publicamente o grave deterioro das instalacións do centro, especialmente no que atinxe ao estado dos aseos, cualificados polas familias como “baños ancestrais”, evidenciando unha situación impropia dun centro educativo do século XXI. As protestas das nais e pais do alumnado, retomadas recentemente, poñen de manifesto unha realidade de abandono e falta de mantemento que afecta directamente á dignidade do alumnado e ás condicións nas que se desenvolve a actividade educativa.

Esta situación non é puntual nin recente, senón que responde a unha falta de planificación e investimento sostido en infraestruturas educativas por parte da

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Xunta de Galicia, que leva anos sen abordar de maneira decidida a renovación e adecuación de moitos centros públicos. A falta de actuacións integrais e a resposta insuficiente ás demandas da comunidade educativa derivan en instalacións obsoletas, problemas de salubridade e unha evidente perda de calidade no servizo educativo.

O estado das infraestruturas non é unha cuestión menor, xa que inflúe directamente no benestar do alumnado, no desempeño do profesorado e na calidade do proceso educativo. Garantir espazos dignos, seguros e adaptados ás necesidades actuais debe ser unha prioridade para o Goberno galego.

Por todo o anterior, resulta imprescindible que a Xunta de Galicia actúe de maneira inmediata para dar resposta ás demandas da comunidade educativa do CEIP da Solaina, así como para establecer unha planificación realista e dotada de recursos que permita evitar que situacións como esta se repitan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incorporar unha partida específica nos Orzamentos da Xunta de Galicia do presente exercicio destinada á execución das obras de rehabilitación do CEIP da Solaina, garantindo o seu financiamento íntegro e a súa execución nun prazo certo e reducido.

Santiago de Compostela, 1 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 01/04/2026 17:14:42

Silvia Longueira Castro na data 01/04/2026 17:14:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 01/04/2026 17:14:56



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54434
Data envío: 01/04/2026 17:20:36.408

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 01/04/2026 17:20:37

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Castro García**, **Oscar Insua Lema** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar polo Goberno galego para o mantemento e potenciamento das confrarías de pescadores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A perda de produtividade das rías galegas que se vén producindo de xeito paulatino dende hai anos, trouxo moitas consecuencias, sobre todo para o sector marisqueiro.

Non hai dúbida de que unha das máis graves é a perda de centos de postos de traballo ao longo do tempo e tamén a falla de remuda xeracional, debido á ausencia de medidas para revertir unha situación que xa se converteu en crónica e, polo tanto, á imposibilidade de poder vivir dignamente da actividade.

Mais a maiores, tamén se vén producindo unha perda de ingresos nas confrarías, sobre todo naquelas que dependen case en exclusiva da actividade marisqueira, que, á súa vez, vén repercutindo nos postos de traballo que delas viñan dependendo.

O impacto da perda de produtividade e da perda de ingresos xa o veñen arrastrando as confrarías dende os episodios de temporais de 2023 e agora, despois dos deste inverno, veuse agravado en moitos casos de xeito importante. De feito, moitos dos ERTes levados a cabo no 2023 convértense agora en EREs e, con eles, a perda tamén de servizos que as confrarías veñen levando a cabo, case sempre en substitución





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da propia administración, e as repercusións que todo isto ten sobre o propio desenvolvemento da actividade e a atención aos socios e socias das propias confrarías.

Chama a atención que despois da situación na que quedaron moitas das confrarías do país por mor dos temporais e as choivas de 2023, a administración non tivera tomado ningunha medida para contribuír á súa recuperación, por exemplo anticipando os importes das subvencións ás que tiveran dereito e evitando así que foran elas mesmas as que tiveran que seguir facendo fronte a uns gastos que lles resultaba cada vez máis difícil soportar, tamén aos de persoal, ata recibir -meses despois- os importes que lle correspondían.

Nos recentes anuncios de axudas feitos pola Consellaría de Mar para recuperar e rexenerar os bancos marisqueiros fálase de cubrir ás confrarías os gastos de xestión e determinados traballos e, aínda que polo momento non coñecemos os detalles, moitas delas xa as cualificaron publicamente de escasas e insuficientes.

O caso é que neste momento temos un número, que non podemos precisar, de confrarías no país nunha situación límite, que xa non poden desenvolver moitos dos cometidos que viñan desempeñando e que lles vai resultar imposible saír adiante sen a colaboración da administración que, de novo, non está a amosar ningún interese por contribuír a evitar a súa desaparición.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Avaliar a situación das confrarías e recompilar os datos daquelas que están nunha situación económica comprometida e de difícil viabilidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Habilitar unha liña de axudas directas e urxentes para as que estean nese caso e para poder evitar a súa desaparición definitiva.

3.- Habilitar unha liña de préstamos urxente a través do IGAPE, con condicións favorábeis que lles permita seguir mantendo a súa actividade, prestando os seus servizos e implementar a súa recuperación.

4.- Asumir o 100% dos custos de vixilancia e de asistencias técnicas, cando menos durante o tempo estimado para a normalización da súa situación.

5.- Adiantar os importes das subvencións da Administración para evitar demoras nos seus pagos e que se vexan na obriga de adiantar unhas cantidades das que non dispoñen”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 9:32:29

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 9:32:39

Daniel Castro García na data 06/04/2026 9:32:45

Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 9:32:51

Paulo Ríos Santomé na data 06/04/2026 9:32:59



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 9:35:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 09:35:37
Nº Rexistro: 54475
Data envío: 06/04/2026 09:35:37.951

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Carmen María Pomar Tojo, Borja Verea Fraiz, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Na Compostela do primeiro terzo do século XIII, fundouse o Convento de San Domingos de Bonaval, baixo a denominación de Santa María de Bonaval.

No século XIX, após da Desamortización de Mendizábal, o Concello mercou os terreos do Mosteiro de San Domingos. E, non sería ata finais da década dos corenta cando comezou a funcionar como cemiterio municipal.

Chegados os anos 60 do pasado século, Bonaval deixou de ter uso funerario, pasando a ser o espazo que hoxe coñecemos: un dos lugares máis concorridos para picheiros e turistas, que nas épocas do ano de mellor tempo, gozan das súas zonas verdes.

Nos últimos meses, unha parte dos nichos veuse abaixo como consecuencia dos danos causados pola acumulación de auga por mor das intensas borrascas do inverno. Un incidente sobre o que o Concello de Santiago de Compostela aínda non tomou as medidas necesarias para a súa recuperación e correcta conservación, tal e como corresponde por tratarse dun inmovible que ten a consideración de ben de interese cultural.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Concello de Santiago de Compostela para que acometa, de xeito urxente, as intervencións necesarias para a recuperación e correcta conservación do cemiterio de Bonaval, cumprindo coas súas obrigas como propietario dun inmovible que ten a consideración de ben de interese cultural”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 10:06:58



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:07:29
Nº Rexistro: 54480
Data envío: 06/04/2026 10:07:29.802

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:07:30

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/04/26
10:37
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Rosana Pérez Fernández, Saleta Chao Rivas, Luis Bará Torres e Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, relativa ao aproveitamento das potencialidades da planta de tratamento de residuos de Lousame e ao mantemento dos seus postos de traballo.

Asinado o día 06/04/2026 ás
10:37
Por Saleta Chao Rivas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai que velar polo emprego e pola viabilidade da planta de Servia, aínda que se envíe o lixo a Sogama”, dicía o alcalde de Porto do Son, Luís Oujo, hai menos dun ano. “Debemos velar pola viabilidade dunha planta que ten unhas licencias ambientais moi difíciles de lograr”, engadía o rexedor de Carnota, Juan Manuel Saborido. “A planta é viable”, sinalaba a alcaldesa de Muros, María Lago. “Hai moitas posibilidades”, sostiña tamén Ángel Brantuas, presidente do comité de empresa.

Representantes do PP, do PSdeG, do BNG e do cadro de persoal coincidían, aínda que con moitos matices, en que a planta de Servia, en Lousame, é un activo moi importante a preservar, un complexo viable e con posibilidades. Mais isto só é posible no caso de que haxa vontade por parte das administracións e, nomeadamente, da Xunta de Galiza, que ata o de agora está facendo o que xa fixo durante as últimas décadas, que é dar as costas, e mesmo dificultar, calquera posibilidade de alternativa a Sogama.

Ante unha situación de emerxencia da planta de Servia logo da colmatación do vertedoiro, e diante do monopolio orquestrado de Sogama para converter Cerceda na única alternativa dos concellos, a Xunta da Galiza tiña dúas opcións. A primeira era

Asinado o día 06/04/2026 ás
10:37
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

considerar Servia un activo para este país, colaborando na modernización da planta para descentralizar a xestión dos residuos, aproveitando o capital humano e aceptando o rexeite resultante do tratamento en Cerceda; mentres que a segunda opción era aproveitar o monopolio de Sogama para lanzar un órdago, ou a integración total ou nada.

A opción escollida pola Xunta da Galiza foi a segunda, forzar á Mancomunidade Serra do Barbanza a abandonar a planta de Servia a través dunha chantaxe, sen importar as decenas de familias que dependen dos postos de traballo e sen importar a existencia dun complexo con licencias que podería ser a primeira pedra dun novo modelo de xestión dos residuos no país.

Mais dende o BNG consideramos que aínda estamos en tempo de que esta opción escollida sexa mudada por unha máis responsable. Lousame podería ser un primeiro paso de cara a un sistema de xestión de residuos centrado na redución e a compostaxe de materia orgánica como contraposición ao modelo de Sogama, que incinera a metade dos residuos e non chega a recuperar unha décima parte a través da reciclaxe.

Un novo modelo baseado na redución de residuos en orixe, a recollida selectiva, a reutilización, a reciclaxe e o compostaxe a través de plantas achegadas ao territorio e que xeren emprego é a aposta que precisa este país, para ser máis eficientes, para crear emprego sostible e para cumprir as nosas responsabilidades medioambientais, e isto é o que se podería, e aínda se pode, ter feito a través da colaboración entre o Goberno galego e Mancomunidade en Lousame.

Hai consenso social para isto, hai unha planta viable que foi abandonada e hai decenas de postos de traballo en risco. Refrotar a planta de Servia, en Lousame, require de cooperación entre institucións, e require tamén dun plan para facelo. Un plan que ten que artellar o desenvolvemento de todas as potencialidades do complexo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medioambiental, e definir os investimentos necesarios para adaptar e modernizar esta planta ás novas encomendas que se lle confiran, aproveitando o capital humano existente e mesmo xerando novos empregos na comarca.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

1- Establecer un marco de negociación coa Mancomunidade Serra do Barbanza e cos Concellos que forman parte desta institución para desenvolver conxuntamente un plan de aproveitamento das potencialidades da planta de Servia, no municipio de Lousame, na xestión sostible de residuos.

2- Definir un plan de investimentos a iniciar nesta anualidade para desenvolver a adaptación e a modernización da planta de Servia, a través dun convenio coa Mancomunidade Serra do Barbanza.

3- Ter en conta a necesidade de aproveitar o capital humano xa existente na planta de Servia, mantendo ou mesmo xerando novos empregos para a xestión da reciclaxe no complexo.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 10:37:14

Saleta Chao Rivas na data 06/04/2026 10:37:23

Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 10:37:32

Luis Bará Torres na data 06/04/2026 10:37:38



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:39:30
Nº Rexistro: 54487
Data envío: 06/04/2026 10:39:30.045

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:39:30

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A diabetes tipo 1 é unha enfermidade crónica que require un control permanente e un tratamento intensivo ao longo de toda a vida, especialmente complexo no caso de nenos e nenas. Esta circunstancia obriga ás familias a asumir un nivel elevado de coidados, supervisión e atención diaria, cun impacto directo na súa vida persoal, social e laboral.

No ámbito educativo, esta realidade adquire unha dimensión específica no caso do profesorado ao servizo da Xunta de Galicia, que debe compatibilizar o exercicio das súas funcións docentes co coidado de fillos e fillas con enfermidades graves. A lexislación vixente recoñece o dereito á redución de xornada laboral nestes supostos como medida fundamental de conciliación e protección social.

Porén, están a detectarse casos nos que este dereito non se aplica de maneira efectiva no ámbito do profesorado, producíndose demoras, interpretacións restritivas ou mesmo denegacións que non se axustan ao espírito da normativa vixente. Esta situación xera unha grave indefensión para as familias afectadas e supón unha vulneración dos seus dereitos, ao tempo que dificulta a adecuada atención dos menores con enfermidades crónicas.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Ademais, a falta de criterios claros e homoxéneos na aplicación destas medidas no ámbito educativo evidencia a necesidade de reforzar os mecanismos de garantía, coordinación e información dentro da propia Administración autonómica, especialmente nun sector tan sensible como o educativo, no que tamén debe ser exemplar o cumprimento dos dereitos laborais e sociais.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia adopte as medidas necesarias para asegurar o cumprimento efectivo da normativa e garantir que o profesorado poida exercer plenamente os seus dereitos de conciliación sen obstáculos nin interpretacións restritivas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir o cumprimento efectivo da lexislación vixente en materia de redución da xornada laboral por coidado de fillos e fillas con enfermidades graves no ámbito do profesorado dependente da Consellería de Educación.
2. Establecer instrucións claras e criterios homoxéneos dirixidos aos equipos directivos e á propia Administración educativa que eviten interpretacións restritivas ou aplicacións desiguais deste dereito.
3. Axilizar os procedementos administrativos relacionados coa solicitude e concesión destas reducións de xornada, evitando demoras que prexudiquen ás familias afectadas.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 10:47:15

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 10:47:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 10:47:27



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 10:54:12
Nº Rexistro: 54494
Data envío: 06/04/2026 10:54:12.189

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 10:54:12

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Patricia Iglesias Rey** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón





unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que “de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar”. Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria “priorizarase a ensinanza de maneira analóxica” e recomenda “o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas... fóra do horario escolar)”, así como indica que “a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso” e debe contar cun aval científico que garanta que “non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual”.

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students' learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o modelo de implantación do programa E-Dixgal, establecendo límites claros e definidos ao tempo de uso de dispositivos dixitais no horario lectivo, asegurando que se respecten os criterios fixados polas autoridades pediátricas e polos organismos especializados en infancia.
2. Encargar unha avaliación independente, técnica e pública sobre o impacto do programa E-Dixgal nos resultados académicos, na atención e concentración do alumnado, no benestar emocional e na equidade educativa, presentando os seus resultados no Parlamento no prazo máximo de seis meses.
3. Garantir a gratuidade total dos materiais curriculares en Educación Primaria, asegurando que a implantación do modelo híbrido non supoña ningún custo adicional para as familias e incorporando, de ser preciso, as partidas orzamentarias necesarias para tal fin.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:12:29

Patricia Iglesias Rey na data 06/04/2026 11:12:36

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:12:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 11:12:49



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:16:41
Nº Rexistro: 54511
Data envío: 06/04/2026 11:16:41.282

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:16:42

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

No curso 2010/2011 a Xunta de Galicia puxo en marcha o Proxecto Abalar co obxectivo de impulsar a integración das TIC nos centros educativos. Tras os primeiros anos de implantación, no curso 2014/2015 produciuse a evolución cara ao proxecto de dixitalización integral E-Dixgal, orientado aos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria e posteriormente para toda a ESO.

Sen embargo, a constatación crecente de que unha exposición excesiva e estrutural ás pantallas nas etapas temperás pode non resultar a máis adecuada desde o punto de vista pedagóxico e do benestar do alumnado provocou que, tras a negociación co noso partido e un proceso de escoita coa comunidade educativa galega, levárase a cabo o pasado ano unha reforma do programa E-Dixgal. Esta reformulación deu lugar á implantación dun modelo híbrido, abrindo a porta á recuperación parcial de soportes analóxicos en 5º e 6º de EP e permitindo que os centros poidan escoller ata un máximo de tres libros de texto nos cursos onde se conta con E-Dixgal.

Porén, mesmo tras esta reformulación, o proxecto continúa amosando, ao noso xuízo, unha elevada dependencia das pantallas e dos soportes dixitais, de xeito que o modelo híbrido non supón unha verdadeira redución da exposición, senón

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





unha mera adaptación parcial. Esta realidade debe ser analizada á luz das recomendacións científicas e sanitarias emitidas por organismos especializados en infancia.

A Asociación Española de Pediatría, por exemplo, establece nas súas recomendacións que “de 7 a 12 anos: o tempo máximo de uso recomendable é dunha hora diaria, incluíndo o período escolar”. Esta indicación resulta directamente aplicable ao alumnado de 5º e 6º de Primaria, no que o uso do ordenador portátil forma parte do horario lectivo ordinario e pode superar amplamente ese limiar cando se suma o traballo realizado no fogar. Pola súa banda, o Ministerio de Xuventude e Infancia, a través do *Informe do Comité de Persoas Expertas para o desenvolvemento dun entorno dixital seguro para a xuventude e a infancia*, sinala expresamente que na Educación Primaria “priorizarase a ensinanza de maneira analóxica” e recomenda “o establecemento de límites á dixitalización do ensino segundo a idade (incluíndo o tempo de pantalla das tarefas... fóra do horario escolar)”, así como indica que “a tecnoloxía na aula pode ser útil cando estea debidamente xustificado o seu uso” e debe contar cun aval científico que garanta que “non prexudique habilidades básicas como a atención, a lectura comprensiva ou a escritura manual”.

Cómpre engadir, ademais, que o modelo baseado no emprego sistemático de dispositivos portátiles introduce un evidente sesgo de clase e de contexto sociofamiliar. Non todas as familias dispoñen das mesmas condicións laborais nin do mesmo capital cultural e dixital para acompañar ao alumnado no uso destas ferramentas. Existen fogares con horarios de traballo extensos ou que non teñen competencias dixitais suficientes para axudar aos seus fillos e fillas na realización e supervisión de actividades que requiren manexo de contornas virtuais. Deste xeito, un modelo que traslada ao ámbito doméstico unha parte substancial do traballo dixital pode incrementar desigualdades previas, penalizando especialmente ao alumnado procedente de contornas máis

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





vulnerables e convertendo a competencia dixital familiar nun factor determinante do éxito académico.

No ámbito internacional, o informe de UNICEF Innocenti *Childhood in a Digital World* (2025) advirte de que “canto máis tempo pasa un neno ou nena en liña, máis probable é que poida estar sometido ou sometida a experiencias prexudiciais”, e indica tamén que “un maior tempo diante da pantalla asociouse indirectamente cun menor benestar emocional, ao incrementar o risco de experiencias negativas en liña”.

Por último, a OCDE no seu traballo *The impact of digital technologies on students' learning* (2025), sinala que “a evidencia mostra que o acceso á tecnoloxía por si só non garante un beneficio educativo” e que “una dixitalización exitosa require solucións pedagóxicas, non só técnicas”, o que evidencia a necesidade de que a introdución de dispositivos e contidos dixitais estea acompañada dunha estratexia pedagóxica real.

Neste contexto, cómpre lembrar que desde hai tempo se vén advertindo de que o modelo E-Dixgal corre o risco de converterse, na práctica, nun libro de texto en formato dixital, máis que nunha ferramenta para o desenvolvemento da competencia dixital. A simple substitución do soporte papel por unha pantalla non implica necesariamente innovación metodolóxica nin mellora competencial. Pola contra, distintos sectores da comunidade educativa teñen sinalado efectos como a dificultade para manter a atención prolongada.

Así mesmo, o actual formato híbrido non pode derivar nun traslado de custos ás familias. A posibilidade de incorporar ata tres libros de texto por nivel en Educación Primaria non debe supoñer que unha parte significativa das familias teña que asumir novos desembolsos económicos. Neste sentido, cómpre lembrar que, durante o goberno do bipartito, en Galicia implantouse un sistema

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





de gratuidade total dos libros de texto, que garantiu o acceso universal aos materiais curriculares sen custo para as familias.

É evidente que o rumbo adoptado polo PPdeG é outro: o pasado outubro aprobouse un acordo de ata 30 millóns de euros para a renovación do equipamento informático e en 2024 un procedemento de contratación de contidos dixitais valorado en 10.295 millóns de euros para materiais curriculares dixitais aos cursos implicados en E-Dixgal. Esta orientación non é neutra: mentres se destinan importantes cantidades de diñeiro público a contratos con empresas privadas, redúcense ao mínimo as axudas directas e a gratuidade plena dos materiais ás familias. Priorízase, unha vez máis, a externalización fronte ao reforzo dun sistema público de cobertura universal que asegure a equidade real.

Por tanto, cómpre garantir a gratuidade total dos materiais curriculares, evitando que a transición a un modelo híbrido xere desigualdades económicas. Do mesmo xeito, cómpre establecer unha regulación clara, transparente e baseada en criterios científicos sobre o uso de dispositivos dixitais nas escolas, atendendo ás recomendacións dos organismos que alertan sobre a necesidade de limitar a exposición ás pantallas nas idades temperás. O sistema educativo non pode converterse nun mercado para provedores privados; debe ser un instrumento de igualdade real e de protección das novas xeracións, situando por riba de todo o seu desenvolvemento integral e as súas necesidades educativas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar o modelo de implantación do programa E-Dixgal, establecendo límites claros e definidos ao tempo de uso de dispositivos dixitais no horario lectivo, asegurando que se respecten os criterios fixados polas autoridades pediátricas e polos organismos especializados en infancia.
2. Encargar unha avaliación independente, técnica e pública sobre o impacto do programa E-Dixgal nos resultados académicos, na atención e concentración do alumnado, no benestar emocional e na equidade educativa, presentando os seus resultados no Parlamento no prazo máximo de seis meses.
3. Garantir a gratuidade total dos materiais curriculares en Educación Primaria, asegurando que a implantación do modelo híbrido non supoña ningún custo adicional para as familias e incorporando, de ser preciso, as partidas orzamentarias necesarias para tal fin.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 11:13:01

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 11:13:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 11:13:13



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:16:59
Nº Rexistro: 54512
Data envío: 06/04/2026 11:16:59.983

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:17:00

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:30:59
Nº Rexistro: 54545
Data envío: 06/04/2026 11:30:59.370

Asinado o día 06/04/26
11:26
Por María Montserrat

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas e Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións que vai impulsar o Goberno galego após a reunión mantida coas confrarías de Pontevedra e AGACOMAR para a recuperación do marisqueo.

Asinado o día 06/04/2026 ás
11:26
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten competencias EXCLUSIVAS na xestión do marisqueo. Nese sentido, dotouse ao longo dos anos de lexislación que foi desenvolvendo sobre a regulación e ordenación da actividade e do sector. E así, o Decreto 153/2009, que regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros di claramente que é a Administración galega a responsábel da xestión sostíbel dos recursos e que é ela quen ten que adoptar medidas, unha vez oído o sector, para que esa xestión funcione.

No entanto, o funcionamento desa xestión está en cuestionamento dende hai tempo por parte de distintos sectores que se viron e se están a ver moi afectados diante da diminución precisamente dos recursos pesqueiros e marisqueiros e, como consecuencia, pola alarmante mingua de produtividade que á súa vez provoca unha perda incesante de postos de traballo, tanto no sector extractivo como nos relacionados con el.

Así, xa no ano 2024, o peor da historia en datos para o sector do mar, a Comisión Mar Industria da Confederación de Empresarios de Galiza fixo patente, nunha

Asinado o día 06/04/2026 ás
11:26
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reunión co conselleiro de Mar, a súa preocupación pola perda de produtividade das rías galegas e propuxo á Consellaría abordar as “deficiencias” que, segundo eles, “presenta o sistema de xestión e extracción de bivalvos nas rías”, e a constitución de “mesas técnicas” para traballar na “mellora da xestión de parques de cultivo e definir un plan que contribúa á consecución dun sistema de xestión eficiente dos parques”.

Aquela reunión e as declaracións da CEG provocaran certo malestar nas confrarías, sobre todo nas da provincia de Pontevedra, que respondeu ás mesmas, para rebatelas, publicamente en varias ocasións.

No entanto agora son as propias confrarías pontevedresas as que, xunto coa Asociación Galega de Comercializadores de Marisco-AGACOMAR, veñen de recoñecer de novo a delicadísima situación na que se atopa o marisqueo galego e veñen de trasladar á propia conselleira de Mar o acordo ao que chegaron entre ambas as dúas para tentar revertir a gravísima crise actual.

Segundo transcendeu, na reunión que mantiveron as dúas entidades coa Consellaría no mes de febreiro, achegáronlle as liñas que consideran se deben levar a cabo para buscar vías de solución ao problema, que agora agravado, véñse evidenciando dende hai anos. E tamén agora, como xa fixera a CEG no 2024, propoñen crear un “grupo de traballo sobre o marisqueo”.

Mais esas liñas acordadas e postas en coñecemento da Consellaría veñen precedidas de manifestacións nos medios de comunicación tamén preocupantes e que poden xerar desconfianza sobre os obxectivos a conseguir, obxectivos que descoñecemos se son compartidos pola propia Consellaría de Mar e se se van impulsar pola súa parte.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a trasladar aos Grupos Parlamentares, en sede parlamentaria, o acordo ao que chegaron a Federación de Confrarías de Pontevedra e a Asociación Galega de Comercializadores de Marisco sobre o marisqueo galego e que foi posto en coñecemento da Consellaría de Mar no pasado mes de febreiro, así como a valoración e o compromiso adquirido co mesmo pola súa parte”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 06/04/2026 11:26:43

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 11:26:50

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 11:26:58

Luis Bará Torres na data 06/04/2026 11:27:13

Paulo Ríos Santomé na data 06/04/2026 11:27:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/04/2026 11:27:32



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 11:30:59
Nº Rexistro: 54545
Data envío: 06/04/2026 11:30:59.370

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 11:31:00

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Ariadna Fernández González** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á situación dos nenos, nenas e adolescentes non acompañados que chegaron a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As situacións de fame, conflitos bélicos ou abusos dos dereitos humanos, empuñan a moitas persoas a desprazarse dende os seus lugares de orixe a outras latitudes, co obxecto de mellorar as súas vidas, conservalas ou simplemente, ter unha oportunidade de futuro. Ese é o caso de moitos nenos, nenas e adolescentes que arriscan a súa vida para buscar outra mellor e se lanzan ao mar, sós ou acompañados, para chegar ás costas do estado español, co risco de perecer no traxecto.

As Illas Canarias son un dos principais lugares de destino dos migrantes, que se atopan á súa chegada cun territorio que non ten recursos específicos abondos para acollelos a todos e que solicita, dende fai moito tempo, a colaboración do resto do estado, cuxa lentitude fai que os recén chegados se atopen en condicións inadecuadas, pola incapacidade do goberno insular para atendelos a todos.

Dese intento de minguar a densidade de persoas menores de idade que precisan de axuda dos recursos de acollemento e protección de Canarias, chegou dende o executivo central a solicitude de solidariedade ás CCAA do estado, tamén ao noso país, onde o goberno non se amosou proactivo e incluso interpuxo recursos nos Tribunais para non recibir aos nenos, nenas e adolescentes que se lle asignaran, alegando que o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sistema de protección galego estaba sobreesaturado e non tiña capacidade para darlle un lugar seguro aos menores nesta situación.

Malia ter novas dos inminentes traslados dende moitos meses atrás, fíxose necesario un Real Decreto para que o goberno galego aceptase ser solidario, e se preparase para recibir aos nenos e nenas migrantes. Non menos importante é que, aínda sabendo que era necesario reforzar o sistema de protección dende hai anos, a realidade é que este continúa a estar saturado e sen espazo para acoller a quen o precisa, sexa cal sexa a súa procedencia, feito que a Consellería de Política Social recoñeceu mais non resolveu. A falla de prazas en centros de protección residenciais, a ausencia dun número suficiente de familias acolledoras ou a sobreesaturación que sofren as equipas técnicas do menor, dan lugar a un sistema de protección que non é eficiente, no que moitos dos que precisan destes recursos pasan meses en situacións de desamparo ou perigo por non poder acceder a eles. Así, tras meses de desacordos entre o goberno galego e o do estado, no que os menores continuaron sen garantías de seren atendidos en condicións adecuadas, a Consellería de Política Social puxo enriba da mesa un recurso para o acollemento residencial en Monforte, edificio que fora creado con outro obxecto por parte da asociación PRODEME e á que se lle avisou sen a antelación necesaria de que sería o destino de parte dos 317 menores que chegasen a Galiza.

Tras ataques racistas a este centro, que se trataría do primeiro posto a disposición especificamente para a atención de persoas migrantes, a Consellería de Política Social continuou adiante coa súa folla de ruta, seguindo así co plan de disgregar nenos, nenas e adolescentes pola súa procedencia. A realidade é que, dos 80 menores que se agardaba que chegasen a esta localización, chegaron polo de agora moitos menos, facendo referencia na prensa no mes de novembro do 2025 a unicamente cinco rapaces.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia as críticas recibidas por parte das organizacións que traballan no eido da infancia, que amosaron posturas contrarias da creación de recursos que separasen pola súa orixe a nenos, nenas e adolescentes, a Consellería de Política Social, non só abriu as portas do centro de Monforte, senón que ven de anunciar un novo recurso deste tipo, neste caso en Burela. A entidade Rogacionistas xestionará este centro especializado para a atención de persoas migrantes menores de idade, con 12 prazas residenciais que a D.X. de Infancia e Familia considera necesarias fronte ao “envío constante de nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados”, recorrendo de novo á creación de centros específicos no noso país.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza:

1. Proceder de xeito inmediato a facer públicos os datos do sistema de protección galego que levan dende 2023 sen ser actualizados, indicando o número de menores de 6 anos que están institucionalizados na actualidade.

2. Aumentar de maneira urxente a dotación de prazas públicas residenciais xestionados pola Xunta de Galiza que permitan que todos os menores, sexa cal sexa a súa procedencia poidan acceder a un sistema de protección público e integrador no momento de ser necesario, fomentando o acollemento familiar en primeira instancia coa creación dun banco de familias acolledoras forte e ben dotado.

3. Integrar de xeito inmediato aos nenos, nenas e adolescentes migrantes que chegan sos no sistema de protección galego, sen disgregalos por cuestións de procedencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Achegar un informe estatístico sobre os nenos, nenas e adolescentes migrantes que foron acollidos en Galiza dende o 2020 en adiante, especificando cal foi o recurso de protección que se lles ofertou”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/04/2026 12:05:49

Daniel Castro García na data 06/04/2026 12:05:58

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2026 12:06:06



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:07:35
Nº Rexistro: 54562
Data envío: 06/04/2026 12:07:35.467

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:07:36

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un pilar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar





os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.

Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a publicación no portal web habilitado pola Xunta de Galicia dos datos históricos completos do rexistro de demandantes de vivenda protexida en Galicia, con series temporais accesibles que permitan a súa análise evolutiva.
2. Incorporar no citado portal web a desagregación dos datos por períodos mensuais e anuais, así como por variables territoriais e tipoloxías de demanda, garantindo a súa accesibilidade en formatos reutilizables.
3. Desenvolver un sistema de transparencia activa que permita a actualización periódica destes datos e a súa consulta pública de maneira clara, accesible e permanente.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:32:57

Carlos López Font na data 06/04/2026 12:33:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 12:33:08



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:37:34
Nº Rexistro: 54573
Data envío: 06/04/2026 12:37:34.963

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:37:35

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados, **Aitor Bouza Manso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda constitúe un dos principais retos sociais na actualidade, sendo imprescindible contar con políticas públicas eficaces, baseadas en datos fiables, actualizados e transparentes que permitan avaliar a evolución da demanda e orientar as actuacións públicas.

A Xunta de Galicia dispón dun rexistro de demandantes de vivenda protexida a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que permite coñecer o número de persoas inscritas nun momento determinado. Porén, este sistema presenta importantes limitacións, xa que non ofrece acceso ao histórico dos datos nin permite unha análise desagregada por períodos temporais, como anos ou meses, o que dificulta realizar unha avaliación rigorosa da evolución da demanda de vivenda en Galicia.

Esta falta de transparencia e de acceso á información impide coñecer con precisión como evoluciona a necesidade de vivenda protexida, limita a capacidade de control parlamentario e dificulta a planificación de políticas públicas baseadas en evidencia. Nun contexto no que a vivenda é recoñecida como un pilar fundamental do Estado do benestar, resulta imprescindible reforzar



os mecanismos de acceso á información pública e garantir que os datos estean dispoñibles de forma aberta, accesible e reutilizable.

Por todo isto, cómpre avanzar cara a un modelo de transparencia real que permita dispoñer de datos históricos e desagregados, tanto para a súa análise pública como para a súa utilización na definición de políticas públicas máis eficaces.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar perante o Parlamento de Galicia, no prazo dun mes, un informe detallado sobre a evolución histórica do rexistro de demandantes de vivenda protexida, incluíndo análise de tendencias, distribución territorial e características da demanda.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 12:33:15

Carlos López Font na data 06/04/2026 12:33:21

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 12:33:27



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:38:10
Nº Rexistro: 54575
Data envío: 06/04/2026 12:38:10.758

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:38:12

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:52
Por Oscar Insua Lema

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Iago Suárez Fernández** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer coa práctica deportiva de remo no Pedrido (Bergondo-A Coruña).

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:52
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Bergondo conta dende hai unha década co Club de Remo Olímpico do Mandeo que desenvolve a súa actividade na zona da praia do Pedrido, na ría de Betanzos. Este club leva anos colleitando grandes éxitos nas competicións nas que participa contando cun amplo medalleiro, levando así o nome de Bergondo e de Galiza por todo o mundo.

Sen embargo, os seus indiscutibles éxitos, froito do esforzo e compromiso do club, non se corresponden coas carencias nas instalacións tan precarias que dificultan cada vez máis a realización de entrenamentos e preparación das competicións, e limitan o medre desta entidade de marcado carácter social que traballa a prol da promoción do deporte de base, en especial entre a mocidade, co reforzo dos valores que isto implica.

O Club de Remo Olímpico do Mandeo leva anos solicitando axuda ás diferentes administracións para dispor dunhas instalacións axeitadas á práctica deste deporte para todos os usuarios, sen ter conseguido até o momento ningunha resposta en positivo, nin sequera ante o chamado urxente que fixeron cando tiveron que abandonar un espazo de titularidade privada que ocupaban. Nesta altura, o club de remo segue a funcionar grazas a que un particular lles cedeu temporalmente unhas antigas naves sen uso.

Asinado o día 06/04/2026 ás 12:52
Por Mercedes Queixas Zas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde hai tempo o Club de Remo Olímpico do Mandeo está a facer propostas de colaboración ao Concello de Bergondo, atendendo ás competencias municipais, que até o de agora seguen sen atoparon unha resposta positiva.

Mentres continúan desde o club a explorar a colaboración municipal, e como medida parcial, mais satisfactoria para facilitar a continuidade da actividade deportiva no Pedrido, propónse a creación dun parque de botes na marxe da ría.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a autorizar a construción dun parque de botes de remo olímpico na Ría de Betanzos á altura do Pedrido.

Asemade, insta a Xunta a impulsar unha vía de diálogo e colaboración co Concello de Bergondo para avanzar no estudo de construción dunha instalación deportiva que dea resposta á práctica deportiva do Club de Remo Olímpico do Mandeo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 12:52:17

Iago Suárez Fernández na data 06/04/2026 12:52:23

Óscar Insua Lema na data 06/04/2026 12:52:31

Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2026 12:52:39



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:54:10
Nº Rexistro: 54593
Data envío: 06/04/2026 12:54:10.900

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:54:11

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:56:00
Nº Rexistro: 54598
Data envío: 06/04/2026 12:56:00.502

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas e do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a mellora de seguranza viaria en Oza Cesuras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Oza Cesuras está atravesado pola estrada AC-840, unha vía cunha alta densidade de tráfico e numerosos puntos nos que se ve comprometida a seguridade viaria, tanto para os vehículos como para os peóns.

Un deses puntos é o cruzamento da AC-840 coa CP-0160 e a estrada da estación, coñecido como “Cruce do París”, moi transitado por vehículos e persoas, especialmente para o acceso ao centro de saúde.

A visibilidade para incorporarse á AC-840 desde ambas estradas é en moitas ocasións moi baixa, o que obriga a manobras perigosas, o que ten provocado que no último ano xa se producisen varios sinistros nese punto.

Recentemente, o pleno da corporación aprobou unha moción do BNG para atallar esta problemática dentro das competencias municipais, mais é precisa a colaboración da Xunta de Galiza e da Deputación da Coruña debido a que as vías ás que se fai referencia son da súa titularidade.

Asinado o día 06/04/2026 ás
12:55
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 06/04/2026 ás
12:55
Por Mercedes Queixas Zas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 12:56:00
Nº Rexistro: 54598
Data envío: 06/04/2026 12:56:00.502

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a acometer, de forma urxente, as intervencións necesarias para garantir a seguridade viaria no chamado “Cruce do París”, en colaboración coa Deputación da Coruña e o Concello de Oza Cesuras.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 12:55:05

Luis Bará Torres na data 06/04/2026 12:55:12





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 12:56:02





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Nazaret Cendán Gayoso, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Sobre as infraestruturas do IEO Centro Oceanográfico de Vigo e o atraso nas actuacións previstas

Exposición de motivos

O Centro Oceanográfico de Vigo, pertencente ao Instituto Español de Oceanografía e actualmente integrado no Consejo Superior de Investigaciones Científicas, constitúe unha infraestrutura científica estratéxica para Galicia, tanto polo seu papel na investigación mariña como pola súa vinculación directa cun dos sectores económicos máis relevantes da comunidade, como é o sector pesqueiro.

Galicia é unha das principais potencias pesqueiras de Europa, cunha ampla cadea de valor asociada ao mar, que abrangue desde a extracción ata a transformación e comercialización de produtos mariños. Neste contexto, a existencia dun centro de investigación oceanográfica forte, moderno e dotado dos medios necesarios resulta esencial para garantir a sustentabilidade dos recursos, a innovación e a competitividade do sector.

Porén, a situación actual do Centro Oceanográfico de Vigo evidencia importantes carencias en materia de infraestruturas. As instalacións existentes, situadas na zona de Canido (Vigo), presentan limitacións derivadas da súa antigüidade e da falta de adaptación ás necesidades da investigación científica contemporánea, o que dificulta o desenvolvemento de novas liñas de traballo e a incorporación de tecnoloxías avanzadas.

Esta realidade foi recoñecida polo propio Goberno de España, que anunciou en 2024 un investimento próximo aos 10 millóns de euros para a construción dun novo edificio de cultivos mariños e a rehabilitación do edificio principal do centro. Estas actuacións, que incluían mesmo a demolición de parte das instalacións existentes, poñen de manifesto a necesidade dunha renovación profunda das infraestruturas.

Non obstante, a pesar destes anuncios e da tramitación administrativa das actuacións, a día de hoxe non se ten constancia do inicio efectivo das obras, existindo información





recente que apunta a unha situación de atraso ou bloqueo na execución das mesmas. Isto xera unha preocupante falta de certezas sobre o futuro do centro e evidencia unha desconexión entre os anuncios realizados e a súa materialización real.

Así mesmo, cómpre sinalar que as actuacións previstas, aínda sendo positivas, teñen un carácter parcial e non responden a unha planificación integral que permita situar o Centro Oceanográfico de Vigo como un verdadeiro referente atlántico en investigación mariña.

En consecuencia, Galicia corre o risco de manter un centro científico clave cunhas infraestruturas insuficientes para afrontar os retos actuais e futuros, o que podería limitar a súa capacidade de atracción de talento, de participación en proxectos internacionais e de apoio ao sector marítimo-pesqueiro.

Resulta necesario adoptar medidas que garantan a modernización efectiva das infraestruturas do centro, así como o cumprimento dos compromisos adquiridos polo Goberno de España.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Impulsar de maneira inmediata a execución das obras previstas no Centro Oceanográfico de Vigo, garantindo o inicio efectivo das actuacións anunciadas e evitando novos atrasos na súa tramitación.
2. Informar de maneira transparente sobre o estado actual dos proxectos de construción e rehabilitación das infraestruturas do centro, así como dos prazos reais previstos para a súa execución.
3. Desenvolver un plan integral de modernización das infraestruturas do Centro Oceanográfico de Vigo, que vaia máis alá das actuacións puntuais actualmente previstas e permita dotar ao centro de instalacións acordes cos estándares científicos actuais.
4. Reforzar o investimento público no centro, garantindo os recursos necesarios tanto en infraestruturas como en equipamento científico e persoal investigador.





5. Garantir que o Centro Oceanográfico de Vigo manteña un papel central na investigación mariña en España, recoñecendo a súa importancia estratéxica para Galicia e para o conxunto de España”.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-396AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 13:20:15





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 13:20:47

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O CIFP Imaxe e So da Coruña é un centro de referencia no eido da formación audiovisual en Galicia. Os profesionais que o dirixiron e dirixen, así coma os que fórmanse nas súas aulas, son altamente recoñecidos no eido do audiovisual. Por mor de obras e implementacións, alumnos e profesorado levan dous cursos sen poder empregar o seu auditorio, unha peza clave para as prácticas de iluminación, son, produción e realización de espectáculos.

A situación chega despois dunha intervención que pretendía modernizar e adaptar o salón ás necesidades docentes. En novembro de 2022 anunciouse a licitación para renovar integramente o salón de actos. O prazo de execución establecíase en seis meses máis o proxecto quedou estancado ao detectarse deficiencias que non estaban previstas. O caso é que o auditorio está absolutamente desmontado, sen butacas, escenario e non pode usarse de ningún xeito.

A dirección sinala que o parón está a ter efectos directos na aprendizaxe do alumnado, ao limitar ensaios e prácticas técnicas que normalmente se desenvolven nun espazo dotado para o traballo escénico. O centro imparte, entre





outros, ciclos superiores vencellados á produción e realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, así como á iluminación e ao son.

A comunidade educativa da Escola de Imaxe e Son trata de suplir con improvisación e imaxinación a carencia dunhas instalacións imprescindibles para unha formación profesional de calidade, pero estas xeracións de alumnado perderanse contidos e experiencias fundamentais para a súa preparación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Finalizar antes do inicio do vindeiro curso as obras paralizadas na Escola de Imaxe e Son da Coruña.
2. Remitir ao Parlamento de Galicia un informe detallado do acontecido e das causas que propician este retraso das obras nas instalacións da Escola de Imaxe e Son.
3. Habilitar de urxencia un espazo alternativo para que a Escola de Imaxe e Son poida realizar as actividades educativas precisas ante o desmantelamento da sala de actos.

Santiago de Compostela, 6 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/04/2026 16:10:26

Aitor Bouza Manso na data 06/04/2026 16:10:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 06/04/2026 16:10:40



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 54617
Data envío: 06/04/2026 16:13:25.176

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 16:13:25

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falta de persoal médico no Centro de saúde de Redondela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas usuarias do Centro de saúde de Redondela veñen padecendo a reiterada falta de profesionais de medicina nos últimos meses, unha situación que se ten agravado nos últimos días.

Nos últimos días chegaron a prestar atención médica só 4 profesionais dos 12 que deberían estar traballando, todos de mañá polo que non hai atención pola tarde. Esta situación é consecuencia da non substitución por os médicos e médicas en situación de ILT, vacacións e permisos, así como a falta de cobertura de unha vacante desde hai tempo.

Que só un 30% dos profesionais estean prestando atención directa ten consecuencias tanto para as persoas usuarias como para as profesionais. A constante falta de persoal ten como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

Os escasos profesionais están totalmente desbordados o que afecta a súa propia saúde, ademais da repercutir negativamente na calidade da atención que prestan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén da dificultade para ter unha cita médica, na actualidade hai unha lista de agarde de trinta días. Isto fai que as persoas teñan que acudir ás consultas de urxencias do PAC como única opción ante a súa enfermidade, o que provoca que este servizo estea saturado.

As queixas das persoas usuarias son constantes e o persoal administrativo e de enfermería xa non saben como enfrontar a situación.

A veciñanza de Redondela está cansa, cabreada e preocupada diante da falta de atención sanitaria que viven de xeito permanente e non ven o fin ao continuo deterioro da atención sanitaria no Concello de Redondela sen que o Goberno Galego tome medidas para garantir unha asistencia a que teñen dereito.

Nos últimos días numerosos veciños e veciñas, e colectivos en Defensa da Sanidade Pública veñen mobilizándose para denunciar a grave situación que está a atravesar o Centro de saúde de Redondela.

É urxente que o Goberno Galego actúe para reverter a situación de falta de persoal médico neste centro de saúde co fin de garantir o dereito á atención sanitaria da veciñanza de Redondela.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cubrir de inmediato todas as prazas de persoal médico no centro de saúde de Redondela”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 16:39:49

Alexandra Fernández Gómez na data 06/04/2026 16:39:57

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 16:40:05

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2026 16:40:12





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 16:41:07

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de mellorar o illamento no Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros de día son espazos nos que as persoas maiores pasan unha boa parte da súa xornada realizando actividades fundamentais para a súa vida, tanto no referente a mobilidade e motricidade, como a saúde mental, a sociabilidade, etc. Un espazo que debería garantir unha condicións habitacionais acorde coas actividades que se desenvolven, así como coas persoas que o utilizan.

No Centro de atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis estas condicións habitacionais non están garantidas polo que as persoas maiores que pasan o día nel sofren as consecuencias das malas condicións de illamento que sofre o edificio.

Dende hai anos o persoal, así como as persoas usuarias, veñen denunciando as filtracións de auga e aire polas fiestras do centro, o que obriga a realizar as actividades nunhas condicións indignas para os nosos maiores.

Neste pasado inverno no que se rexistraron moitos días de vento intenso e fortes chuvias a situación agravouse, tendo que deixar de utilizar algunha estancia polo benestar das persoas usuarias. Ademais e que o deterioro da estrutura das fiestras dispara o consumo de gasóleo da calefacción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación compromete a eficiencia enerxética do edificio, máis sobre todo pon en risco a saúde das persoas maiores que pasan alí as súas xornadas.

Resulta incomprendible que o Goberno galego permita que unha instalación pública non cumpra coas mínimas condicións de habitabilidade, unha condicións dignas para as nosas maiores. Mais tendo en conta que esta situacións vense producindo desde hai anos sen que se procedera a substitución das fiestras.

As solucións propostas pola Xunta son tan ridículas como insultantes, tentar resolver un problema tan grave poñendo uns burletes que impidiran a apertura das fiestras non pode ser unha solución.

Estamos a falar dunha carpintería que ten moitos anos e que xa non ten arranxo posible, a única solución pasa pola substitución de todas as fiestras do edificio por outras novas que garantan un illamento axeitado e o confort térmico ao que as e os nosos maiores teñen dereito.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, con urxencia, substituír as fiestras do Centro de Atención a Persoas Maiores “Atalaia” Vigo-Teis para garantir un correcto illamento e a eficiencia enerxética das instalacións”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 06/04/2026 17:06:32
Alexandra Fernández Gómez na data 06/04/2026 17:06:40
Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2026 17:06:46
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/04/2026 17:06:51



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:08:02
Nº Rexistro: 54636
Data envío: 06/04/2026 17:08:02.932

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:08:03

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDJ5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:22:00
Nº Rexistro: 54641
Data envío: 06/04/2026 17:22:00.347

Asinado o día 06/04/2026 ás 17:21
Por Olalla Rodil Ferné

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a instalación dunha cuberta no patio interior do Centro de Saúde de Figueiras (Coirós - A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Figueiras, situado no concello de Coirós, presenta unha deficiencia estrutural que afecta á accesibilidade para dar resposta a unha atención sanitaria con garantías de calidade plena.

O edificio conta cun patio exterior descuberto que constitúe o acceso principal ao centro. Mentres que as usuarias si que dispoñen dunha cuberta para as escaleiras e rampa que dá acceso ao centro de saúde desde o aparcadoiro, deben percorrer aproximadamente 12 metros polo patio interior até a porta de entrada sen ningún tipo de protección fronte á choiva ou ás inclemencias meteorolóxicas.

Esta situación resulta problemática nun país como Galiza, cunha climatoloxía caracterizada por frecuentes precipitacións e temporais ao longo do ano, que se agrava notablemente no caso de persoas maiores ou con mobilidade reducida.

Cómpre lembrar que esta demanda foi trasladada ao Pleno do Concello de Coirós polo BNG, sendo aprobada por unanimidade da corporación municipal. Porén, malia existir acordo institucional, até o momento non se teñen producido avances nin actuacións por parte da administración competente, a Xunta de Galiza.

Asinado o día 06/04/2026 ás 17:21
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 06/04/2026 ás 17:21
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A mellora proposta —a instalación dunha cuberta que protexa o itinerario de acceso— constitúe unha actuación de custo moderado, tecnicamente sinxela e de impacto inmediato na calidade do servizo público sanitario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a acometer, no menor prazo posíbel, unha cuberta que garanta un acceso protexido ao interior do Centro de Saúde de Figueiras de Coirós (A Coruña).”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 06/04/2026 17:21:20

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2026 17:21:26

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2026 17:21:31



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:22:00
Nº Rexistro: 54641
Data envío: 06/04/2026 17:22:00.347

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:22:01

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

Exposición de Motivos

En Galicia contamos con arredor de 11,1 millóns de parcelas catastrais catalogadas como rústicas pertencentes a 1,73 millóns de titulares, das que uns 8 millóns son forestais. Sen dúbida esta realidade leva parella unha dificultade na xestión eficiente e eficaz daqueles trámites administrativos directamente relacionados coas devanditas parcelas e titulares.

A Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia regula no seu artigo 122 e seguintes o réxime normativo de aplicación para as agrupacións forestais de xestión conxunta (AXFC), en particular o artigo 122 quater regula o seu recoñecemento e a inscrición no Rexistro administrativo de agrupacións forestais de xestión conxunta declarado no artigo 126 de dita norma.

Doutra banda a Lei 7/2012, en concreto no seu artigo 125 ter, recóllese o Rexistro voluntario de silvicultores/ as activos/as (SA), en concreto no artigo 125 ter, sobre o recoñecemento e inscrición no dito rexistro.

As agrupacións forestais de xestión conxunta así como as persoas silviculturas activas veñen de ser chamadas a xogar un papel fundamental no desenvolvemento do sector forestal de Galicia, ambas as dúas figuras atópanse incluídas nas directrices da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia, “Cara á neutralidade carbónica”, en concreto no Eixo III onde se recolle o fomento de fórmulas de mobilización de terras e fomento destas agrupacións.

Dende o grupo parlamentario popular promoveuse a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, aprobada no mes de maio do 2021, co obxecto de levar a cabo a mobilización da terra produtiva, como impulso ao sector primario e ampliación da base territorial das explotacións.





O fomento da mobilidade das terras forestais en Galicia debe situarse no marco xeral da política de ordenación de usos e recuperación e posta en valor das terras agrarias. Dito fomento debe, de xeito prioritario, promover a dispoñibilidade dos terreos ás diferentes iniciativas de xestión conxunta dos terreos forestais, independentemente do grao de compromiso dos titulares forestais que as compoñan.

Para o beneficio do forestal galego, entendemos que resulta prioritario avanzar no desenvolvemento dos obxectivos do plan forestal mediante a posta en marcha de procedementos voluntarios para a activación da xestión forestal privada e a promoción e desenvolvemento dunha cultura de xestión conxunta a través das distintas figuras asociativas que contribúan á mobilización das terras infrautilizadas e á loita contra o abandono do rural.

Isto constitúe ademais un avance na dixitalización do sector forestal mellorando a eficiencia na tramitación administrativa das solicitudes.

A maior parte dos propietarios forestais particulares en Galicia dispoñen dun certo número de parcelas de dimensión insuficiente para aplicar unha xestión racional e profesionalizada. Segundo os datos rexistrados polo Sistema de información xeográfica de identificación de parcelas agrícolas (Sigpac), Galicia alberga case 8 millóns de parcelas de uso forestal, preto da terceira parte (30 %) dos recintos de uso forestal de toda España: a superficie media por parcela de uso forestal de Galicia excede apenas dun cuarto de hectárea (0,28 hectáreas).

No caso do monte privado particular/familiar, o minifundismo favorece unha produtividade e rendibilidade unitaria pouco elevada, agravado pola carencia de pautas adecuadas de silvicultura, o que se acompaña dunha falta de capitalización, dificultade de comercialización de produtos forestais en calidade e cantidade e baixa competitividade.

Nesas circunstancias, o aproveitamento dos recursos forestais do monte galego efectúase moi por baixo das súas posibilidades como consecuencia da falta de xestión activa. A incidencia de incendios exerce un importante efecto disuasorio aos investimentos e traballos no monte, de modo que moitos propietarios optan por unha mera actividade recolectora ocasional mediante aproveitamentos de madeira, opción que non resulta aceptable no caso de formacións forestais de alto grao de combustibilidade.

As perspectivas para un futuro inmediato, cun proceso de envellecemento e despoboamento rural acelerados, indicarían graves dificultades por parte dos propietarios forestais incluso para coñecer a localización das súas leiras.





As ferramentas básicas con que se conta para modificar ese problema estrutural son as reestruturacións parcelarias, o fomento de fórmulas de xestión conxunta e a activación e dinamización da xestión forestal activa mediante o recoñecemento e fomento das agrupacións forestais de xestión conxunta e a concienciación de silvicultor no propietario galego de terreos forestais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a consolidar e desenvolver todas as medidas de apoio necesarias para seguir impulsando as agrupacións forestais de xestión conxunta.”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 17:32:35



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 17:45:37
Nº Rexistro: 54646
Data envío: 06/04/2026 17:45:37.221

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 17:45:37

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cecilia Vázquez Suárez, Rubén Lorenzo Gómez, María Felisa Rodríguez Carrera, Víctor Manuel Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Carmen María Pomar Tojo e Raúl Santamaría González**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 4ª, Educación e Cultura**

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para consolidar e ampliar a oferta de Formación Profesional acelerada e seguir desenvolvendo o Plan Conecta

Exposición de Motivos

A Formación Profesional galega consolidouse como un eixo estratéxico para o desenvolvemento económico e social, configurándose como unha ferramenta clave para a cualificación profesional, a inserción laboral e a cohesión territorial.

Nos últimos anos produciuse unha profunda transformación do sistema, que se traduce nun incremento sostido do seu prestixio, da confianza das empresas e das familias, e da súa utilidade para o emprego e a economía. Así o acreditan os datos: no curso 2025-2026 acadouse un máximo histórico de 71.229 persoas matriculadas, máis do dobre que no curso 2008-2009, nesta modalidade.

O avance da FP foi acompañado dunha oferta formativa que tamén experimentou unha notable expansión e especialización, con máis de 25 opcións formativas pertencentes a 25 familias profesionais, con presenza en todo o territorio e especial incidencia no ámbito rural.

Toda esta expansión non se podería entender sen a implicación empresarial, outro dos piares do modelo galego. Nos últimos cinco anos, máis de 21.500 empresas colaboraron coa FP, consolidando unha conexión efectiva entre o ámbito educativo e o mercado laboral. Esta realidade tradúcese en elevados niveis de inserción laboral, que superan o 85% e chegan a practicamente o 100% no caso da FP Dual, triplicando os datos de hai quince anos.

A Xunta de Galicia acaba de publicar o novo decreto que regulará estas ensinanzas para avanzar en cinco grandes eixos, entre os que destaca de maneira especial a necesidade de dar pasos cara a unha oferta formativa cada vez máis especializada e flexible, capaz de responder con axilidade ás demandas cambiantes do mercado laboral e das persoas.



A realidade económica actual, marcada por transformacións tecnolóxicas constantes e pola aparición de novos perfís profesionais, esixe sistemas formativos dinámicos, que permitan cualificar ás persoas nun curto espazo de tempo e facilitar a súa incorporación inmediata ao emprego. Neste marco, xa Galicia deu pasos pioneiros co impulso da formación de alta especialización e, especialmente, coa posta en marcha da FP acelerada, unha modalidade innovadora que permite obter certificacións profesionais oficiais en períodos reducidos.

A FP acelerada configúrase como unha resposta eficaz ás necesidades de cualificación, ao ofrecer formación en módulos de curta duración —entre catro e seis meses—, organizados en diferentes períodos ao longo do ano, o que facilita tanto a flexibilidade como a conciliación coas necesidades das persoas e das empresas.

Así, a formación acelerada non só responde ás necesidades inmediatas do mercado laboral, senón que se configura como unha vía complementaria e flexible dentro do sistema, permitindo ás persoas continuar a súa formación ao longo da vida.

Por todo o exposto, resulta necesario seguir avanzando na consolidación e ampliación desta modalidade, reforzando a súa implantación e garantindo que chegue a un maior número de persoas e sectores produtivos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1.º Consolidar e ampliar a oferta de Formación Profesional acelerada, garantindo que esta modalidade chegue a máis persoas e sectores produtivos con alta demanda de cualificación.
- 2.º Continuar co desenvolvemento do Plan Conecta, reforzando a colaboración con empresas e entidades locais para identificar necesidades de cualificación e adaptar a oferta formativa de maneira áxil e flexible ao territorio”

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 06/04/2026 18:06:39



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 18:08:25
Nº Rexistro: 54650
Data envío: 06/04/2026 18:08:25.221

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 18:08:25

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 18:29:48
Nº Rexistro: 54651
Data envío: 06/04/2026 18:29:48.981

Asinado o día 06/04/2026
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González**, **Sonia Vidal Lamas** e do deputado **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**, relativa á actuación da Consellería do Medio Rural na sinatura de contratos do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado 1 de abril de 2026, tras unha firma de contratos entre as empresas lácteas e os gandeiros galegos, onde estes non tiveron capacidade negociadora sobre o seu produto, o prezo do leite galego mingou de xeito esaxerado a pé de granxa. Así, as baixadas sitúan o prezo por litro en 8 ou máis céntimos menos que no período anterior, sen que aparentemente a situación estatal e europea sufrise cambios tan significativos coma para tales variacións de cotizacións, que afectan gravemente ás explotacións do país, que se enfrontan a situacións complexas nos próximos meses.

Á baixada do prezo do leite súmase na actualidade a suba dos custos de produción derivados da escalada bélica que EEUU e Israel iniciaron recentemente contra o Irán, vulnerando o dereito internacional e a soberanía dos pobos en favor de intereses xeopolíticos existentes. Desta maneira, os gandeiros e gandeiras galegas están a producir, na maior parte dos casos, por debaixo dos custos de produción feito que, de permitirse e perpetuarse dará lugar a unha situación economicamente complicada no noso rural, xa acaecido dun grave abandono, especialmente esaxerado no caso do sector leiteiro, onde cada ano pechan mais de 300 explotacións de vacún leiteiro.

Asinado o día 06/04/2026 ás
18:28
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 06/04/2026 ás
18:28
Por Ariadna Fernández González





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Malia gravidade da situación e a resistencia de gandeiros á firma de contratos, a realidade é que moitos deles, nas derradeiras horas do 31 de marzo accederon á sinatura dos mesmos polo medo a que a recollida do seu produto fose suspendida, feito que tivo lugar en casos onde dita sinatura non se produciu. Nestas explotacións o produto está a botarse a perder, de maneira que os propietarios están a sufrir baixadas incalculables nos seus beneficios, que afectarán negativamente á pervivencia das súas empresas nun moi curto prazo de tempo.

Aínda que o sector lácteo galego é unha potencia a nivel estatal e europeo tanto pola súa calidade coma pola cantidade que producimos, o goberno da Xunta de Galiza non pon medidas a disposición para evitar que os nosos gandeiros se vexan inmersos nunha volatilidade e inestabilidade que impide darlle a seguridade necesaria ao sector e que anime a quen participa del a continuar con esta actividade, feito que lle afecta gravemente á existencia de relevo xeracional. Un claro exemplo foi a falla de actuación clara por parte da Consellería de Medio Rural no caso desta recente renovación de contratos á baixa, onde dende o goberno non amosou a decisión, determinación e interese necesario para evitar que as baixadas de prezos foran executadas sen reunións previas entre todos os elos da cadea onde o goberno mantívese un papel activo nas negociacións que garantise a transparencia nos contratos e a equidade na participación entre produtores e industria. Así, as prácticas abusivas e unilaterais imperaron nesta nova sinatura de contratos, que os gandeiros aceptaron como única opción existente e sen que nin a Mesa do Sector Lácteo con todos os membros presentes, nin o Observatorio do Sector Lácteo fosen convocados e aportasen igualdade entre as partes e información ao respecto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Proceder con carácter urxente a convocar a Mesa do Leite para reunir a produtores, industria e distribución e proceder a un diálogo en igualdade de condicións entre eles, onde se garanta que as transaccións comerciais son transparentes e non existen prácticas unilaterais e abusivas, reformulando os contratos recentemente firmados para adaptalos á realidade dos custos de produción das explotacións galegas.

2. Reunir con carácter urxente ao Observatorio do Sector Lácteo para proceder á análise pormenorizada do momento actual que atravesamos o sector lácteo, achegando informes sobre situación actual das ganderías de leite, custos de produción tras o aumento derivado da guerra en Irán e previsións de futuro próximo tras a baixada de prezos en orixe”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 06/04/2026 18:28:49

Sonia Vidal Lamas na data 06/04/2026 18:28:55

Secundino Fernández Fernández na data 06/04/2026 18:29:02

Luis Bará Torres na data 06/04/2026 18:29:07



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2026 18:29:48
Nº Rexistro: 54651
Data envío: 06/04/2026 18:29:48.981

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 06/04/2026 18:29:50

CSV: BOPGDSPG-3g6AnwDj5-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

